

# Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020



XUNTA DE GALICIA








# Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

**Xunta de Galicia**

Consellería de Política Social

Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Santiago de Compostela, 2017



© da edición, Xunta de Galicia. 2017. Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.

EDITA: Consellería de Política Social, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Ed.rev., 2017

URL: <https://libraria.xunta.gal/gl/estratexia-galega-sobre-discapacidade-2015-2020>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.Compartirlgual 4.0 España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite: [https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES)

---

# Presentación

O benestar da cidadanía e a erradicación dos obstáculos que impiden a plena participación na sociedade das persoas con máis dificultades constitúen piares esenciais da política social do Goberno galego.

Conscientes da necesidade de eliminar os atrancos existentes que dificultan a inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, preséntase a **Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020**, instrumento de planificación que o Goberno da Xunta de Galicia pon ao servizo da comunidade para seguir avanzando na igualdade de oportunidades e na aceptación das diferenzas para un grupo de poboación heteroxéneo con necesidades e demandas diversas.

A aprobación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013 representou un paso esencial para a harmonización das distintas iniciativas dirixidas ás persoas con discapacidade e ás súas familias. Este esforzo en materia de planificación pero tamén orzamentario nun escenario de dificultade, permitiu avances no xeito de abordar a discapacidade, logros aos que cómpre dar continuidade e seguir mellorando naqueles aspectos nos que sexa preciso, mediante o reforzo e a optimización dos recursos dispoñibles para a atención e incidindo na innovación, a investigación e a calidade como dimensión de mellora da xestión dos servizos e programas que se dirixen a esta parte da poboación.

Esta estratexia pretende ademais afondar no empoderamento do seu principal colectivo destinatario: as persoas con discapacidade. Imbuída pola filosofía da Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade, ten por obxecto impulsar accións que contribúan a que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan gozar dunha vida autónoma e independente e teñan poder de decisión sobre a súa propia vida, conforme ao dereito de libre desenvolvemento da súa personalidade. Ademais, reforzaranse os aspectos que contribúan a unha verdadeira participación activa na comunidade, sen esquecer a importancia da accesibilidade para facelo factible, dimensión que seguirá a ser fortalecida na planificación para os vindeiros anos.

Así mesmo, as accións planificadas incorporarán a perspectiva de xénero en todas as fases de desenvolvemento, desde o seu deseño ata a intervención, en cumprimento do principio de mainstreaming e como resposta á discriminación e á falta de oportunidades que afectan con maior intensidade ás mulleres con discapacidade.

A Estratexia nace do traballo conxunto da Administración autonómica galega e das propias persoas con discapacidade a través do movemento asociativo que as representa, a partir

dunha filosofía de colaboración e consenso entre institucións e sociedade civil que permitiu elaborar un documento cun total de 479 actuacións para seren desenvolvidas no horizonte 2020.

Quérese poñer o acento, polo tanto, na importancia da corresponsabilidade social, plasmada tanto no deseño como na posta en marcha desta iniciativa estratéxica, que foi posible grazas ao traballo dos distintos departamentos da Administración autonómica e das entidades sociais representativas das persoas con discapacidade en Galicia, ás que quero agradecer, xunto con outros colectivos profesionais que traballan neste ámbito, todo o apoio prestado na elaboración da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020.

Desde o convencemento de que a inclusión social desta parte da poboación require da acción concertada de distintos actores sociais: as propias persoas con discapacidade, as súas familias, movemento asociativo do ámbito da discapacidade, representantes dos cidadáns e cidadás, profesionais, axentes sociais... o Goberno galego volve facer unha importante aposta pola igualdade e a participación das persoas con discapacidade impulsando esta estratexia.

A través desta e sempre coa necesaria implicación do conxunto da sociedade galega, seguirase avanzando na eliminación das barreiras que impiden que as persoas con discapacidade gocen plenamente e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos.

**José Manuel Rey Varela**

**Conselleiro de Política Social**

# Índice

Presentación .....	7
1. Introducción .....	11
2. Marco teórico-normativo e de referencia .....	15
2.1 Un novo enfoque para conceptualizar a discapacidade.....	15
2.2 Marco xurídico da discapacidade: avances normativos e modificacións derivadas da aplicación da convención dos dereitos das persoas con discapacidade.....	18
2.3 A Esgadi no marco da política social do Goberno galego.....	29
3. Caracterización da poboación con discapacidade en Galicia.....	33
3.1 Consideracións previas sobre a medición estatística da discapacidade .....	33
3.2 Caracterización básica da poboación con discapacidade administrativamente recoñecida....	35
4. Principios da Estratexia e criterios para a acción.....	43
5. Estrutura da estratexia.....	47
5.1 Estrutura matriz.....	47
5.2 Liñas transversais.....	49
6. Actuacións da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 .....	52
Liña estratéxica 1 Accesibilidade.....	53
6.1.1 Fundamentos e descrición .....	54
6.1.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	59
Liña estratéxica 2 Autonomía persoal .....	71

6.2.1 Fundamentos e descrición .....	72
6.2.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	80
Liña estratéxica 3 Educación .....	89
6.3.1 Fundamentos e descrición .....	90
6.3.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	96
Liña estratéxica 4 Formación e emprego .....	107
6.4.1 Fundamentos e descrición .....	108
6.4.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	115
Liña estratéxica 5 Saúde .....	131
6.5.1 Fundamentos e descrición .....	132
6.5.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	138
Liña estratéxica 6 Servizos Sociais .....	151
6.6.1 Fundamentos e descrición .....	152
6.6.2 Obxectivos operativos e actuacións.....	158
Anexo 1: metodoloxía .....	169
Anexo 2: resumo de liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos.....	175

# 1. Introducción

A **Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (ESGADI)** que se presenta neste documento constitúe a renovación do compromiso da Xunta de Galicia para avanzar na consecución da igualdade real das persoas con discapacidade e a súa plena inclusión social.

Este compromiso veuse materializando nos últimos anos a través do impulso e a posta en marcha de políticas e actuacións dirixidas a garantir os dereitos e mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade e as súas familias, accións que tiveron como principal instrumento impulsor o Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade de Galicia 2010-2013, no cal se recollía a planificación das actuacións para desenvolver neste eido coa implicación de todos os axentes sociais e departamentos administrativos con competencias naqueles ámbitos que atinxen a este grupo de poboación.

No marco do dito plan de acción, elaborado mediante unha metodoloxía netamente participativa que respondía a dous dos seus principios reitores, "cooperación e coordinación institucional" e "diálogo civil", deseñáronse e puxéronse en marcha un compendio de actuacións en distintas áreas destinadas a mellorar a atención e a promoción das persoas con discapacidade. Isto foi posible grazas non só á implicación das distintas administracións, senón tamén ao esforzo combinado e á colaboración das entidades de iniciativa social.

A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 supón a renovación dese reto, en tanto que pretende dar continuidade a dinámicas establecidas e que se demostraron positivas para a poboación con algunha discapacidade, situando no horizonte dos vindeiros anos a optimización e mellora dos recursos, para poder ofrecer uns apoios adecuados, suficientes e de calidade ás persoas con discapacidade e ás persoas que integran a súa unidade de convivencia.

Igual que o seu instrumento predecesor, a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 susténtase nunha metodoloxía de elaboración participativa na que interviñeron tanto o movemento asociativo do ámbito da discapacidade, como os departamentos da administración autonómica e colexios profesionais.

Precisamente, en resposta ás demandas das partes implicadas na súa elaboración, así como ás suxestións e demandas das entidades de iniciativa social e doutros axentes que participaron na execución e avaliación do plan anterior, a ESGADI estrutúrase en seis liñas estratéxicas coas que se pretende gañar en operatividade, claridade e sinxeleza para articular as políticas de intervención en materia de discapacidade para os próximos anos:

1) accesibilidade; 2) autonomía persoal; 3) educación; 4) formación e emprego; 5) saúde e 6) servizos sociais. A estas liñas estratéxicas incorpóranse de maneira transversal outras catro importantes dimensións: a accesibilidade; a participación; a investigación, innovación e calidade e a perspectiva de xénero.

A estratexia porase en marcha a través dun plan de acción que se desenvolverá en dúas fases: período 2016-2017 e período 2018-2020.

Polo que respecta á estrutura expositiva deste documento, iníciase cun capítulo dedicado ao marco teórico e de referencia da discapacidade (capítulo 2), no cal se realiza unha sucinta aproximación ao concepto de "discapacidade" así como ao desenvolvemento normativo máis recente derivado da aprobación e ratificación da Convención dos dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas.

O terceiro capítulo ofrece un perfil demográfico do principal colectivo destinatario desta estratexia, a poboación con discapacidade de Galicia, a partir dunha análise estatística dos principais datos do Censo de persoas con discapacidade da comunidade autónoma.

No cuarto capítulo defínense os principios que inspiran este instrumento de planificación, así como os seus criterios para a acción, mentres que no quinto se describe a súa estrutura matriz e liñas transversais, froito do labor conxunto emprendido polo departamento promotor da ESGADI, a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade (antes Secretaría Xeral de Política Social), as entidades representativas do ámbito da discapacidade e colexios profesionais vinculados ás políticas sociais que, respondendo á antedita filosofía de traballo colaborativo, participaron desde o inicio no deseño deste instrumento de planificación.

O núcleo deste documento represéntao o capítulo seis, no que se expón o conxunto de actuacións programadas para o período 2015-2020 no marco da Estratexia galega sobre discapacidade. Como resultado dun proceso de definición e priorización de medidas orientado polos principios de "colaboración institucional"; "diálogo civil e corresponsabilidade" e "integralidade e transversalidade das políticas en materia de discapacidade", no que participaron tanto as distintas consellerías da Xunta de Galicia no ámbito das súas respectivas competencias sectoriais, como as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias, foi posible elaborar un compendio de actuacións estruturadas en liñas estratéxicas e obxectivos operativos.

Para cada unha das seis liñas estratéxicas reproducése a mesma secuencia expositiva:

- Dedicase unha primeira epígrafe, “Fundamentos e descrición”, ás argumentacións sobre a necesidade e idoneidade da planificación de actuacións nese eido, en base aos datos estatísticos dispoñibles e a outro tipo de información relevante que xustifican a selección de obxectivos operativos realizada.
- Un segundo apartado, “Obxectivos operativos e actuacións”, no que se describen as actuacións que se porán en marcha para a consecución dos obxectivos operativos formulados.

Por último, pecha o documento un anexo no que se describe o proceso metodolóxico desenvolvido na elaboración da Estratexia.



## 2. Marco teórico-normativo e de referencia

### 2.1 UN NOVO ENFOQUE PARA CONCEPTUALIZAR A DISCAPACIDADE

Nos últimos tempos a sociedade actual foi experimentando cambios profundos no modo de conceptualizar, visibilizar e abordar a discapacidade, tanto no plano político, legal como operativo. Estes cambios reflíctense na **introdución do enfoque dos dereitos humanos** no tratamento e atención da discapacidade e tamén nas **accións para abordar as desigualdades**.

Os modelos evolucionaron desde a visión tradicional da persoa con discapacidade como paciente (ou usuaria de servizos) cara a unha visión integradora dos factores biolóxicos, psicolóxicos e sociais que afectan a persoas con discapacidade na súa actividade e na súa participación social.

É moi importante coñecer o enfoque que se lle dá a este concepto no momento actual, sobre todo se se ten en conta que todas as persoas poden sufrir algún tipo de discapacidade, transitoria ou permanente, nalgún momento da súa vida, xa sexa por cuestións accidentais ou polo envellecemento.

A partir da elaboración da Clasificación internacional do funcionamento, da discapacidade e da saúde (CIF 2001, OMS), a Organización Mundial da Saúde constrúe un novo concepto de discapacidade que se sustenta na conexión entre as distintas dimensións que interveñen na discapacidade: a biolóxica, a persoal e a social, para incidir de maneira complementaria sobre cada unha delas.

O funcionamento dunha persoa enténdese como unha relación complexa ou interacción entre a condición de saúde e os elementos contextuais (ambientais e persoais). Os elementos contextuais interactúan coa persoa cunha condición de saúde e determinan o nivel e a extensión do seu funcionamento. Baséase na integración de dous modelos utilizados para definir a discapacidade: dunha banda, o modelo rehabilitador, que considera a discapacidade como unha situación da persoa directamente causada por unha enfermidade, trauma ou condición de saúde, e que require dunha intervención médico-profesional. Neste caso, o énfase está na persoa e na súa "deficiencia", caracterizada como unha anomalía patolóxica que impide á persoa realizar actividades que si poden realizar a maioría das persoas.

Doutra banda, o modelo social da discapacidade, segundo o cal esta ten unha orixe social e debe tratarse como un asunto centrado na completa integración das persoas na sociedade. A discapacidade non é un atributo da persoa, senón un complicado conxunto de condicións, moitas das cales son creadas polo contexto ou o medio social. Segundo isto, non son as limitacións individuais a raíz do problema, senón as limitacións da propia sociedade para prestar servizos axeitados. Polo tanto, é fundamental a intervención social sendo responsabilidade colectiva da sociedade realizar as modificacións ambientais necesarias que permitan a participación plena das mulleres e dos homes con discapacidades en todas as áreas da vida social.

A CIF baséase, polo tanto, na integración destes dous modelos opostos. Utiliza un enfoque “biopsicosocial” e intenta conseguir unha síntese, para así proporcionar unha visión coherente das diferentes dimensións da saúde desde unha perspectiva biolóxica, individual e social.

Segundo esta clasificación internacional, o “funcionamento” indica a realización de actividades e a participación das persoas, mentres que a “discapacidade” indica as limitacións na súa actividade e as restricións na súa participación; isto é, as dificultades que unha persoa pode ter para o desempeño das actividades ou para involucrarse en situacións vitais. Deste xeito, a propia persoa, cunha determinada condición de saúde (trastorno ou enfermidade) e con posibles problemas nas súas funcións ou estruturas corporais, que poden implicar unha deficiencia, interactúa co seu contorno (ambiente físico, social de actitudes no que se move). Ademais, inflúen unha serie de factores persoais como o sexo, a raza, a idade, a forma física, os estilos de vida, os hábitos etc.

As interaccións que se producen entre todos estes elementos, poden supoñer para a persoa un desenvolvemento vital funcional e a participación en todos os ámbitos da súa vida; ou, pola contra, pode implicar ter disfuncións para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, para a súa autonomía e participación.

En definitiva, dentro deste novo modo de explicar a discapacidade e as súas implicacións, **o contexto social é un factor indispensable** para posibilitar ou impedir que a persoa desenvolva ao máximo o seu potencial de capacidade e goce dos mesmos dereitos e oportunidades que o resto da cidadanía.

Por todo iso, as necesidades ligadas á discapacidade deben pasar tanto por intervencións ou actuacións de carácter singular, como por cambios no contorno máis inmediato da persoa (fogar, espazos educativos e de traballo, instalacións para o lecer, establecementos comerciais e de hostalería...), nas estruturas sociais formais e informais da comunidade (comunicacións, transportes, políticas de emprego etc.) e nas normas e prácticas que rexen o comportamento e a vida social das persoas.

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade incardínase neste novo enfoque, ao superar o modelo rehabilitador e incorporar os modelos social e da diversidade. En concreto, no seu preámbulo, sinala que *a discapacidade é un concepto que evoluciona e que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias e as barreiras debidas á actitude e ao contorno que evitan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais persoas.*

O **modelo social** pretende poñer de manifesto que os obstáculos aos que se deben enfrontar as persoas con discapacidade teñen a súa orixe nas limitacións da sociedade para prestar servizos apropiados e para asegurar adecuadamente que as súas necesidades sexan tidas en conta dentro da organización social. O **modelo da diversidade**, relacionado co social, incide no valor das persoas con discapacidade por si mesmas, en tanto que a súa presenza nas sociedades representa un verdadeiro factor de enriquecemento.

Para completar o cambio conceptual que se ven producindo nos últimos anos, tal e como sinala a Convención internacional dos dereitos das persoas con discapacidade, debe terse en conta que a nivel mundial a maioría das persoas con discapacidade viven en condicións de pobreza e sofren procesos de exclusión social. A este respecto é importante previr o papel que a pobreza e a exclusión poden ter en futuros modelos de intervención coas situacións de discapacidade.

A **inclusión plena e efectiva das persoas con discapacidade na sociedade en igualdade de oportunidades** está no centro da Convención, como principio, e polo tanto tamén debe guiar as políticas sociais das administracións públicas. Disto, despréndese que xa non se trata tanto de que as persoas con discapacidade se recuperen e adapten para integrarse na sociedade, senón que é esta quen as ten que incluír. Se se considera que as causas que orixinan a discapacidade son sociais, as solucións non deben dirixirse á persoa afectada de forma individual, senón máis ben á propia sociedade.

Para iso é preciso, en consonancia con estes novos modelos, unha **nova orientación das políticas que deben desenvolver os poderes públicos, para que as persoas con discapacidade dispoñan dos medios e condicións necesarias que posibiliten o seu pleno desenvolvemento en todos os ámbitos da vida**, para lograr a súa máxima autonomía persoal na comunidade, posibilitar o exercicio do seu poder de decisión sobre a súa propia existencia e participar activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade (vida autónoma).

Esta **nova forma de actuar** debe **acentuar a dimensión social** da discapacidade e as **liñas de actuación centradas na defensa dos dereitos e a inclusión social**, para conseguir un verdadeiro avance no recoñecemento e exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade.

# 2.2 MARCO XURÍDICO DA DISCAPACIDADE: AVANCES NORMATIVOS E MODIFICACIÓNS DERIVADAS DA APLICACIÓN DA CONVENCIÓN DOS DEREITOS DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Como se indicou na anterior epígrafe, este novo enfoque da discapacidade trasladouse ao ámbito da produción xurídica na materia. Neste apartado realízase, pois, unha aproximación ao desenvolvemento normativo máis relevante acontecido na última década a partir da aprobación da mencionada Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade. Así mesmo, inclúese unha análise das principais directrices e instrumentos para a articulación das políticas públicas neste ámbito.

O principal referente xurídico a nivel mundial no ámbito da discapacidade constitúeo a **Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, adoptada polas Nacións Unidas o 13 de decembro de 2006 e ratificada por España o 3 de maio de 2008. O seu propósito é *promover, protexer e asegurar o goce pleno e en condicións de igualdade de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais por todas as persoas con discapacidade e promover o respecto da súa dignidade inherente*. Como contidos de relevancia deste texto normativo poden destacarse os seguintes preceptos:

- **Artigo 5- Igualdade e non discriminación.** Os Estados partes recoñecen que todas as persoas son iguais ante a lei e en virtude dela teñen dereito a igual protección legal e a beneficiarse da lei en igual medida sen discriminación ningunha. Prohibirán toda discriminación por motivos de discapacidade e garantirán a todas as persoas con discapacidade protección legal igual e efectiva contra a discriminación por calquera motivo.
- **Artigo 6- Mulleres con discapacidade.** Recoñece que mulleres e nenas con discapacidade están suxeitas a múltiples formas de discriminación e, a ese respecto, adoptarán medidas para asegurar que poden gozar plenamente e en igualdade de condicións de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais.
- **Artigo 9 -Accesibilidade.** "Para permitir ás persoas con discapacidade vivir con autonomía e participar plenamente de todos os aspectos da vida, os estados partes adoptarán as medidas apropiadas para garantir o acceso de persoas con discapacidade, en condicións de igualdade coas demais persoas, ao medio físico, transporte, información e comunicacións, incluíndo sistemas e tecnoloxía da

información e comunicacións e outros servizos e instalacións abertos ao público e instalacións públicas, tanto en áreas urbanas como rurais.”

- **Artigo 25 -Saúde.** “Os estados partes recoñecen que as persoas con discapacidade teñen dereito a gozar do mellor estado de saúde posible, sen discriminación por razón de discapacidade. Adoptaranse as medidas adecuadas para garantir o acceso das persoas con discapacidade a servizos de saúde que teñan en conta os problemas de xénero, incluíndo a rehabilitación relacionada coa saúde.”
- **Artigo 33- Participación.** “A sociedade civil, e en particular as persoas con discapacidade e as organizacións que as representan, estarán integradas e participarán plenamente en todos os niveis do proceso de seguimento”.

Na cúspide do ordenamento xurídico español, a **Constitución española** de 1978 recoñece a igualdade ante a lei (artigo 14), sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O artigo 9.2 establece que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación na vida política, cultura e social”. Neste sentido, os dereitos fundamentais deben ser garantidos polos poderes públicos mediante políticas axeitadas que permitan establecer as condicións necesarias para que a igualdade de oportunidades sexa efectiva para todas as persoas.

E de maneira específica, o artigo 49 establece que os poderes públicos levarán a cabo unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade, ás que prestará a atención especializada que requiran e ás que amparará especialmente para o goce dos seus dereitos.

Nos últimos anos realizáronse importantes avances na adaptación da normativa española á Convención dos dereitos das persoas con discapacidade desde entrada desta e do seu Protocolo facultativo ao ordenamento xurídico español. A raíz disto, creouse un novo marco xurídico en materia de discapacidade a nivel mundial que, para a súa plena eficacia, precisaba do compromiso dos estados parte, que se comprometeron a través da súa ratificación a asegurar o pleno exercicio dos dereitos que recolle a Convención mediante a realización dos axustes normativos necesarios para facelos efectivos, ben a través da aprobación de novas medidas legislativas, ben mediante a modificación ou derogación de normas existentes.

España comeza en 2008 ese proceso de análise, adaptación e revisión transversal de toda a lexislación interna vixente e empeza a materializarse no ano 2010 en cuestións como

accesibilidade, emprego e cotas de reserva, igualdade de oportunidades e non discriminación, saúde, formación, acceso á vivenda etc., que comezan a regularse de conformidade ao texto da Convención.

Constitúe un feito clave no marco deste proceso a aprobación da **Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade**. O obxectivo desta norma non é outro que a adecuación concreta da regulación española en materia de discapacidade ás directrices marcadas pola Convención da ONU e que modificou unha vintena de leis froito do compromiso adquirido por España ao ratificar o tratado internacional.

Algunhas das leis modificadas son, entre outras: a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal (LIONDAU); a Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordocegas; a Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal; a Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde etc.

Tras a publicación e entrada en vigor da Lei 26/2011, do 1 de agosto, de adaptación normativa á Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade procedeuse á adaptación da regulación regulamentaria na materia, mediante a publicación do **Real decreto 1276/2011, do 16 de setembro, de adaptación normativa á convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade**, que modifica once reais decretos e afecta a ámbitos diversos, como transportes, tecnoloxías, sanidade, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e os medios de comunicación social.

A Disposición derradeira final segunda da Lei 26/2011 contiña unha autorización ao Goberno para a refundición de varios textos legais no prazo dun ano desde a entrada en vigor da dita norma, posteriormente modificada na disposición derradeira quinta da Lei 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos, e amplíase o prazo para aprobar o texto refundido sinalando unha data concreta: “antes do 31 de decembro de 2013”.

Finalmente, o 3 de decembro de 2013, data na que se celebra o Día Internacional das Persoas con Discapacidade, publicouse no Boletín Oficial do Estado o **Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social**.

A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social ten como obxecto **a regularización, aclaración e harmonización de tres leis emblemáticas, que quedan derogadas coa publicación deste real decreto**. Son as seguintes:

- **A Lei 13/82, de integración social del minusválido (LISMI)**<sup>1</sup>, foi a primeira lei aprobada en España dirixida a regular a atención e os apoios ás persoas con discapacidade e ás súas familias, ao amparo dos artigos 9, 10, 14 e 49 da Constitución, e supuxo un avance relevante para a época. Entendía que o amparo especial e as medidas de equiparación para garantir os dereitos das persoas con discapacidade consistían basicamente en apoios complementarios, axudas técnicas e servizos especializados que lles permitise vivir coa máxima “normalidade” posible tanto nos seus fogares como na comunidade. Contiña unha serie de principios que posteriormente se incorporaron ás leis de sanidade, educación e emprego.
- **A Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU)**, complementando á anterior, supuxo un renovado impulso ás políticas de equiparación das persoas con discapacidade, centrándose especialmente en dúas estratexias de intervención: medidas contra a discriminación e medidas de acción positiva.

Co obxecto de poder exercer a protección e defensa dos dereitos, aprobouse un sistema de arbitraje para resolver conflitos en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade por razón de discapacidade e evitar ter que recorrer a un procedemento contencioso, máis prolongado e custoso. Este mecanismo aprobouse por Real decreto 141/2006, do 1 de decembro, polo que se establece o sistema arbitral para a resolución de queixas e reclamacións nesta materia.

- Isto vese reforzado coa **Lei 49/2007, do 26 de decembro, pola que se establece o réxime de infraccións e sancións en materia de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal**, na que se regulan as medidas punitivas, cando se actúa de forma discriminatoria, directa ou indirectamente, coas persoas con discapacidade, previstas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal -LIONDAU e aplicadas por esta lei.

A harmonización das tres leis sinaladas crea un novo marco xurídico que resultaba necesario dadas as modificacións que se experimentaron nestes anos, así como o substancial cambio do marco normativo dos dereitos das persoas con discapacidade. Esta tarefa tivo como referente principal a Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con

---

<sup>1</sup> A normativa que se relaciona neste capítulo transcríbese de maneira literal, tal e como foi publicada. Isto quere dicir que se respecta a terminoloxía utilizada na súa publicación, aínda que non responda ás recomendacións existentes na actualidade, tanto no que respecta aos termos empregados en relación á discapacidade como desde a perspectiva da linguaxe de xénero.

discapacidade. Por isto, ademais de revisar os principios que informan a lei conforme ao previsto na Convención, na súa estrutura dedícase un título específico a determinados dereitos das persoas con discapacidade. Tamén se recoñece expresamente que o exercicio dos seus dereitos realizarase de acordo co principio de liberdade na toma de decisións.

Desde o enfoque da Convención faise un recoñecemento xurídico expreso de que **as persoas con discapacidade son titulares de dereitos** e os poderes públicos están obrigados a garantir o seu exercicio pleno, superándose o concepto asistencial de décadas pasadas.

O Texto refundido do Real decreto legislativo consta de 105 artigos, un título preliminar e tres títulos máis, 12 disposicións adicionais, unha disposición transitoria e tres disposicións finais, e incorpora a totalidade de contidos das tres leis refundidas.

Por destacar algún dos seus preceptos:

- O **artigo 4** recolle quen son titulares dos dereitos recoñecidos nesta lei, definindo as persoas con discapacidade e aclarando os requisitos necesarios para o recoñecemento do grao de discapacidade e o dereito aos servizos, prestacións e demais beneficios previstos na lei.

Considéranse persoas con discapacidade:

1. As que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.
2. E as persoas ás que se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. Neste grupo inclúense tamén a pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou grande invalidez, e pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

O recoñecemento do grao de discapacidade efectuarase polo órgano competente nos termos desenvolvidos regulamentariamente e a súa acreditación terá validez en todo o territorio nacional.

- O **artigo 6** consagra a autonomía das persoas con discapacidade e recolle que o principio de liberdade na toma de decisión rexerá o exercicio dos seus dereitos recollidos na lei. Contempla, ademais, a garantía de que a información e o consentimento se realicen en formatos axeitados e de acordo ás circunstancias persoais, seguindo as normas marcadas polo principio de deseño para todas as persoas.

.....  
1. O exercicio dos dereitos das persoas con discapacidade realizarase de acordo co principio de liberdade na toma de decisións.

2. As persoas con discapacidade teñen dereito á libre toma de decisión. Para que isto sexa posible, a información e o consentimento efectuarase en formatos adecuados para que lles resulten accesibles e comprensibles e de acordo coas circunstancias persoais, seguindo as regras marcadas polo principio de deseño universal ou deseño para todas as persoas.  
.....

Pero a adaptación normativa emprendida por España non remata aquí, e como mostra do cumprimento do compromiso adquirido, e entre as medidas postas en marcha nos últimos anos para garantir a plena aplicación do Tratado internacional, poden tamén salientarse, entre outras:

- no ámbito da xustiza, a creación de fiscalías especializadas que garanten o cumprimento do artigo 13 da Convención en materia de acceso á xustiza para o tratamento de cuestións relacionadas con discapacidades e tutelas no marco das correspondentes Seccións do Civil, e creación de xulgados especializados en materia de discapacidade nas ordes xurisdicionais civil, social e contencioso-administrativo;
- no ámbito da participación e o diálogo civil a creación dun Comité cidadán de apoio e asesoramento ao CERMI nas súas funcións como órgano oficial de seguimento da aplicación en España da Convención, a creación do Foro para a inclusión educativa do alumnado con discapacidade polo Ministerio de Educación como órgano colexiado etc.

Ademais, outros exemplos de avances normativos producidos en distintos ámbitos tras a entrada en vigor da Convención son: a Lei 29/2009, do 30 de decembro, pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios; a Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual; o Real decreto 422/2011, do 25 de marzo, polo que se aproba o regulamento sobre as condicións básicas para a participación das persoas con discapacidade na vida política e nos procesos electorais, e o Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público.

Á marxe deste desenvolvemento normativo cómpre referirse a outras importantes leis estatais que atinxen ás persoas con discapacidade:

- **A Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia**, unha norma que pretende

dar resposta a un dos principais retos da política social nos países desenvolvidos, como é o de atender as necesidades das persoas que requiren apoio para realizar as actividades básicas da vida cotiá. Así, segundo refire o seu artigo 1, esta lei ten por obxecto regular as condicións básicas que garantan a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, nos termos establecidos nas leis. Para iso contempla a creación dun Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), coa colaboración e participación de todas as administracións públicas e a garantía pola Administración xeral do Estado dun contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns e cidadás en calquera parte do territorio do Estado español.

- A **Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE)**, co fin de garantir a equidade, no Título II aborda os grupos de alumnos e alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e velar polo establecemento dos recursos precisos para lograr a súa plena inclusión a través de atencións de apoio específico ante desaxustes sociais, de discapacidade física, psíquica, sensorial ou por manifestacións con trastornos graves de conduta. Esta Lei modificouse pola **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, publicada no Boletín Oficial do Estado do 10 de decembro de 2013. Entre outras modificacións, engade unha sección cuarta e un artigo 84 bis ao capítulo I do mencionado Título II da Lei, Equidade na educación, dedicados ao “alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe”.

Xa no ámbito das **directrices políticas de carácter internacional**, cómpre referirse en primeiro termo ao **Plan de acción 2005-2016 do Consello de Europa para as persoas con discapacidade**<sup>2</sup>, que ten por obxecto establecer os fins e obxectivos do Consello de Europa en materia de dereitos fundamentais, de non discriminación, de igualdade de oportunidades, de cidadanía e de participación de pleno dereito das persoas con discapacidade nun marco europeo. O plan recoñece o principio fundamental segundo o cal a sociedade ten o deber ou a obriga para con todos os seus membros de procurar que os efectos da discapacidade se minimicen, mediante o apoio activo a estilos de vida sans, contornos máis seguros, asistencia sanitaria apropiada, rehabilitación e solidariedade social.

Deste xeito, este plan de acción propón un instrumento práctico para concibir e aplicar estratexias viables a fin de conseguir a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade e integrar as cuestións relativas á discapacidade en todas as áreas políticas dos

<sup>2</sup> Recomendación Rec(2006)5 do Comité de Ministros aos Estados membros sobre o Plan de Acción do Consello de Europa para a promoción de dereitos e a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Europa 2006-2015.

estados membros. Incide tamén en aspectos como o respecto á diversidade, a accesibilidade ao contorno, a inclusión no emprego, a promoción da integración social e a loita contra a marxinação e o fomento da participación.

No contexto das políticas da Unión, o instrumento que se elaborou como marco de acción a escala europea e nacional para abordar as distintas situacións de homes, mulleres e nenos e nenos con discapacidade é a **Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020**.

O obxectivo xeral desta Estratexia é capacitar ás persoas con discapacidade para que poidan gozar de todos os seus dereitos e se beneficien plenamente dunha participación na economía e na sociedade europeas, especialmente a través do mercado único. A Estratexia identifica medidas a escala da UE complementarias a actuacións dos estados membros e determina os mecanismos necesarios para aplicar a Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade na Unión Europea, centrándose sobre todo na supresión de barreiras, sen esquecer as propias institucións da UE.

Os ámbitos que esta Estratexia identifica como prioritarios para a acción son: accesibilidade, participación, igualdade, emprego, educación e formación, protección social, sanidade e acción exterior. A elección destes ámbitos responde ao seu potencial para contribuír aos obxectivos xerais da Estratexia Europa 2020 e da Convención, así como a partir dos documentos políticos nesta materia das institucións da Unión Europea e do Consello de Europa, os resultados do Plan de Acción da UE en materia de discapacidade (2003-2010) e unha consulta aos estados membros, ás partes interesadas e ao público en xeral.

Pola súa banda, a comunicación da Comisión da UE "**Europa 2020: unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador**"<sup>3</sup> sinala que o núcleo desta estratexia debería estar constituído por tres prioridades:

- Crecemento intelixente: desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento e a innovación
- Crecemento sustentable: promoción dunha economía que utilice máis eficazmente os recursos, que sexa verde e máis competitiva.
- Crecemento integrador: fomento dunha economía cun alto nivel de emprego que redunde na cohesión económica, social e territorial.

Esta estratexia sitúa o envellecemento da poboación como un dos retos que se han de afrontar<sup>4</sup> e, dentro da súa iniciativa emblemática "Unión pola innovación", a Estratexia propónse reconducir a política de I+D+i nos retos aos que se enfrenta a nosa sociedade:

<sup>3</sup> Comunicación da Comisión: "Europa 2020 Unha estratexia para un crecemento intelixente, sustentable e integrador". Bruxelas, 3.3.2010 COM(2010) 2020 final.

<sup>4</sup> As taxas de discapacidade están aumentando debido en parte ao envellecemento da poboación e ao aumento da prevalencia de enfermidades crónicas.

cambio climático, enerxía e uso eficaz dos recursos, saúde, evolución demográfica etc. Cada unha das partes da cadea de innovación debería ser reforzada, desde a investigación sen límites ata a comercialización.

E entre as actuacións que se expoñen aos estados membros na súa iniciativa emblemática “Unha axenda dixital para Europa”, recóllese a de promover o despregamento e uso de servizos en liña modernos (por exemplo: administración electrónica, saúde en liña, fogar intelixente, cualificacións dixitais, seguridade).

No **ámbito dos instrumentos de carácter estatal**, o marco de referencia actual e directriz de todas as políticas públicas que se desenvolvan en España en materia de discapacidade constitúeo a **Estratexia española sobre discapacidade 2012-2020**, aprobada polo Consello de Ministros o 14 de outubro de 2011. Os referentes na súa elaboración foron o propio texto da Convención e a Lei 51/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade. Á súa vez, o seu marco de actuación vén delimitado polos mencionados instrumentos europeos: a Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020 e a Estratexia Europa 2020.

A Estratexia española sobre discapacidade establece como ámbitos prioritarios de actuación os seguintes: accesibilidade, emprego, educación e formación, pobreza e exclusión social, participación, igualdade e colectivos vulnerables, sanidade, acción exterior, nova economía da discapacidade e información. Nestes ámbitos desenvolveranse áreas e actuacións concretas que se executarán a través dun plan de acción en dúas etapas, inicialmente previstas, a primeira, para o período 2012 a 2015, e a segunda para o quinquenio 2016 a 2020.

O obxectivo estratéxico que persegue non é outro que contribuír ao cumprimento dos obxectivos cuantificados da Estratexia Europa 2020 e do Programa nacional de reformas de España 2011 a través de actuacións dirixidas a mellorar no ámbito das persoas con discapacidade as ratios dos indicadores establecidos en relación cos tres obxectivos que teñen relación directa coas persoas con discapacidade, a saber: 1) aumentar a poboación ocupada, 2) aumentar o nivel de capital humano mediante a redución da taxa de abandono escolar e 3) reducir a poboación con risco de pobreza ou exclusión.

Ademais, a Estratexia española sobre discapacidade pretende contribuír ao logro doutros obxectivos indispensables para lograr ese primeiro obxectivo estratéxico, como son a accesibilidade aos contornos, a mellora do coñecemento sobre a situación vital das persoas con discapacidade, a participación para superar os obstáculos no exercicio de dereitos, a igualdade de trato e a non discriminación.

Finalmente, o **Plan de acción da estratexia española sobre discapacidade**, aprobado polo Consello de Ministros o 12 de setembro de 2014 foi adaptado a unha nova periodicidade. Como se establece no seu texto, as actuacións que compoñen este plan desenvolveranse en dúas fases diferenciadas: a primeira fase ocupa os anos 2014 a 2016

e a segunda o período 2017 a 2020. Composto por un total de 96 medidas, o Plan de acción da estratexia española sobre discapacidade artículase en cinco eixes de actuación: 1) igualdade, 2) emprego, 3) educación, 4) accesibilidade e 5) dinamización da economía, dos cales se configura como prioritario o de emprego, que concentra o 95% dos recursos.

Polo que respecta ao **marco legal autonómico**, en materia de discapacidade e no ámbito do servizos sociais cómpre facer mención en primeiro lugar á **Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia**. Esta lei ten como obxectivo estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais en Galicia, para a construción do Sistema galego de benestar, que se rexerán por unha serie de principios, entre outros: universalidade; prevención; responsabilidade pública; igualdade; equidade e equilibrio territorial; solidariedade; acción integral e personalizada; autonomía persoal e vida independente; participación; proximidade e coordinación.

Hai que destacar, ademais, a entrada en vigor marzo de 2015 da **Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade**, un exemplo máis dos avances normativos producidos nos últimos anos.

Hai que indicar a este respecto, que Galicia contaba xa cunha norma específica na materia, a Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, posteriormente desenvolvida polo Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei e o Código de accesibilidade, normas que estableceron as bases para a supresión de barreiras na edificación, nos espazos urbanos, no transporte e na comunicación, e para a promoción da accesibilidade e a mellora da calidade de vida e a autonomía das persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Porén, considerouse necesario seguir avanzando para conseguir unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, que evite a discriminación e que favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente a aquelas persoas que teñan unha discapacidade física, sensorial ou intelectual, as persoas maiores ou as que teñan calquera outra forma de diversidade que comporte unha dependencia funcional.

Deste xeito, a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade pretende constituír un texto integrador que permita desenvolver, nun corpo normativo único, a diversidade de disposicións de accesibilidade; que unifique, coordine e estableza os criterios de aplicación, execución e control, de acordo cos criterios de proporcionalidade e axustes razoables, no marco das condicións establecidas pola lexislación básica estatal e polas directrices internacionais.

Ademais destas leis, a Comunidade Autónoma elaborou nos últimos anos diversas normas no ámbito da discapacidade, a promoción da autonomía e a prevención da dependencia, entre as que cabe mencionar:

- O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.
- O Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá.
- E o Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.

Aínda que non directamente vinculada á discapacidade, pero que a ten en conta en diversos puntos do seu articulado, cómpre sinalar a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que inclúe no seu artigo 3, Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, pois considera a discapacidade como un dos factores de exclusión que concorren coa ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego.

Xa no eido dos instrumentos de planificación das políticas públicas na materia, non pode deixar de mencionarse o **Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013**, primeiro plan de acción integral posto en marcha polo Goberno galego de forma específica para este sector da poboación, un instrumento froito do consenso cos axentes sociais, a través do que se pretendía avanzar na consecución da plena participación das persoas con discapacidade na sociedade e na integración das cuestións que máis lles afectan en todos os ámbitos de intervención, concretamente nas seguintes áreas de actuación: 1) protección dos dereitos; 2) igualdade de xénero e transversalidade; 3) accesibilidade; 4) promoción da autonomía persoal; 5) educación; 6) formación e emprego; 7) recursos no ámbito dos servizos sociais; 8) saúde e atención sociosanitaria; 9) atención temperá; e 10) cultura, deporte e tempo de lecer.

Para o seguimento anual e avaliación do dito plan creouse a Comisión para o seguimento e avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, mediante Decreto 122/2011, do 16 de xuño.

Ademais, en 2013 o Goberno galego aproba e publica a **Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Horizonte 2020**. O obxectivo básico desta estratexia é establecer unha ampla proposta de posibles actuacións que contribúan a diminuír a prevalencia e incidencia de deficiencias e discapacidades que poidan dar lugar a situacións

de dependencia, así como mellorar e manter a calidade de vida das persoas en situación de dependencia ou con risco de padecela. As persoas con discapacidade constitúen un dos grupos de poboación destinatarios, de forma especial en relación á área 2, Contribución ao aumento da esperanza de vida libre de dependencia, e á área 5, Investigación e innovación para ampliar a vida saudable e autónoma das persoas. No primeiro caso, pola importancia de procurar unha actitude positiva ante a discapacidade e un esforzo crecente e proporcionado de atención ás persoas en risco de situación de dependencia para diminuír a súa vulnerabilidade. E no segundo pola busca de vangarda e a implantación de innovacións importantes en relación coa promoción da autonomía persoal e a prevención e detección precoz das situacións de dependencia, así como co atraso do agravamento de enfermidades ou discapacidades e das súas secuelas.

### 2.3 A ESGADI NO MARCO DA POLÍTICA SOCIAL DO GOBERNO GALEGO

A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 constitúe o principal instrumento de acción da administración autonómica para impulsar nos vindeiros anos as políticas de apoio e desenvolvemento dirixidas ás persoas con discapacidade e ao seu contorno social, co obxectivo de acadar a plena inclusión desta parte da poboación.

No entanto, as accións que se desenvolvan no marco desta Estratexia incardínanse no conxunto das **políticas de carácter social** que o Goberno galego vén desenvolvendo nos últimos tempos, así como as que ten previsto poñer en marcha nos vindeiros anos. A partir da filosofía que a impregna, a ESGADI constitúe un instrumento de planificación para unha abordaxe transversal, isto é desde todos os sectores e ámbitos da acción dos poderes públicos e a partir perspectiva da atención integral dirixida a mellorar a vida das mulleres e dos homes con discapacidade.

Así pois, outros plans e estratexias do Goberno galego vixentes durante a elaboración da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 cos que se establece unha acción coordinada e sinérxica das diferentes actuacións planificadas no ámbito da discapacidade son, principalmente:

- O Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.
- A Estratexia para a prevención e detección precoz da dependencia en Galicia. Horizonte 2020.
- A Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020.
- A Estratexia Sergas 2015-2020.

E outros como o VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2013-2015; o Plan galego para o fomento da actividade física 2011-2015, ou a Revisión do Plan de prioridades sanitarias 2014-2016.

Noutro plano, cómpre indicar, por último, que parte das actuacións previstas para os vindeiros anos ao abeiro da ESGADI serán desenvolvidas no marco do **programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e do programa operativo FSE Galicia 2014-2020** e mediante as súas respectivas liñas de financiamento.

Tanto o programa operativo do Fondo Social Europeo como o programa operativo Feder estrutúranse de acordo coa normativa comunitaria de aplicación en obxectivos temáticos e eixes prioritarios, prioridades de investimento e obxectivos específicos. A partir desta estrutura, procedeuse a incidir nunha serie de obxectivos específicos segundo as accións que a Xunta de Galicia identifica como prioritarias nos seguintes obxectivos, en liña cos retos identificados e cos obxectivos da Estratexia Europa 2020 en materia de emprego, educación e loita contra a pobreza e a exclusión social.

En concreto, no programa operativo FSE Galicia 2014-2020 identificáronse os obxectivos 8, 9 e 10, mentres que no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, os obxectivos 9 e 10. Estes son:

- *Obxectivo temático 8: “promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral”.*

No marco da programación do programa operativo FSE para o período 2014-2020 desenvolveranse unha serie de accións para favorecer a creación de emprego, de xeito sintético: a través da posta en marcha de convocatorias mediante as que se incentive a contratación de persoas desempregadas, convocatorias que poderán adecuarse ás dificultades concretas dos diferentes colectivos sobre os que procedese actuar; o desenvolvemento de medidas de asesoramento e orientación laboral; de fomento do emprendemento a través de actuacións de apoio financeiro e técnico para incentivar o autoemprego e creación de microempresas, con especial atención á mocidade e cun enfoque de xénero.

- *Obxectivo temático 9: “promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación”.*

As liñas estratéxicas que hai que seguir á hora de configurar a programación do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 no marco deste obxectivo orientaríanse ao desenvolvemento de medidas vinculadas á promoción da igualdade de oportunidades desde unha perspectiva práctica, impulsando os mecanismos necesarios para que os colectivos con necesidades específicas poidan introducir elementos adaptativos na súa vida cotiá; ao apoio ao investimento en infraestruturas vinculadas a servizos sociais de

carácter básico; investimentos vinculados ao desenvolvemento tecnolóxico dos servizos de asistencia social e de novos servizos que aproveiten as posibilidades da sociedade da información para mellorar o acceso das persoas usuarias aos servizos sociosanitarios, e incorporando elementos de carácter preventivo que permitan adecuar o sistema ás necesidades da poboación desde unha perspectiva eficiente.

No marco do FSE, as liñas estratéxicas a seguir no horizonte 2020 xirarían en torno aos seguintes puntos: o desenvolvemento de políticas de inclusión social destinadas aos principais colectivos vinculados ao risco de exclusión social, utilizando para iso mecanismos de capacitación que permitan á persoa destinataria dos programas adquirir as habilidades necesarias para poñer en marcha procesos de integración social a partir das súas propias accións; plans globais e intervencións destinadas a colectivos concretos; accións vinculadas a procesos de inserción sociolaboral, capacitando a colectivos con necesidades especiais para a súa incorporación ao mercado laboral, nas que se dará prioridade ao fomento do emprendemento etc.

- *Obxectivo temático 10: "investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e a aprendizaxe permanente".*

As liñas estratéxicas que hai que seguir á hora de configurar a programación do programa operativo Feder do período 2014-2020 en relación a este ámbito sitúanse en torno aos seguintes puntos: o desenvolvemento de investimentos vinculados á modernización do sistema educativo, no ámbito da atención integral á primeira infancia, ensino primario, ensino secundario e formación profesional, dotando os centros de equipamento que permita ter en conta a perspectiva TIC e as necesidades derivadas do paradigma da sociedade do coñecemento, así como a posta en marcha de actuacións vinculadas a novas infraestruturas e modernización das existentes.

No marco do programa operativo do FSE, as liñas estratéxicas que ahi que seguir no horizonte 2020 neste obxectivo temático xirarían en torno ás seguintes accións: desenvolvemento de actuacións e de estruturas de apoio aos distintos colectivos con risco de abandono escolar, atendendo aos diferentes aspectos (sociais, económicos, asistenciais) que poden conducir ao abandono do sistema educativo; establecer mecanismos dirixidos á reincorporación dos mozos e mozas ao sistema educativo a través das diferentes opcións que a LOMCE permite; posta en marcha de programas que permitan ás devanditas persoas acceder a unha cualificación recoñecida a través do recoñecemento das habilidades obtidas por vías non formais; potenciación de accións formativas que permitan mellorar a empregabilidade das traballadoras e traballadores galegos e a súa adecuación ao mercado de traballo etc., incorporando ás devanditas accións a perspectiva de xénero.



## 3. Caracterización da poboación con discapacidade en Galicia

### 3.1 CONSIDERACIÓNS PREVIAS SOBRE A MEDICIÓN ESTADÍSTICA DA DISCAPACIDADE

A planificación dos recursos e o deseño de políticas públicas require dun coñecemento o máis fidedigno posible da realidade social e das poboacións de referencia. No entanto, a aproximación fidedigna ao fenómeno da discapacidade desde o punto de vista demográfico non resulta doada, debido tanto á existencia de diferentes definicións, como á variabilidade de circunstancias que poden incluírse no termo "discapacidade", así como tamén aos distintos métodos de clasificación empregados. De feito, a información estatística dispoñible neste ámbito pode atoparse en distintas fontes: enquisas xeneralistas, enquisas específicas sobre discapacidade, censos poboacionais, e rexistros administrativos; fontes, todas elas, que presentan vantaxes e inconvenientes, relacionados con aspectos como a viabilidade da recollida de información, a representatividade da mostra etc.

Neste capítulo expóñense os datos demográficos básicos sobre a poboación galega con discapacidade, principal colectivo destinatario da Estratexia. A información sometida a tratamento estatístico procede da base de datos do Censo de persoas con discapacidade de Galicia, da Consellería de Política Social, polo que cómpre ter en conta que esta descrición se limita ao colectivo de persoas que teñen recoñecida administrativamente esa condición.

Trátase dunha aproximación parcial, posto que o recoñecemento da discapacidade se inicia a instancia de parte, se ben como vantaxe hai que subliñar a propia natureza da fonte estatística, dado que se trata dun censo no que se recollen con alto grao de fiabilidade as circunstancias e características das persoas, a partir de ditames elaborados por persoal médico, psicólogos/as e traballadoras/es sociais, con ampla experiencia na valoración de persoas con discapacidade.

A descrición demográfica que se ofrece non se basea, pois, noutro tipo de datos procedentes de enquisas específicas sobre discapacidade. Aínda que estas sondaxes proporcionan importante información sobre o colectivo a partir de mostras suficientemente representativas, os datos dispoñibles non están actualizados. En España realizáronse tres macro enquisas en 1986, 1999 e 2008: a Enquisa sobre discapacidades, deficiencias e minusvalideces (EDDM1986), a Enquisa sobre discapacidades, deficiencias e estado de saúde (EDDS1999) e a Enquisa de discapacidade, autonomía persoal e situacións de dependencia (EDAD2008). As dimensións destas operacións e o seu elevado custo fan que a súa periodicidade sexa

de aproximadamente cada dez anos, o que fai que a información quede desfasada, tanto polo propio transcurso do tempo como pola aparición de fenómenos sociais ou a posta en marcha de novos recursos que van acompañados de sistemas de información específicos (pénsese na implantación do SAAD).

Non obstante, hai que indicar que en páxinas posteriores para a contextualización das liñas estratéxicas si se manexou información obtida a través de enquisas, as cales serviron de base para a obtención de indicadores e para a realización de comparativas entre a situación das persoas con discapacidade e a do resto da poboación, en termos de inclusión social. Por exemplo, en materia de autonomía persoal e aspectos relacionados coa saúde, tomáronse datos da Enquisa de integración social e saúde (EISS), realizada en 2012. A EISS cobre a poboación de 15 e máis anos residente en domicilios particulares e proporciona información sobre a interacción entre a condición de saúde e a integración na poboación española, identificando e caracterizando de maneira especial as persoas con discapacidade. Esta enquisa considera “persoas con discapacidade” aquelas que afirmaron que a súa condición de saúde supón unha barreira para a participación en diferentes ámbitos, entre outros, a mobilidade para saír de casa, o uso de transporte público e privado, a accesibilidade aos edificios, o acceso á formación, o acceso a un emprego axeitado, a participación en actividades de ocio e culturais etc.

Así mesmo, para o diagnóstico da situación en materia de emprego, ademais das estatísticas oficiais de contratación e os datos sobre o mercado de traballo procedentes do SEPE, manexouse información estatística extraída de fontes que combinan cifras da Enquisa de poboación activa (EPA) e da Enquisa de estrutura salarial (EES), principalmente con datos administrativos rexistrados na Base de datos estatal de persoas con discapacidade (BEPD): é o caso das operacións do INE, “O emprego das persoas con discapacidade, 2013” e “O salario das persoas con discapacidade, 2012”.

## 3.2 CARACTERIZACIÓN BÁSICA DA POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE ADMINISTRATIVAMENTE RECOÑECIDA

Tendo en conta as consideracións expostas e, para os efectos de ofrecer unha aproximación o máis fidedigna e actualizada posible da poboación con discapacidade de Galicia desde a perspectiva demográfica, optouse por realizar unha explotación estatística básica da base de datos do Censo de persoas con discapacidade a 31 de decembro de 2014.

Segundo os datos do Censo, en Galicia un total de 214.248 persoas tiñan recoñecido nesa data algún tipo de discapacidade. O 51,5% son mulleres, proporción que se inverte nas provincias de Ourense e Lugo, cun maior peso da poboación masculina, que nesta última alcanza o 53%<sup>5</sup>.

### C.1 POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIAS SEGUNDO O SEXO.


PROVINCIAS	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
A Coruña	47.664	52,2	43.638	47,8	91.302	100,0
Lugo	7.821	47,0	8.828	53,0	16.649	100,0
Ourense	12.049	49,6	12.250	50,4	24.299	100,0
Pontevedra	42.826	52,2	39.172	47,8	81.998	100,0
<b>TOTAL</b>	<b>110.360</b>	<b>51,5</b>	<b>103.888</b>	<b>48,5</b>	<b>214.248</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

En canto á distribución da poboación por provincias, en consonancia co seu tamaño poboacional, as provincias atlánticas concentran o groso da poboación con discapacidade, aínda que Pontevedra rexistra unha maior proporción se se ten en conta o peso desta provincia sobre o total de Galicia, na que representa o 34,7%. Pola contra, Lugo aparece infrarrepresentada para os efectos de recoñecemento oficial da discapacidade, cun 7,8%, pois no conxunto da comunidade autónoma supón o 12,4% da poboación.

5 En España, os datos censuais máis actuais corresponden ao Informe do 31 de decembro de 2013, segundo o cal, no conxunto do Estado tiñan recoñecida a condición de discapacidade 2.564.893 persoas, das cales o 49,3% eran homes e o 50,7% mulleres. Base estatal de datos de persoas con valoración do grao de discapacidade: Informe a 31/12/2013. Subdirección General de Planificación, Ordenación y Evaluación. IMSERSO, 2014.

## G.1 POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIAS.



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.


O 7,84% da poboación galega ten algún tipo de discapacidade administrativamente valorada (78,44 persoas por cada 1.000 habitantes). En comparación coas súas respectivas cifras de poboación volven observarse tendencias semellantes: a provincia de Pontevedra rexistra a taxa máis elevada (8,66%), mentres que en Lugo se sitúa a máis baixa: 4,91%, un comportamento que se reproduce de igual xeito na distribución segundo o sexo. Por outro lado, tanto en Lugo como en Ourense a prevalencia é maior na poboación masculina que na feminina, a diferenza do que ocorre en A Coruña e Pontevedra, con variacións menos acusadas atendendo á variable sexo.

## C.2 PREVALENCIA DA DISCAPACIDADE POR PROVINCIAS SEGUNDO O SEXO.

PROVINCIAS	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	Cifras de poboación	Prevalencia %	Cifras de poboación	Prevalencia %	Cifras de poboación	Prevalencia %
A Coruña	585.698	8,14	541.199	8,06	1.126.897	8,1
Lugo	174.661	4,48	164.528	5,37	339.189	4,91
Ourense	165.259	7,29	152.976	8,01	318.235	7,64
Pontevedra	489.061	8,76	458.024	8,55	947.085	8,66
<b>TOTAL</b>	<b>1.414.679</b>	<b>7,8</b>	<b>1.316.727</b>	<b>7,89</b>	<b>2.731.406</b>	<b>7,84</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade a 31 de decembro de 2014 e de cifras de poboación do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2015 (IGE-INE).


#### G.2 PREVALENCIA DA DISCAPACIDADE POR CADA 1.000 HABITANTES POR PROVINCIAS SEGUNDO O SEXO.



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade a 31 de decembro de 2014 e de cifras de poboación do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 2015 (IGE-INE).

Doutra banda, a prevalencia da discapacidade aumenta conforme o fai a idade, posto que os datos do Censo revelan que tres de cada catro persoas teñen 50 e máis anos. A proporción máis elevada corresponde, ademais, coas persoas maiores de 74 anos (29,31%).


#### G.3 DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE POR GRUPOS DE IDADE.




Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

Pasando xa a unha análise das discapacidades por grandes tipoloxías<sup>6</sup>, a maioría son de tipo físico (57%), mentres que as que menor peso presentan son as intelectuais (7,1% do total). Esta tendencia global reproducíase na distribución provincial, se ben se observan lixeiras diferenzas, como o maior peso da enfermidade mental en Lugo e Ourense.

### G.4 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRANDES TIPOLOXÍAS.



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.






### G.5 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRANDES TIPOLOXÍAS SEGUNDO A PROVINCIA.

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

<sup>6</sup> É importante advertir que ata este punto da análise os datos expostos teñen como base de cálculo o número de **persoas físicas** con discapacidade. A partir de aquí, a análise realízase sobre **o cómputo de discapacidades**; isto é, a base de cálculo correspóndese coas discapacidades valoradas, de xeito que se unha persoa ten máis de unha discapacidade, figura no reconto tantas veces como discapacidades presenta.

Algo máis da metade das discapacidades de natureza sensorial son de tipo auditivo, ás que seguen as visuais, cun 42,8%. Entre as discapacidades de tipo físico destacan de forma significativa as que afectan ao sistema osteoarticular, que supoñen o 45,1% das discapacidades físicas valoradas. Na clasificación da discapacidade intelectual predominan os graos máis baixos así como outros trastornos.

#### G.6 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES SENSORIAL, FÍSICA E INTELECTUAL POR TIPOS.



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

Se se analiza agora a distribución das discapacidades por grupos etarios, ademais de evidenciar a xa comentada tendencia a incrementarse conforme aumenta a idade<sup>7</sup>, detéctase unha maior concentración a partir dos 74 anos, onde se concentra o 29%, proporción que no caso das mulleres ascende ata o 35,4%, á volta de 13 puntos máis que entre a poboación masculina, na cal a porcentaxe máis elevada de discapacidades valoradas se atopa entre os 50 e os 64 anos.


## C.3 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRUPOS DE IDADE SEGUNDO O SEXO.

GRUPOS DE IDADE	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
Menores de 6 anos	604	0,4	908	0,7	1.512	0,5
De 7 a 15 anos	1.736	1,2	2.830	2,2	4.566	1,7
De 16 a 29 anos	4.541	3,1	6.170	4,8	10.711	3,9
De 30 a 49 anos	22.187	15,1	27.847	21,6	50.034	18,2
De 50 a 64 anos	35.727	24,4	36.399	28,3	72.126	26,2
De 65 a 74 anos	29.881	20,4	26.581	20,6	56.462	20,5
De 75 e máis anos	51.951	35,4	28.117	21,8	80.068	29,1
<b>TOTAL</b>	<b>146.627</b>	<b>100,0</b>	<b>128.852</b>	<b>100,0</b>	<b>275.479</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

Atendendo ao grao de discapacidade, as discapacidades valoradas entre o 33% e o 64% supoñen a metade do total. A proporción máis reducida tanto na poboación feminina como masculina corresponde ás de maior grao (75% ou máis), aínda que a análise dos datos por sexo mostra unha maior gravidade das discapacidades que afectan ás mulleres.


## G.7 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRAO RECOÑECIDO SEGUNDO O SEXO.



7 Téñase en conta que o gráfico nº 1 mostraba a distribución etaria da poboación con discapacidade (persoas físicas), mentres que agora se reflicte a distribución das discapacidades por idades.

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

A distribución por idades mostra que por baixo dos 15 anos, sete de cada dez discapacidades foron valoradas nun grao entre o 33% e o 64%. Entre os 16 e os 49 anos, as comprendidas nese intervalo de gradación deixan de ser maioritarias (por baixo do 50%), para situarse arredor do 58% entre os 50 e os 74 anos. As discapacidades máis severas desde este punto de vista non se van incrementando en paralelo ao aumento da idade, pero alcanzan a porcentaxe máis elevada na poboación maior: as persoas de 75 e máis anos (35%).




#### G.8 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRAO RECOÑECIDO SEGUNDO GRUPOS DE IDADE.

Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

Por último, a comparativa por sexos revela que as discapacidades que afectan as mulleres valoradas por riba do 74% teñen un peso superior ao que rexistran entre os homes tanto na poboación infanto-xuvenil (ata os 30 anos) como na de máis idade. As diferenzas segundo o sexo son moi significativas, pois, na gravidade valorada, se se ten en conta que tamén son máis numerosas as discapacidades que foron valoradas entre o 65% e o 74% na poboación infantil feminina e nas mulleres de máis de 64 anos.

## G.9 e G.10 DISTRIBUCIÓN DAS DISCAPACIDADES POR GRAO RECOÑECIDO SEGUNDO GRUPOS DE IDADE E SEXO.



Fonte: Elaboración propia a partir do Censo de persoas con discapacidade en 31 de decembro de 2014.

## 4. Principios da estratexia e criterios para a acción

A Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 (ESGADI) elaborouse baixo unha serie de principios inspiradores que orientaron o deseño dos obxectivos operativos e das medidas que se inclúen en cada liña estratéxica de intervención. Estes principios son:

- **Igualdade de dereitos e oportunidades.** As persoas con discapacidade gozan dos mesmos dereitos e liberdades que o resto da cidadanía, por iso, os poderes públicos deben promover as condicións para o seu pleno exercicio e, segundo o mandato constitucional de carácter xeral, remover os obstáculos que impiden que esa igualdade sexa real e efectiva, sen que poida producirse discriminación de ningún tipo, directa ou indirecta, que teña a súa base na discapacidade. A defensa da igualdade de oportunidades debe interpretarse, pois, na perspectiva da acción positiva para combater as situacións de discriminación en razón da discapacidade que aínda persisten, e garantir o pleno exercicio dos dereitos e a participación das persoas con discapacidade en todos os ámbitos. Deben, ademais, corrixiarse ou evitarse as situacións de desvantaxe que afecta a esta parte da poboación, na medida en que a falta de apoios e as dificultades de acceso aos servizos constitúen, con frecuencia, a causa de tal desigualdade, o que dificulta a súa plena inclusión social.
- **Vida independente e normalización.** A través deste principio recoñécese que as persoas con discapacidade deben dispoñer de poder de decisión sobre a súa propia vida conforme ao dereito de libre desenvolvemento da súa personalidade; autonomía entendida non só no sentido físico, senón como capacidade para a libre toma de decisións e a participación activa na comunidade, para o cal é vital gozar dunha vida autónoma e independente, cos apoios externos que sexan necesarios e que permitan ás persoas con discapacidade levar unha vida "normalizada" e acceder aos mesmos lugares, bens e servizos que calquera outra persoa.
- **Respecto pola diversidade.** Unha sociedade plenamente inclusiva é aquela que garante o respecto á diferenza e, neste contexto, a consideración da discapacidade como parte da diversidade humana é un valor que cómpre reivindicar e inculcar. O recoñecemento da diversidade supón convivir nun mundo que garanta a igualdade de oportunidades para todos e todas considerando as diferenzas, pero sen abandonar a perspectiva de que as persoas con discapacidade comparten obstáculos e dificultades co resto da cidadanía.
- **Díálogo civil, consenso e corresponsabilidade.** A participación no deseño, na formulación e na posta en marcha de políticas públicas é un valor intrínseco a unha sociedade

democrática avanzada. A partir dunha filosofía de consenso e colaboración entre as institucións e a sociedade civil que permitan apelar a corresponsabilidade como principio de actuación, e dando continuidade á metodoloxía de traballo do goberno galego en materia de planificación das políticas sociais, procurouse unha participación activa do terceiro sector en todo o proceso de elaboración e posta en marcha da Estratexia. Así, desde estes presupostos, as organizacións representativas das persoas con discapacidade e das súas familias participaron no proceso de elaboración da Estratexia desde a súa concepción inicial e, nomeadamente, no que respecta á definición das súas liñas estratéxicas, obxectivos operativos e actuacións, consensuados a partir das súas achegas, visión e experiencia. Pero esta metodoloxía de traballo compartido continúa tamén coa elaboración conxunta dos plans de accións que materializan a presente Estratexia e coa participación no seu seguimento e avaliación. Esta filosofía de traballo supón un esforzo en pro da corresponsabilidade social que vai máis alá da directriz establecida polo Consello de Europa no seu Plan de acción 2005-2016 sobre a conveniencia de consultar coas organizacións non gobernamentais calquera decisión que poida ter unha incidencia ou repercusión nas vidas das persoas con discapacidade.

- **Integralidade e transversalidade das políticas en materia de discapacidade.** A ESGADI concíbese como un instrumento de planificación orientado a un deseño e planificación das diferentes políticas públicas que teña en conta as necesidades e demandas das persoas con discapacidade desde un enfoque integral, isto é, debe procurar unha atención que cubra os diferentes aspectos e dimensións que afectan á persoa. Pero ademais, polas mesmas razóns, a integralidade da atención só é posible mediante a aplicación do principio de transversalidade, en tanto que supón unha abordaxe desde todos os sectores e ámbitos da acción dos poderes públicos. Deste xeito, a actuación da administración pública galega non se limita á elaboración de plans, programas e actuacións exclusivamente dirixidos a estas persoas senón que, nun cambio “cultural” da acción administrativa, a discapacidade será considerada nas accións de carácter xeral nos distintos ámbitos, desde unha perspectiva de atención integral dirixida a mellorar a vida das persoas con discapacidade, o que necesariamente implica aos diferentes departamentos, en orde ás respectivas competencias sectoriais.
- **Colaboración institucional.** O adecuado desenvolvemento da ESGADI require da cooperación e coordinación interdepartamental e interinstitucional, nomeadamente coas administracións locais, que constitúen, ao cabo, as estruturas máis próximas á cidadanía. Pero máis alá deste criterio de execución, a colaboración non pode deixar de destacarse como principio orientador, posto que esta Estratexia foi elaborada coa participación das diferentes consellerías da Xunta de Galicia, ademais das entidades de iniciativa social. Esta colaboración estenderase ao desenvolvemento dos plans de acción que se enmarquen na Estratexia, así como ao seu seguimento e avaliación.

Ademais destes principios inspiradores que fundamentaron a elaboración da ESGADI, cómpre enumerar unha serie de **criterios para a acción** que rexerán o desenvolvemento das actuacións deseñadas:

- O **compromiso público** que asume o goberno galego no exercicio da súa responsabilidade en materia de acción social, mediante a posta en marcha da Estratexia.
- A **equidade**, considerada desde unha dobre perspectiva: dunha banda, desde a procura do equilibrio entre as actuacións que se promovan para os distintos tipos de discapacidade; doutra, dando prioridade ás accións dirixidas ás persoas con discapacidade en situación de maior desvantaxe social.
- A **coordinación**, a través dunha planificación e execución de actuacións baseada na colaboración e na coordinación entre os distintos axentes implicados: departamentos autonómicos, outras administracións públicas e terceiro sector; acción coordinada que redundará nunha asignación máis eficiente dos recursos e na mellora da calidade nos distintos sistemas -educativo, sanitario, social, mercado de traballo,...-.
- A **transversalidade do enfoque de xénero**, de maneira que todas as intervencións que se desenvolvan ao abeiro da Estratexia incorporen esta dimensión, o que supón levar a cabo unha planificación e execución das actuacións en materia de discapacidade que considere as necesidades diferenciadas de mulleres e homes, a situación e a posición delas e deles. A intervención neste campo debe contribuír a reducir as desigualdades por razón de xénero moi evidentes aínda entre a poboación con discapacidade. En ocasións o propio deseño e enfoque das accións provoca un aumento das desigualdade entre mulleres e homes por non ter en conta as diferentes posibilidades de acceso, participación.... que veñen dadas por diferentes situacións e limitacións (sociais, familiares ...) que viven homes e mulleres. Por iso, se terá en conta en toda actuación que se leve a cabo, calquera que sexa a súa natureza, prestando especial atención ás necesidades específicas da mulleres e nenas con discapacidade.
- A **intervención personalizada, integral e adecuada ao ciclo de vida**. A partir dun enfoque multidimensional, as actuacións que se dirixan á poboación con discapacidade deben ter un carácter interdisciplinar. Sempre que sexa posible, a atención deberá ser personalizada, o que supón ter en conta non só as características individuais da persoa, senón tamén as súas necesidades, demandas e circunstancias do contorno social ao longo de todo o ciclo vital. As intervencións integrais tenden a potenciarse entre si, creando un efecto multiplicador nos seus resultados e unha maior satisfacción e crecemento persoal. Para garantir a intervención personalizada e integral deben contemplarse múltiples aspectos relacionados coas distintas dimensións vitais: a atención social, a educación, a sanidade, o emprego, a participación social e a accesibilidade, e prever esquemas e programas que favorezan a abordaxe integral desde todos os ámbitos. Ademais, debe garantirse unha atención que atenda aos diferentes períodos da vida da persoa, non só polo

que representa a aplicación dun enfoque de carácter preventivo, senón tamén como instrumento para a mellora da súa calidade de vida.

- A **proximidade**. Procurarase un modelo de atención próximo á contorna das persoas con discapacidade e as súas familias, impulsando os recursos que favorezan unha maior autonomía e permanencia no medio habitual, así como as intervencións integrais e coordinadas das distintas administracións e/ou organizacións sociais que traballan no contorno a través dun uso preferente dos recursos ordinarios dispoñibles.
- A **eficacia e a eficiencia**, co obxecto de realizar unha asignación racional dos recursos que asegure a sustentabilidade económica e social, á vez que se garanta a prestación duns servizos de calidade.

## 5. Estrutura da estratexia

### 5.1 ESTRUTURA MATRIZ

A estrutura matriz da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 é resultado do traballo conxunto das entidades representativas no ámbito da discapacidade, persoal da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade e dos colexios profesionais de Traballo Social, Psicoloxía e Educadoras e Educadores de Galicia, que, respondendo á mencionada filosofía de traballo colaborativa, participaron desde o inicio no seu deseño e elaboración. Os elementos que compoñen dita estrutura son os seguintes:

- **Liñas estratéxicas.** Estas correspóndense coas grandes áreas de intervención que se pretenden abordar desde a estratexia
- **Obxectivo estratéxico.** Asociado a cada liña estratéxica, representa a meta ou obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide co cambio global e estrutural que se busca impulsar en materia de discapacidade, para cada ámbito estratéxico e no conxunto da sociedade galega.
- **Obxectivos operativos.** Representan as metas concretas que contribúen á consecución do obxectivo estratéxico e que, polo tanto, deben posibilitar a súa realización a través dun conxunto integrado de actuacións.
- **Actuacións.** Son propostas concretas para a acción, as medidas a través das que se pretende materializar cada un dos obxectivos operativos da Estratexia.

Os contidos desta estrutura base responden á análise da situación actual, das fortalezas e debilidades e aos aspectos de mellora identificados polas entidade sociais do ámbito da discapacidade no grupo de traballo creado para tal fin, así como dos resultados da avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, Galicia 2010-2013. Neste contexto cómpre ter presente ademais a vocación da ESGADI de ser unha iniciativa marco do conxunto do Goberno galego orientada a sumar esforzos para que os intereses, as necesidades, as inxerencias e a situación en xeral das persoas con discapacidade se aborden de maneira integral e transversal.

A ESGADI estrutúrase nas seguintes **seis liñas estratéxicas**:

- **Liña estratéxica 1: Accesibilidade.** Conforman esta liña un conxunto de obxectivos operativos dirixidos a asegurar a accesibilidade universal que faga posible a participación das persoas con discapacidade nos distintos ámbitos en igualdade de condicións que o resto da poboación, entendendo por isto non só a accesibilidade no contorno

físico, senón tamén o acceso á información e á comunicación como xeito de garantir a autonomía e plena participación no eido social, económico, político e cultural.

- **Liña estratéxica 2: Autonomía persoal.** Co fin de potenciar o desenvolvemento persoal, cómpre xerar condicións favorables para a participación autónoma das persoas con discapacidade en todos os ámbitos a través da planificación de políticas que potencien os recursos que permitan lograr un maior grao de autonomía e de permanencia na contorna habitual; de medidas que favorezan o uso de medios técnicos de apoio destinados a facilitar a vida independente, ou do desenvolvemento de servizos accesibles, desde a óptica do impulso ao uso preferente dos recursos ordinarios existentes.
- **Liña estratéxica 3: Educación.** Cómpre promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación, un dereito fundamental e elemento esencial da súa inclusión social. Para iso, deseñáronse unha serie de obxectivos, orientados a favorecer un modelo educativo inclusivo que proporcione unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionando os apoios e recursos necesarios; intensificándoos especialmente na transición entre etapas educativas, e con medidas especificamente destinadas a un incremento de persoas con discapacidade na educación superior.
- **Liña estratéxica 4: Formación e emprego.** Para facilitar a empregabilidade das persoas con discapacidade é preciso reforzar as distintas dimensións relacionadas: desde o deseño dunha formación para o emprego adaptada ás capacidades e potencialidades da persoa, a partir dunha oferta formativa máis ampla e diversificada, así como favorecer o acceso ao emprego público, impulsar a contratación na empresa ordinaria, reforzar as estruturas de orientación laboral etc.
- **Liña estratéxica 5: Saúde.** Os obxectivos que integran esta liña están orientados a conseguir unha asistencia integral das persoas con discapacidade desde a perspectiva de proporcionar unha adecuada atención ás súas necesidades específicas desde unha óptica interdisciplinaria e de reforzamento da coordinación entre os ámbitos social e sanitario.
- **Liña estratéxica 6: Servizos Sociais.** Mellorar o sistema de servizos sociais para dar resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno é o obxectivo xeral desta liña, para o cal deseñáronse un conxunto de obxectivos operativos que pretenden incidir en distintas vertentes: promover modelos de intervención integrais e coordinados que dean resposta ás necesidades específicas das persoas con discapacidade, establecer mecanismos para garantir a atención social no medio rural tendo en conta as especiais circunstancias de risco de exclusión territorial, mellorar as competencias das e dos profesionais que traballan neste ámbito etc.

## 5.2 LIÑAS TRANSVERSAIS

Máis alá destas seis liñas estratéxicas, consideradas eixes prioritarios de actuación para conseguir a plena participación das persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da cidadanía, a ESGADI susténtase nunha serie de liñas transversais con vocación de impregnar o conxunto de actuacións que se desenvolvan ao seu abeiro durante os vindeiros anos. Trátase de dimensións que, ademais de fundamentar o conxunto de actuacións que integran a Estratexia, se ven materializadas en obxectivos operativos e medidas concretas que, pola súa transcendencia para a acción social no ámbito da discapacidade, deben estar presentes en todas e cada unha das liñas estratéxicas que conforman a ESGADI. Estas son:

- **A accesibilidade.** O consenso en canto a relevancia da accesibilidade para a vida das persoas con discapacidade é tal que na Estratexia galega sobre discapacidade a súa presenza é transversal. Ademais de constituír unha das seis liñas estratéxicas que a integran, incluíronse obxectivos operativos e actuacións nas restantes liñas especificamente dirixidos á supresión de todo tipo de barreiras que impiden o acceso en igualdade de condicións para as persoas con discapacidade. Deste xeito, en todos os ámbitos -educativo, sanitario, servizos sociais, emprego, ...- cómpre avanzar na accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas, a través de actuacións que garantan -xa se trate de planificación de contornos, servizos, bens, actividades ou procesos en xeral- a súa utilización por todas e por todos, na maior extensión posible, tendo en conta que existen persoas moi diversas e que todas teñen dereito a utilizar e beneficiarse dese ben ou servizo.
- **A participación.** Como establece a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas no seu Preámbulo, *“as persoas con discapacidade deben ter a oportunidade de participar activamente nos procesos de adopción de decisións sobre políticas e programas, incluídos os que lles afectan directamente”*. Dando cumprimento a este principio e como xa se fixo na elaboración do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013, a presente Estratexia foi elaborada coa participación das organizacións representativas do ámbito de discapacidade en Galicia, participación que se estenderá ás fases de execución, seguimento e avaliación. Pero cómpre ir máis alá nesta dimensión e profundar na eficacia democrática mediante o aumento da participación e o empoderamento dos homes e das mulleres con discapacidade, das súas familias e das asociacións que as representan. Para iso, todas e cada unha das liñas estratéxicas da ESGADI inclúen actuacións especificamente dirixidas a promover a participación das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisións que lles afecten en todos os ámbitos, desde o deseño das políticas ata a creación e funcionamento dos recursos que a elas se destinen.
- **Investigación, innovación e calidade.** Unha correcta planificación das políticas públicas así

como a calidade dos recursos e da atención que se dirixen ás persoas con discapacidade dependen do grao de coñecemento da súa realidade. A investigación, a innovación a transferencia de coñecemento neste eido son aspectos clave que se consideraron tamén materia de carácter transversal, posto que en todos as áreas de actuación que a Estratexia inclúe para os vindeiros anos a diagnose da situación actual, das necesidades e demandas deste sector da poboación, das causas que orixinan as distintas discapacidades ... sen esquecer a necesaria sensibilización e información na materia, son aspectos fundamentais que contribuirán a mellorar a vida das persoas con discapacidade. Así mesmo, e directamente relacionada coa calidade dos servizos, a capacitación das e dos profesionais dos diferentes sectores máis directamente relacionados é outra das dimensións que se reforzará a través da Estratexia. Por último, é tamén esencial mellorar os procesos de avaliación dos servizos e recursos existentes, para o que se considerou relevante avanzar de xeito transversal no establecemento de estándares de calidade e na medición e seguimento dos programas e servizos implantados.

- **A igualdade de xénero.** Ademais das dificultades para o desenvolvemento e a plena participación que afectan a todas as persoas con discapacidade, o xénero constitúe unha variable que afonda nesa desigualdade e que supón unha dobre discriminación para as mulleres con discapacidade. O xénero constitúe un criterio de acción fundamental no desenvolvemento da estratexia e dos plans de acción, como xa se comentou, pero tamén é imprescindible considerar a igualdade de xénero como unha dimensión transversal. Isto significa que impregnará todas as accións incluídas nas distintas liñas estratéxicas, non só como enfoque integrado de xénero na planificación e deseño das actuacións, senón tamén a través de actuacións específicas. Consideraranse, polo tanto, as diferentes necesidades de mulleres e homes na planificación de recursos, servizos e programas, así como na execución das distintas intervencións, incluíndo nos obxectivos operativos nos que proceda medidas específicas dirixidas ás mulleres ou medidas específicas dirixidas a reducir a brecha de xénero nos ámbitos en que resulte necesario.

## ESTRUTURA MATRIZ DA ESGADI: LIÑAS ESTRATÉXICAS E OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.

LIÑA ESTRATÉXICA	OBXECTIVO ESTRATÉXICO
1. Accesibilidade	Asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural para o pleno exercicio do seus dereitos e liberdades fundamentais.
2. Autonomía persoal	Potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.
3. Educación	Promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.
4. Formación e emprego	Facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto traballo e/ou o retorno ao mercado laboral.
5. Saúde	Acadar unha asistencia sanitaria integral en igualdade de condicións que o resto da poboación atendendo ás necesidades específicas de cada persoa con discapacidade.
6. Servizos sociais	Lograr que o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno.

LIÑAS TRANSVERSAIS<sup>8</sup>

<sup>8</sup> Téñase en conta que o enfoque de xénero actuará como liña transversal e como principio de acción de toda a Estratexia.

## 6. Actuacións da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

## Liña estratéxica 1 Accesibilidade

### 6.1.1 Fundamentos e descrición

A Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade, do 13 de decembro de 2006, establece o compromiso de promover, protexer e asegurar o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais en condicións de igualdade por parte das persoas con discapacidade e de promover o respecto á súa dignidade inherente. A Convención convértese nun instrumento, con carácter vinculante que defende e garante os dereitos das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da vida, como son a educación, a saúde, o traballo, a cultura, o ocio e a participación social e económica, e considera a accesibilidade como un elemento transversal de cada un deses ámbitos. Polo tanto, tal e como recoñece a Convención, a accesibilidade é un dereito e a súa carencia considérase unha vulneración da igualdade de oportunidades, polo que é responsabilidade dos poderes públicos así como tamén da sociedade no seu conxunto, establecer as condicións necesarias para que toda a cidadanía poida desenvolver a súa vida en condicións de igualdade.

Xa que logo, a gran relevancia que ten esta dimensión para a vida das persoas con discapacidade xustifica que, ademais da súa consideración transversal a toda a Estratexia, se dedique á accesibilidade unha das súas liñas, co fin de garantir o pleno exercicio dos dereitos e liberdades desta parte da cidadanía, asegurando a accesibilidade universal, xa sexa ao contorno físico en xeral, como aos ámbitos social, económico, político, cultural etc.

A participación social plena das persoas con algún tipo de discapacidade e o exercicio dos seus dereitos en todos os ámbitos vese claramente influída polas dificultades de accesibilidade, que veñen a condicionar aínda máis as propias limitacións funcionais da persoa. Por accesibilidade universal enténdese a supresión de obstáculos e barreiras de acceso no sentido máis amplo, isto é, non só ao medio físico -edificacións, vías públicas, transporte, vivenda, ...-, senón tamén aos servizos de comunicación e información.

Trátase dun concepto relacionado coa idea de "deseño para todas as persoas", o deseño universal entendido como o factor que permite crear produtos, contornos e comunicacións de modo que sexan utilizables por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade e da forma máis autónoma e natural posible, sen necesidade de adaptación nin de deseño especializado. Polo tanto, non beneficia exclusivamente ás persoas con discapacidade senón ao conxunto da poboación, con independencia das súas capacidades.

Este mesmo enfoque conceptual foi o contemplado no Plan de acción para as persoas con discapacidade 2010-2013 a través de medidas dirixidas tanto á eliminación de barreiras físicas como da comunicación, que é preciso seguir reforzando.

Nos últimos tempos as administracións públicas veñen realizando esforzos para mellorar a accesibilidade nos distintos ámbitos. No caso da Xunta de Galicia o compromiso coa súa mellora é máximo, tendo que subliñarse (como xa se indicou no capítulo anterior) a

aprobación en 2014 polo Parlamento de Galicia e a súa entrada en vigor no mes de marzo de 2015 da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (actuación que formaba parte do anterior plan de acción).

Esta lei recoñece expresamente que, nun contorno accesible e sen barreiras, as persoas con discapacidade melloran de forma significativa as súas habilidades e a súa autonomía, incrementan a súa participación e autoxestión na vida diaria e social, evitan situacións de marxinación, reducen a dependencia de terceiras persoas e incrementan a prevención desta dependencia. Recoñécese, ademais, que uns maiores niveis de accesibilidade proporcionan máis actividade produtiva, especialmente de renovación de innovación e deseño, e incrementan o número de persoas que, sen condicións favorables, non poderían participar.

Estruturada nun título preliminar e catro títulos, o texto legal establece a regulación en materia de barreiras arquitectónicas e urbanísticas, barreiras na edificación, no transporte público, na comunicación e na sinalización, o uso do símbolo internacional de accesibilidade, así como o deseño para todas as persoas e a accesibilidade no acceso a bens e servizos das administracións públicas e nas relacións con estas. Así mesmo, a lei recolle as medidas de control, o réxime sancionador, e regula a natureza e funcións do Consello Galego para a Promoción da Accesibilidade e a Supresión de Barreiras, órgano de participación e consulta na materia, e a Comisión Técnica de Accesibilidade, órgano administrativo competente para a tramitación dos expedientes sancionadores derivados da aplicación da lei.

Nesta orde de cousas, o primeiro obxectivo operativo desta liña estratéxica é precisamente **desenvolver de forma efectiva a normativa vixente en materia de accesibilidade e controlar a súa aplicación e cumprimento**. Durante os últimos anos avanzaouse substancialmente en materia de desenvolvemento normativo na nosa comunidade; ademais da aprobación da devandita lei, entre outras actuacións, aprobouse tamén a Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e modificouse a normativa reguladora do Consello Galego de Transportes para incluír nel, a participación de persoas con discapacidade.

Pero cómpre seguir avanzando en materia de supresión de barreiras ao contorno físico, medio urbano e transporte, polo que outros obxectivos incluídos nesta liña teñen que ver coa intervención no ámbito dos sistemas de transportes, infraestruturas e instalacións, co obxecto de facilitar a mobilidade, un ámbito no que os resultados son ata o de agora máis discretos, tanto no sector do transporte público como no privado. Por poñer algúns exemplos, segundo o informe de resultados de 2014 "Actualización de base de datos de frota de taxis accesibles en municipios de máis de 50.000 habitantes en España", realizado pola Fundación ONCE e o CERMI, ningunha das cidades galegas<sup>9</sup> cumpre co 5% da frota adaptada de taxis, rexistrando Santiago de Compostela a proporción máis elevada (3,7%).

<sup>9</sup> A Coruña, Ourense, Pontevedra, Vigo e Ferrol rexistran porcentaxes inferiores ao 2%. O informe non ofrece datos actualizados para a cidade de Lugo, que en 2013 contaba con 2 taxis adaptados.

## C.1 VEHÍCULOS ACCESIBLES POR PROVINCIA.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	TOTAL
Autobuses accesibles <sup>10</sup>	42.826	39.172	47,8	81.998	100,0
Taxis accesibles	110.360	103.888	48,5	214.248	100,0

Fonte: Dirección Xeral de Mobilidade. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Xunta de Galicia. Ano 2013.<sup>11</sup>

Segundo o estudo “Observatorio da accesibilidade da vivenda en España 2013”, realizado tamén pola Fundación ONCE en colaboración co CERMI, a maioría das vivendas existentes en España non cumpre criterios de accesibilidade universal, dato que se ve condicionado pola antigüidade de moitas destas edificacións pero que, segundo se sinala neste informe, a extensa normativa existente na actualidade non acaba de garantir unha construción respectuosa coa diversidade. Só no criterio de acceso á vivenda, unicamente o 2% cumpre todos os requisitos de accesibilidade universal; 15 de cada 100 vivendas dispoñen de ascensor cómodo e de dimensións adecuadas pero só o 2% cumpre os criterios de accesibilidade universal (entre outros elementos, por exemplo, pulsadores no sistema braille). Garaxes, zonas de aparcamento e zonas comúns son de difícil accesibilidade e percorrido para calquera persoa con mobilidade reducida, discapacidade visual ... na meirande parte dos casos, mentres que é o interior da propia vivenda o espazo con menor problema de accesibilidade (por exemplo, o 56% cumpre os criterios analizados para a zona de acceso ao seu interior).

Xa que logo, resulta imprescindible **introducir criterios de accesibilidade universal nas fases de deseño e planificación urbanística así como na edificabilidade**, de tal maneira que se considere o concepto de deseño para todas as persoas co fin de non ter que proceder posteriormente á adaptación das infraestruturas e instalacións, facendo deste xeito un uso eficiente dos recursos. Este é, pois, outro dos campos de acción nesta estratexia, para o que se contemplan dous obxectivos operativos, orientados, dunha banda a asegurar na fase de redacción de proxectos arquitectónicos de obra nova ou de reforma o acceso aos contornos construídos a todas as persoas, sen que sexa necesario levar a cabo adaptacións posteriores para persoas con necesidades específicas e, doutro, contemplar nos proxectos de deseño urbanístico que calquera persoa, con ou sen discapacidade poida acceder a unha vía ou espazo público urbano, integrarse nel e comunicarse e interrelacionarse cos seus contidos.

10 Non se inclúen datos sobre transporte adaptado nas cidades de Galicia por non dispoñer de información completa. No caso do transporte urbano de Vigo, a compañía adxudicataria contaba nese ano con 96 autobuses adaptados para persoas con mobilidade reducida.

11 No presente documento todas as fontes de información baseadas en datos procedentes de departamentos da Xunta de Galicia utilizan a nomenclatura oficial da estrutura orgánica vixente no período de referencia de recompilación, creación ou rexistro dos datos que se expoñen.

Así, e a través das liñas de financiamento do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e do Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020, está previsto levar cabo accións para establecer a accesibilidade universal como elemento fundamental das infraestruturas sociais e dos espazos públicos, ben adaptándoos, ben utilizándoos como espazos de formación, capacitación, investigación e sensibilización de sectores de poboación con necesidade de accesibilidade aos servizos. Un exemplo neste sentido son as liñas de axudas públicas dirixidas ás entidades locais galegas para a execución de obras de mellora e adquisición de equipamentos que garantan a accesibilidade.

Outro dos obxectivos operativos é **mellorar as condicións de uso dos contornos naturais protexidos e patrimoniais** e dos **recursos de carácter turístico e cultural** para todas as persoas con discapacidade, o que supón a continuidade de actuacións e posta en marcha doutras novas, destinadas á eliminación de todo tipo de barreiras neste eido, non só as relacionadas co medio físico.

Precisamente, as **barreiras existentes no eido da comunicación e no acceso á información** serán abordadas a través de varios obxectivos operativos. A difusión a través de medios audiovisuais como imaxes, iconas ou linguaxe escrita son algunhas das alternativas para facilitar a comunicación ás persoas con discapacidade auditiva, sendo tamén moi importante no plano das interaccións persoais a figura da persoa intérprete da linguaxe de signos. No caso de persoas con discapacidade visual e/ou problemas da comunicación e da linguaxe a necesidade céntrase na dispoñibilidade de sistemas alternativos e aumentativos da comunicación.

Así, impulsarase a **accesibilidade das tecnoloxías da información e da comunicación** para dispor dunha oferta ampla de custos razoables e con mecanismos de acceso sinxelos e seguros, así como actuacións que garantan o acceso á información e á comunicación respecto dos contornos, procesos, bens, produtos, actividades e servizos públicos ou promovidos pola administración pública e en todos os ámbitos (saúde, educación, ocio, emprego...). Aínda que ao longo destes anos puxéronse en marcha algunhas iniciativas no marco da administración autonómica en materia de comunicación da actividade institucional ou de acceso a determinados servizos para persoas con discapacidades sensoriais -adaptabilidade para o acceso ao servizo de Emerxencias 112, ao Teléfono da muller, a algúns contidos informativos na emisión televisiva e vía web da CRTVG...- existe aínda un amplo marxe de actuación e mellora neste terreo.

Por outra parte, está previsto tamén avanzar no desenvolvemento dos recursos e sistemas relacionados coa **senalización e a información para garantir o acceso das persoas con discapacidade ao contorno físico** (contornos urbanos, arquitectónicos e naturais).

Considerar a **accesibilidade universal** como materia transversal a toda a Estratexia tradúcese na súa necesaria incorporación **á práctica cotiá da Administración galega**, como elemento a ter en conta na elaboración e aplicación de normativas, contratación pública,

servizos etc., o que cómpre levar a cabo sen esquecerse da importancia do seu fomento no marco da actividade privada, outro dos obxectivos operativos que tamén se inclúe nesta liña estratéxica. A supresión de barreiras arquitectónicas en establecementos comerciais, hostaleiros, ... ademais das relacionadas coa comunicación en moi distintos ámbitos como o cultural, servizos de lecer, comercio, banca ... deben ser tamén obxecto de impulso para a súa asunción no ámbito da iniciativa privada.

Respondendo tamén ao seu carácter transversal, impulsarase a investigación, a creación e a transferencia de coñecemento, así como a formación neste campo coa implicación de todos os sectores e ámbitos profesionais cara a un desenvolvemento crecente de medidas que promovan a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas. Así, está previsto dar continuidade ás accións formativas sobre accesibilidade que se veñen desenvolvendo a través da oferta formativa da Escola Galega de Administración Pública, dirixidas ao persoal da administración autonómica. Nestes vindeiros anos, ademais, vanse complementar con accións destinadas ao persoal das entidades do terceiro sector co obxectivo de facilitarles coñecementos e ferramentas para o seu traballo diario e para que poidan actuar como axentes esenciais no proceso de acadar un contorno accesible.

Indicar, finalmente, que tamén se recolle nesta liña o carácter transversal da necesaria participación das persoas con discapacidade, de maneira que se prevé fomentar a participación de mulleres e homes con discapacidade nos procesos de deseño, validación e testaxe de bens, produtos e servizos a disposición do público para facilitar o seu uso e accesibilidade.

## 6.1.2 Obxectivos operativos e actuacións

### LIÑA ESTRATÉXICA 1: ACCESIBILIDADE

Obxectivo estratéxico: Asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural para o pleno exercicio do seus dereitos e liberdades fundamentais.

#### Obxectivo operativo 1.1

Desenvolver de forma efectiva a normativa vixente en materia de accesibilidade e controlar a súa aplicación e cumprimento.

#### Obxectivo operativo 1.2

Impulsar medidas que garantan o acceso á información e á comunicación respecto dos contornos, procesos, bens, produtos, actividades e servizos públicos ou promovidos pola administración pública e en todos os ámbitos (saúde, educación, ocio, emprego ...).

#### Obxectivo operativo 1.3

Desenvolver recursos e sistemas de sinalización e información para garantir o acceso das persoas con discapacidade ao contorno físico (contornos urbanos, arquitectónicos e naturais...).

#### Obxectivo operativo 1.4

Asegurar na fase de redacción de proxectos arquitectónicos de obra nova ou de reforma, o acceso aos contornos construídos a todas as persoas sen que sexa necesario levar a cabo adaptacións posteriores para persoas con necesidades específicas.

#### Obxectivo operativo 1.5

Considerar nos proxectos de deseño urbanístico que calquera persoa, con ou sen discapacidade, poida acceder a unha vía ou a un espazo público urbano, integrarse nel e comunicarse e interrelacionarse cos seus contidos.

#### Obxectivo operativo 1.6

Mellorar as condicións de uso dos contornos naturais protexidos e patrimoniais, así como dos recursos de carácter turístico e cultural para todas as persoas con discapacidade, de conformidade co previsto na lexislación sobre patrimonio.

#### Obxectivo operativo 1.7

Facilitar a mobilidade das persoas con discapacidade a través de sistemas de transporte accesibles (material móbil, infraestruturas e instalacións).

**Obxectivo operativo 1.8**

Impulsar a accesibilidade das tecnoloxías da información e da comunicación para dispor dunha oferta ampla de custos razoables e con mecanismos de acceso sinxelos e seguros.

**Obxectivo operativo 1.9**

Incorporar a accesibilidade universal como un elemento transversal na práctica das organizacións tanto públicas (elaboración e aplicación de normativas, contratación pública e servizos) como privadas.

**Obxectivo operativo 1.10**

Impulsar a investigación, transferencia de coñecemento e formación en materia de accesibilidade coa implicación de todos os sectores e ámbitos profesionais, cara a un desenvolvemento cada vez maior de medidas que promovan a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.

**Obxectivo operativo 1.11**

Incorporar as mulleres e homes con discapacidade nos procesos de deseño, validación e testaxe de bens, produtos e servizos á disposición do público para facilitar o seu uso e accesibilidade.

## Actuacións

### Obxectivo operativo 1.1

---

Desenvolver de forma efectiva a normativa vixente en materia de accesibilidade e controlar a súa aplicación e cumprimento.

- 1.1.1 Desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia e elaboración do Código de accesibilidade que conteña todas as normas técnicas aplicables na materia.
- 1.1.2 Elaboración do Plan galego de accesibilidade.
- 1.1.3 Impulso á aprobación da norma correspondente para regular o acceso ao voto das persoas con discapacidade.
- 1.1.4 Establecemento de comisións ou grupos de traballo que realicen o seguimento do cumprimento das medidas de accesibilidade establecidas na Lei de accesibilidade de Galicia e outra lexislación vinculada coa accesibilidade.
- 1.1.5 Posta en marcha de sistemas de auditoría de accesibilidade en todos os ámbitos: accesibilidade en espazos públicos e privados, edificios, contornos web, aplicación de tecnoloxías da información e da comunicación, bens e servizos etc. para formular, cando proceda, medidas correctoras.

- 1.1.6 Mantemento das accións informativas aos concellos relacionadas coa aplicación da normativa sobre accesibilidade.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

## Obxectivo operativo 1.2

Impulsar medidas que garantan o acceso á información e á comunicación respecto dos contornos, procesos, bens, produtos, actividades e servizos públicos ou promovidos pola administración pública e en todos os ámbitos (saúde, educación, ocio, emprego...).

- 1.2.1 Elaborar un documento–proposta de recomendacións para lle presentar ao Consello Coordinador de Publicacións coa finalidade de determinar as medidas para a adaptación das publicacións da Xunta de Galicia a braille e lectura fácil.
- 1.2.2 Divulgar o sistema pictográfico de signos e estender a súa utilización.
- 1.2.3 Reforzamento da incorporación de sistemas accesibles para as persoas con discapacidade cara á mellora da oferta de contidos da CRTVG (subtitulación, audiodescripción de contidos, tradución á lingua de signos ...)
- 1.2.4 Establecemento dos mecanismos axeitados para que a información pública dispoñible nas páxinas web da Xunta de Galicia (incluído o novo Portal da Transparencia) e organismos adscritos, así como as posicións en redes sociais e os servizos da administración electrónica, sexan accesibles.
- 1.2.5 Impulso ao desenvolvemento do sistema de lectura fácil e outras metodoloxías (audio, braille, interpretación lingua de signos...) que faciliten a comprensión da normativa, procedementos, instancias, comunicacións e calquera outra información de interese para as persoas con discapacidade.
- 1.2.6 Mantemento e ampliación do sistema de videointerpretación na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia.
- 1.2.7 Mantemento do servizo de apoio para garantir unha información accesible ás persoas con discapacidade a través da interpretación da lingua de signos nos procedementos xudiciais nos que sexan parte procesual.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 1.3

Desenvolver recursos e sistemas de sinalización e información para garantir o acceso das persoas con discapacidade ao contorno físico (contornos urbanos, arquitectónicos e naturais...).

- 1.3.1 Establecemento dunha liña de axudas a concellos para mellorar a accesibilidade dos recursos turísticos.
- 1.3.2 Mellora da sinalización e da información nos núcleos urbanos mediante o emprego de sistemas adaptados ás distintas discapacidades (sinais luminosas, utilización de pictogramas, paneis informativos de lectura fácil ...).
- 1.3.3 Mellora da sinalización para o acceso ao patrimonio histórico-artístico e aos espazos naturais a través da utilización de sistemas adaptados ás distintas discapacidades (sinais luminosas, utilización de pictogramas, paneis informativos de lectura fácil...).
- 1.3.4 Impulso á extensión dos semáforos sonoros e con indicación de tempo en todos os concellos de Galicia.
- 1.3.5 Promoción de programas de voluntariado social para o apoio e acompañamento de persoas con discapacidade a contornos naturais protexidos.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia de Turismo de Galicia

#### Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Cultura

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

#### Entidades locais

## Obxectivo operativo 1.4

Asegurar na fase de redacción de proxectos arquitectónicos de obra nova ou de reforma, o acceso aos contornos construídos a todas as persoas sen que sexa necesario levar a cabo adaptacións posteriores para persoas con necesidades específicas.

- 1.4.1 Inclusión de cláusulas que garantan a accesibilidade para todas as persoas nos pregos de condicións para a adxudicación de proxectos de construción ou reforma dos edificios administrativos da Xunta de Galicia.
- 1.4.2 Reforzamento dos mecanismos para o control do cumprimento dos criterios esixibles de accesibilidade previos á autorización final de proxectos de construción de obra pública e privada.

- 1.4.3 Establecemento de procedementos de control e seguimento da execución das novas edificacións e instalacións de uso público para garantir o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade.
- 1.4.4 Continuidade das obras de mellora da accesibilidade nos edificios públicos da Xunta de Galicia e organismos dependentes.
- 1.4.5 Convocatorias de liñas de axudas para a mellora de locais municipais destinados á realización de actividades culturais.
- 1.4.6 Continuidade das obras de adaptación das instalacións e espazos deportivos para o acceso e uso das persoas con discapacidade.
- 1.4.7 Impulso ao apoio para a adaptación e eliminación de barreiras en establecementos turísticos e de hostalaría.
- 1.4.8 Desenvolvemento de medidas de apoio á rehabilitación e mellora de mercados, galerías e centros comerciais para eliminar as barreiras que impiden o acceso ás persoas con discapacidade.
- 1.4.9 Desenvolvemento de accións para a mellora da accesibilidade en edificios de vivendas (instalacións de ascensores, melloras de zonas comúns ...).

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia de Turismo de Galicia
- Secretaría Xeral para o Deporte

#### Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Secretaría Xeral Técnica

#### Consellería de Infraestruturas e Vivenda

- Instituto Galego da Vivenda e Solo

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Dirección Xeral de Comercio

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Cultura

#### Entidades locais

## Obxectivo operativo 1.5

Considerar nos proxectos de deseño urbanístico que calquera persoa, con ou sen discapacidade, poida acceder a unha vía ou a un espazo público urbano, integrarse nel e comunicarse e interrelacionarse cos seus contidos.

- 1.5.1 Incorporación de cláusulas que garantan a accesibilidade para todas as persoas nos pregos de concursos públicos relativos á construción e infraestruturas urbanas.
- 1.5.2 Promoción da instalación de elementos de mobiliario urbano accesible: cabinas ou fornelas telefónicas, caixeiros automáticos, máquinas expendedoras e informativas e outros elementos análogos que requiran manipulación.

- 1.5.3 Impulso á inclusión de equipos multidisciplinares integrados por persoas profesionais expertas en materia de accesibilidade como criterio de valoración nos procedementos de adxudicación de proxectos urbanísticos e arquitectónicos.
- 1.5.4 Establecemento de procedementos de seguimento e control dos criterios esixibles de accesibilidade, previo á autorización de proxectos urbanísticos.
- 1.5.5 Formulación e posta en marcha de procedementos para a participación da cidadanía en xeral, e das entidades do ámbito da discapacidade, en particular nos proxectos de deseño urbanístico e implantación de criterios esixibles de idoneidade de deambulación.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio

- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

- Axencia Galega de Infraestruturas

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

## Obxectivo operativo 1.6

Mellorar as condicións de uso dos contornos naturais protexidos e patrimoniais, así como dos recursos de carácter turístico e cultural para todas as persoas con discapacidade, de conformidade co previsto na lexislación sobre patrimonio.

- 1.6.1 Realización de obras de mellora da accesibilidade nos espazos e edificacións que integran o patrimonio artístico e cultural de Galicia, así como os contornos naturais.
- 1.6.2 Aprobación e posta en marcha dun Plan de turismo accesible para as persoas con discapacidade que visiten Galicia e/ou realicen o Camiño de Santiago.
- 1.6.3 Establecemento dunha liña de axudas dirixidas a concellos para a mellora da accesibilidade e a sinalización dos recursos turísticos no medio rural.
- 1.6.4 Apoio a xeodestinos turísticos para o desenvolvemento de produtos turísticos orientados a persoas con discapacidade, especialmente con discapacidade visual, auditiva e mobilidade reducida
- 1.6.5 Reforzamento de servizos de guía e interpretación na lingua de signos para o acceso das persoas con discapacidade auditiva a espazos culturais en centros de titularidade autonómica (museos, salas de exposicións, centros de interpretación...) e aos espazos naturais protexidos.
- 1.6.6 Fomento da adaptación de contidos para persoas con discapacidade intelectual no acceso a espazos culturais.
- 1.6.7 Diseñar programas de visitas guiadas en museos, exposicións... utilizando lingua

de signos, audiodescrición, bucles magnéticos ou calquera outra fórmula que permita e garanta a comprensión por todas as persoas.

- 1.6.8 Elaboración de recursos e materiais informativos adaptados (sistema de lectura fácil, extensión das audioguías e signoguías...) no acceso aos espazos naturais protexidos e patrimonio artístico cultural.
- 1.6.9 Impulso do mantemento e adecuada conservación dos accesos aos espazos naturais protexidos e patrimoniais.
- 1.6.10 Habilitación dunha páxina web accesible con información sobre establecementos, oferta cultural e servizos turísticos accesibles.
- 1.6.11 Desenvolvemento de campañas para a difusión e posta en valor dos servizos accesibles existentes no ámbito cultural e nos espazos naturais protexidos.
- 1.6.12 Desenvolvemento de actuacións de mellora da accesibilidade nas infraestruturas portuarias adscritas a Portos de Galicia que faciliten o acceso ao mar e ás actividades náuticas ás persoas con discapacidade, especialmente a aquelas con mobilidade reducida.
- 1.6.13 Implantación de puntos de acollida e información turística accesible para persoas con discapacidade a través da incorporación de paneis informativos e sistemas de audioguías dixitais que permita o acceso desde os portos a outros puntos de interese turístico accesibles.
- 1.6.14 Desenvolvemento de actuacións para favorecer o acceso das persoas con discapacidade ás actividades náuticas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia de Turismo de Galicia

#### Consellería de Medio ambiente e Ordenación do Territorio

- Dirección Xeral de Conservación da Natureza

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Cultura
- Centro Galego de Arte Contemporánea

#### Consellería do Mar

- Portos de Galicia

#### Entidades locais

## Obxectivo operativo 1.7

Facilitar a mobilidade das persoas con discapacidade a través de sistemas de transporte accesibles (material móbil, infraestruturas e instalacións).

- 1.7.1 Implantación dun sistema tecnolóxico de información do sistema de transportes de Galicia (Sistema de axuda á explotación da mobilidade-SAE de Galicia), que ofrezca información en tempo real da oferta de transporte, co requirimento de adaptabilidade no desenvolvemento deste sistema (información sobre as condicións de accesibilidade das infraestruturas e medios de transporte público regular de uso xeral).
- 1.7.2 Xeneralización da utilización de vehículos accesibles no sistema de transporte público regular de uso xeral de viaxeiros e viaxeiras de Galicia.
- 1.7.3 Deseño dun modelo de familia de mobiliario urbano para o transporte público (marquesiñas e postes de parada) plenamente accesibles.
- 1.7.4 Implantación dun plan de revisión de infraestruturas auxiliares de transportes (marquesiñas, zonas de acceso...), que incorpore como actuación preferente a consecución de infraestruturas accesibles para as persoas con discapacidade.
- 1.7.5 Formulación de medidas específicas para persoas con discapacidade como parte do plan de calidade do sistema de transporte público.
- 1.7.6 Reforzamento das actuacións de revisión das infraestruturas "maiores" auxiliares do transporte para garantir as condicións básicas de accesibilidade.
- 1.7.7 Impulso á prestación do servizo de intérprete en lingua de signos e guías intérpretes, de carácter presencial ou mediante teleinterpretación, así como de medios de apoio á comunicación oral nos puntos de información e atención ao público nas estacións de transporte público.
- 1.7.8 Establecemento de mecanismos que garantan transporte adaptado ás persoas con discapacidade que o precisen para asegurar o acceso a calquera servizo (educativo, sanitario, social, cultural...) e evitar discriminacións por razóns xeográficas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA

#### Consellería de Infraestruturas e Vivenda

- Dirección Xeral de Mobilidade

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

#### Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 1.8

Impulsar a accesibilidade das tecnoloxías da información e da comunicación para dispor dunha oferta ampla de custos razoables e con mecanismos de acceso sinxelos e seguros.

- 1.8.1 Posta á disposición das entidades que traballan no ámbito da discapacidade das aulas que conforman a rede CeMIT para o desenvolvemento de actuacións propias da súa actividade ou obxectivo social, que estean relacionadas coa Sociedade da información.
- 1.8.2 Desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas no ámbito do sector público que faciliten o acceso a servizos, bens e produtos.
- 1.8.3 Promoción da creación de recursos técnicos adaptados ás necesidades específicas de información e comunicación das persoas con discapacidade no seu acceso e relacións coa administración pública (ILSEs-videointerpretación, bucles, equipos FM, estenotipia, subtítulo).
- 1.8.4 Elaboración dunha guía en materia de comunicación e discapacidade transferible e utilizable en todos os sistemas de tecnoloxía da información e da comunicación.
- 1.8.5 Continuidade da implantación da banda larga no medio rural para facilitar ás persoas con discapacidade o acceso á información, a través de axudas para a extensión de redes de acceso.
- 1.8.6 Impulso do voluntariado social para facilitar o acceso ás tecnoloxías da información e a comunicación ás persoas con discapacidade.
- 1.8.7 Mellora da accesibilidade na oferta formativa nas modalidades de teleformación e autoformación para favorecer as posibilidades formativas e de reciclaxe do colectivo de empregadas e empregados públicos con discapacidade.
- 1.8.8 Promoción da mellora da accesibilidade no sector das telecomunicacións: webs e servizos privados, operadores de telefonía e de televisión dixital e radio que desenvolvan a súa actividade na comunidade autónoma.
- 1.8.9 Fomento do uso das tecnoloxías da información e da comunicación entre as persoas con discapacidade previo diagnóstico sobre a accesibilidade destas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA
- Axencia de Turismo de Galicia
- Secretaría Xeral de Medios

#### Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Escola Galega de Administración Pública- EGAP

#### Consellería do Medio Rural

- Axencia Galega de Desenvolvemento Rural -AGADER

## Obxectivo operativo 1.9

Incorporar a accesibilidade universal como un elemento transversal na práctica das organizacións tanto públicas (elaboración e aplicación de normativas, contratación pública e servizos) como privadas.

- 1.9.1 Impulso á elaboración de plans locais de accesibilidade para adaptar as vías públicas, parques e demais espazos de uso público ás normas de accesibilidade.
- 1.9.2 Realización de campañas informativas e educativas dirixidas á poboación en xeral, co fin de sensibilizala na discriminación que sofren as persoas con discapacidade cando non existe accesibilidade.
- 1.9.3 Fomento da coordinación interdepartamental para facer unha efectiva planificación da accesibilidade.
- 1.9.4 Incorporación aos pregos de contratación pública das condicións de obrigado cumprimento establecidas pola Lei de accesibilidade de Galicia e outra normativa de aplicación.
- 1.9.5 Promoción de servizos en lingua de signos, teleinterpretación e mediación de persoas xordas e xordocegas no sector privado.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 1.10

Impulsar a investigación, transferencia de coñecemento e formación en materia de accesibilidade coa implicación de todos os sectores e ámbitos profesionais, cara a un desenvolvemento cada vez maior de medidas que promovan a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.

- 1.10.1 Realización dun estudo diagnóstico sobre a situación na comunidade autónoma en materia de barreiras á accesibilidade nos distintos ámbitos considerados na Lei 10/2014, de accesibilidade.
- 1.10.2 Elaboración de proxectos de I+D+i en materia de accesibilidade.
- 1.10.3 Elaboración de informes relativos ás TIC e ás persoas con discapacidade a través do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia.

- 1.10.4 Realización de xornadas, cursos e elaboración de publicacións dirixidas a responsables políticos/as, funcionariado, profesorado e inspección educativa, persoal técnico e colectivos de persoas con discapacidade, co obxecto de divulgar o contido da Lei 10/2014, de accesibilidade e do resto de normativa aplicable en materia de accesibilidade e eliminación de barreiras.
- 1.10.5 Definición de criterios consensuados de accesibilidade cognitiva e impulso da investigación de produtos e servizos facilitadores desta.
- 1.10.6 Deseño e impartición de accións formativas sobre a adaptación de materiais e contidos para a lectura fácil.
- 1.10.7 Impulso ao desenvolvemento de accións formativas e de sensibilización sobre accesibilidade dirixidas á poboación en xeral e colectivos profesionais (daqueles con maior relación coa accesibilidade, do sector turístico, hostalería e comercio...).
- 1.10.8 Desenvolvemento dun programa formativo en materia de accesibilidade para persoal das entidades do terceiro sector do ámbito social.
- 1.10.9 Mantemento das accións formativas en materia de linguaxe de signos para todo o persoal da administración, especialmente o que ocupa postos de atención ao público, para mellorar a comunicación coas persoas con dificultades auditivas.
- 1.10.10 Desenvolvemento de accións de formación dirixidas a profesionais da administración autonómica que interveñen no deseño, xestión, realización, información e soporte das actividades culturais, recreativas, deportivas e de lecer, que permita ofrecer unha adecuada atención ás persoas con discapacidade.
- 1.10.11 Formación de profesionais vinculados ao deseño urbanístico coa finalidade de que adquiran coñecemento e sensibilización respecto das persoas con discapacidade e as súas necesidades para que os espazos públicos urbanos dean servizo a toda a poboación.
- 1.10.12 Impulso á formación en materia de accesibilidade nas universidades e ciclos formativos das titulacións máis directamente relacionadas coas distintas dimensións da accesibilidade (no medio físico, no eido da comunicación etc.)
- 1.10.13 Impulso de accións formativas e de sensibilización sobre accesibilidade dirixidas a colexios profesionais.
- 1.10.14 Impulso á incorporación das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade nos procesos de toma de decisións relacionados coa investigación, a transferencia de coñecemento e a formación en materia de accesibilidade.
- 1.10.15 Edición de publicacións especializadas sobre accesibilidade e discapacidade e guías de recursos actualizadas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 1.11

Incorporar as mulleres e homes con discapacidade nos procesos de deseño, validación e testaxe de bens, produtos e servizos a disposición do público para facilitar o seu uso e accesibilidade.

- 1.11.1 Establecemento de procedementos de participación na testaxe de bens, produtos e servizos a disposición do público nas actuacións de fomento da accesibilidade da administración pública.
- 1.11.2 Desenvolvemento de accións de testaxe das versións elaboradas en lectura fácil por parte das entidades sociais do ámbito da discapacidade intelectual/TEA/ enfermidade mental..., así como por parte das propias persoas con discapacidade.
- 1.11.3 Creación dun grupo de persoas expertas a partir dun proceso de selección consensuado entre as entidades do terceiro sector e a administración para o deseño de proceso de testaxe, e definir os bens e produtos no ámbito dos servizos das administracións públicas obxecto de avaliación.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Liña estratéxica 2  
Autonomía persoal

### 6.2.1 Fundamentos e descrición

Potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos constitúe o obxectivo estratéxico desta segunda liña, dedicada ao fomento da autonomía persoal das persoas con discapacidade.

A vida independente, como principio inspirador da Estratexia, implica que as persoas con discapacidade deberían poder vivir da maneira máis independente posible e, sobre todo, como indica a Recomendación do Comité de Ministros aos estados membros do Consello de Europa -Rec (2006) 5<sup>-12</sup>, elixir onde e como vivir. A vida autónoma e a inclusión social plena soamente son posibles se a persoa vive dentro da sociedade.

Nunha liña conceptual semellante, a lei 39/2006 do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención das persoas en situación de dependencia define a autonomía como "a capacidade de controlar, afrontar e tomar, por propia iniciativa, decisións persoais acerca de como vivir de acordo coas normas e preferencias propias, así como de desenvolver as actividades básicas da vida diaria".

A partir destes presupostos, esta segunda liña estratéxica pretende mellorar e dar continuidade á oferta de recursos e servizos xa implantados, así como promover e impulsar outras medidas que posibiliten que as persoas con algún tipo de discapacidade poidan levar a súa vida do xeito máis independente posible.

Así, e desde o convencemento da importancia de implantar estratexias que evolucionen desde a asistencia institucional á facilitada no seo da propia comunidade, é necesario desenvolver, por exemplo, modelos de residencia nos que a persoa habite no propio contorno, en vivendas independentes ou vivendas protexidas, en contornos nos que a persoa poida contar con apoio. Isto implica, ademais, un enfoque coordinado da oferta de servizos baseados na propia comunidade e en estruturas de apoio centradas na persoa, sempre, desde perspectiva transversal de promover a participación das persoas con discapacidade, mesmo, como se recolle nun dos obxectivos operativos, na creación e funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.

Xa que logo, un obxectivo para desenvolver nos vindeiros anos no marco desta liña estratéxica será precisamente **potenciar os recursos que permitan alcanzar un maior grao de autonomía e de permanencia das persoas na súa contorna habitual**, a través do uso preferente dos recursos ordinarios existentes no contorno.

---

12 Recomendación do Comité de Ministros aos estados membros do Consello de Europa - Rec (2006) 5 sobre o Plan de Acción do Consello de Europa para a promoción de dereitos e a plena participación das persoas con discapacidade na sociedade: mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade en Europa 2006-2015.

Segundo datos da Enquisa de integración social e saúde do ano 2012<sup>13</sup>, entre a poboación xeral española de 15 e máis anos, unha de cada 10 persoas afirma ter unha dificultade importante ou non poder levar a cabo algunha actividade funcional como ver, oír, camiñar, concentrarse, comunicarse etc. A prevalencia da discapacidade neste subgrupo sitúase no 78,2%.

En canto ás actividades de autocoidado (comer só/soa, asearse, deitarse, vestirse...), o 3,7% das persoas de 15 e máis anos sinala unha limitación importante. O 93,9% desta pequena fracción de persoas presenta algún tipo de discapacidade. Unha proporción semellante atópase entre o 7% que manifesta ter dificultades para realizar tarefas no fogar como facer as compras, realizar traballos domésticos e administrar os asuntos e a economía do fogar.

Ademais das situacións de dependencia asociadas ao envellecemento, a perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial asociadas á discapacidade fan que estas persoas precisen de axuda para realizar actividades básicas da vida diaria e, no caso da discapacidade intelectual, discapacidade adquirida como o dano cerebral adquirido enfermidade mental, doutros apoios para a súa autonomía persoal.

En Galicia, o catálogo de servizos sociais integrados no Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD) comprende unha serie de servizos, os cales teñen prioridade sobre as axudas económicas. Os principais recursos son o Servizo de teleasistencia e xeolocalización, o Servizo de axuda no fogar, o de atención diúrna e o Servizo de atención residencial.

As prestacións económicas, denominadas libranzas, son de tres tipos: a libranza para os coidados no contorno familiar, de carácter excepcional e destinada ás persoas en situación de dependencia que son atendidas no seu domicilio por una persoa coidadora non profesional do seu contorno; a libranza de asistente persoal profesional, e a libranza para a adquisición e pagamento dun servizo dos anteriormente mencionados, cando non sexa posible prestalo mediante a rede pública da comunidade autónoma.

Outro recurso para as persoas en situación de dependencia é o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal, un servizo de axuda ao desprazamento programado e non urgente para chegar ás persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia a programas, centros ou servizos.

Segundo os datos do Sistema para a autonomía e atención á dependencia (SAAD), a 31 de xuño de 2015, Galicia contaba con 38.916 persoas beneficiarias con prestacións do sistema, o que representa o 1,42% da poboación total da comunidade autónoma (a media estatal cífrase no 1,60%).

---

13 Enquisa de integración social e saúde. Ano 2012. INE. Notas de prensa, 2 de decembro de 2013.

## C.1 PERSOAS BENEFICIARIAS E PRESTACIÓNS DO SAAD. Datos a 30 de xuño de 2015.

	N	%
<b>PERSOAS BENEFICIARIAS CON PRESTACIÓNS</b>	<b>38.916</b>	
Prevenición da dependencia e promoción da autonomía persoal	783	1,87
Teleasistencia	1.321	3,15
Axuda a domicilio	11.421	27,24
Centros de día/noite	5.843	13,93
Atención residencial	7.319	17,45
Prestación económica vinculada ao servizo	4.872	11,62
Prestación económica de coidados familiares	10.291	24,54
Prestación económica de asistencia persoal	84	0,20
Total de prestacións	41.934	100,0
Ratio de prestacións por persoa beneficiaria	<b>1,08</b>	

Fonte: Estatística mensual do SAAD. Portal da Dependencia. IMSERSO.

En canto ás prestacións de carácter económico, as libranzas, a 31 de decembro de 2014<sup>14</sup> o número de persoas beneficiarias con discapacidade ascendía a 7.715 persoas (54% do total de persoas perceptoras de prestacións económicas do SAAD). A práctica totalidade das libranzas de asistencia persoal destináronse a persoas con algún tipo de discapacidade (97,26%) -e practicamente todas menores de 65 anos-, mentres que nas de coidados no contorno familiar a proporción descende a 6 de cada 10, sendo do 40,73% nas libranzas vinculadas á adquisición dun servizo. Entre a poboación beneficiaria con algún tipo de discapacidade obsérvase, ademais, un maior peso de mulleres, máis acusado na prestación que se concede para a contratación dun servizo.

<sup>14</sup> Estes datos refírense a persoas activas no sistema a 31/12/2014. No acumulado anual, tamén reflectido na táboa, o total de libranzas ascendeu a 26.390, das cales 12.340 corresponderon a persoas con discapacidade (46,76%).

C.2 PERSOAS PERCEPTORAS DE LIBRANZAS: PESO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE. Datos de persoas usuarias activas a 31 de decembro de 2014 e total de expedientes acumulados tramitados ata 31/12/2014.

LIBRANZAS	TOTAL PERSOAS PERCEPTORAS	PERSOAS PERCEPTORAS CON DISCAPACIDADE A 31/12/2014		TOTAL PERSOAS PERCEPTORAS	PERSOAS PERCEPTORAS CON DISCAPACIDADE ACUMULADO 2014	
	N	n	%	N	n	%
<b>LIBRANZA DE ASISTENCIA PERSOAL</b>						
Total	<b>73</b>	<b>71</b>	<b>97,26</b>	<b>76</b>	<b>75</b>	<b>98,68</b>
Mulleres		36	50,70		38	50,66
Homes		33	46,47		36	48,00
Menores de 65 anos		69	97,18		73	97,34
65 anos e máis		2	2,82		2	2,66
<b>LIBRANZA DE COIDADOS NO CONTORNO FAMILIAR</b>						
Total	<b>9.890</b>	<b>5.885</b>	<b>59,50</b>	<b>19.065</b>	<b>9.244</b>	<b>48,48</b>
Mulleres		3.091	52,52		5.269	56,99
Homes		2.758	46,86		3.907	42,26
Menores de 65 anos		3.325	56,49		3.650	39,48
65 anos e máis		2.549	43,31		5.594	60,52
<b>LIBRANZA VINCULADA Á ADQUISICIÓN DUN SERVIZO</b>						
Total	<b>4.319</b>	<b>1.759</b>	<b>40,73</b>	<b>7.249</b>	<b>3.021</b>	<b>41,67</b>
Mulleres		1.236	70,26		2.089	69,14
Homes		519	29,50		918	30,38
Menores de 65 anos		246	13,99		321	10,62
65 anos e máis		1.511	85,90		2.700	89,38
<b>TOTAIS</b>	<b>14.282</b>	<b>7.715</b>	<b>54,02</b>	<b>26.390</b>	<b>12.340</b>	<b>46,76</b>

\* Nota: Nalgún caso a suma de porcentaxes correspondentes ás variables sexo e idade non alcanza o 100% debido a que nalgúns rexistros non aparece especificado o sexo ou a idade da persoa.

Fonte: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

Nos últimos anos leváronse a cabo, pois, actuacións de gran importancia para a promoción da autonomía das persoas con discapacidade. Potenciáronse recursos que melloraron a súa autonomía e a súa permanencia no contorno habitual: ampliouse o servizo de teleasistencia, o programa Xantar na Casa e o número de prazas de atención diúrna e deuse continuidade ao programa de pisos tutelados -actualmente cóntase con seis distribuídos nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra- e ao programa de acollemento familiar para facilitar a integración da persoa con discapacidade no seo dunha familia.

Ademais, incorporouse á carteira de servizos o servizo de promoción da autonomía persoal, mediante a aprobación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Coa entrada en vigor desta norma, a Xunta de Galicia comezou a posta en marcha dun novo modelo de prestación de servizos sociais que permite habilitar, deseñar e combinar recursos á medida das necesidades das persoas para acadar unha atención máis ampla, diversa e innovadora, para o cal se amplía o catálogo de servizos sociais públicos, acadando un sistema de calidade, eficiente e máis sustentable.

Este novo modelo baseado en carteiras de servizos abrangue as áreas de dependencia, persoas con autonomía, familia, infancia e inclusión, tendo por obxecto os textos normativos que as regulan, definir de xeito específico os servizos que as integran, así como tamén a súa ampliación. Este sistema de carteiras permite, fundamentalmente, acadar dúas metas: por unha banda, prestar máis e mellores servizos e, por outra, optimizar ao máximo as infraestruturas, o que redundará, á súa vez, na sustentabilidade do sistema.

A través da aprobación do citado decreto, Galicia conta por primeira vez cunha norma absolutamente innovadora, que permite ao sistema adaptarse en función das necesidades da persoa e rompe coa anterior agrupación de servizos clasificados segundo a idade da persoa ou a condición da discapacidade como criterios de acceso a estes, e no que a discapacidade, a través dunha clasificación por tipoloxía, pasa a erixirse en criterio de especialidade.

A carteira de servizos de promoción da autonomía e atención a persoas en situación de dependencia está integrada por:

- A carteira de servizos común, referente para calquera grao de dependencia que non requira un tratamento singular.
- A carteira de servizos específicos, que integra os dirixidos a persoas en situación de dependencia, maiores de dezaseis anos, que teñan determinados diagnósticos.
- A carteira do servizo de asistente persoal, que recolle os servizos dirixidos a facilitar o apoio persoal, a inclusión social e/ou educativa, así como a promoción e participación das persoas, maiores de dezaseis anos, que se atopen en situación de gran dependencia ou dependencia severa, co obxecto de permitir o seu desenvolvemento nas actividades da vida diaria, laborais e/ou educativas e propiciar a participación das persoas beneficiarias na vida social e económica.

Logo da aprobación do Decreto 149/2013, facíase necesaria a aprobación dunha norma que desenvolvese unha carteira de servizos sociais para persoas con autonomía, tanto maiores como persoas con discapacidade, que en moitas ocasións requiren igualmente dunha intervención na área social. Inclúese, por iso, entre as medidas da Estratexia, a redacción, aprobación e publicación do decreto polo que se definirá a carteira de servizos sociais para a atención de persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.

A dita carteira estará integrada polos seguintes tipos de servizos: Servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal, o Servizo de axuda no fogar, o Servizo de teleasistencia e xeolocalización, o Servizo de atención diúrna ocupacional, o Servizo de atención nocturna e o Servizo de atención residencial.

Pola súa banda, o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal-065 experimentou tamén unha importante reformulación no ano 2014, a través de dúas normas como son o mencionado Decreto 149/2013, do 5 de setembro, que inclúe no seu ámbito de aplicación o transporte adaptado e asistido na súa modalidade regular, é dicir, aquel que se emprega con carácter diario para acudir aos centros e equipamentos da rede galega de servizos sociais; e por outro lado, o Decreto 99/2014, do 24 de xullo, polo que se regula o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia, e que dá cobertura ás necesidades de transporte adaptado e asistido de carácter puntual, é dicir, un servizo de transporte de modalidade programada e non urxente.

Durante os seis primeiros meses de 2015 o Servizo Galego de Apoio á Mobilidade persoal-065 atendeu a 8.507 persoas, das que o 58% foron mulleres. En total, realizáronse neste período un total de 48.405 servizos.

### C.3 POBOACIÓN USUARIA DO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL-065 (SGAMP). XANEIRO-XUÑO DE 2015.

PROVINCIAS	MULLERES	HOMES	TOTAL
A Coruña	2.079	1.534	3.613
Lugo	1.066	777	1.843
Ourense	635	466	1.101
Pontevedra	1.157	793	1.950
<b>GALICIA</b>	<b>4.937</b>	<b>3.570</b>	<b>8.507</b>

Fonte: SGAMP, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

En 2014 a cifra total de servizos prestados ascendeu a 97.737, cunha media mensual de servizos demandados e efectivamente planificados de 10.745. Este servizo de transporte adaptado atendeu o 71,3% das demandas, destacándose o nivel de cumprimento entre servizos demandados e planificados para traslados asistenciais con servizos de aloxamento e para servizos médicos<sup>15</sup>.

### C.4 GRAO DE CUMPRIMENTO ENTRE SERVIZOS DEMANDADOS E PLANIFICADOS POLO SERVIZO GALEGO DE APOIO Á MOBILIDADE PERSOAL-065 (SGAMP). ANO 2014.

PROVINCIAS	Servizos médicos	Traslados a centros asist. con aloxamento	Programas de servizos sociais	Activ. educativas/formativas	Serv. terapéutico ou rehabilitac.	Xestións advtas.	Activ. culturais	TOTAL
A Coruña	88,37%	90,60%	70,85%	39,60%	60,33%	82,42%	58,90%	68,47%
Lugo	88,92%	89,78%	78,64%	47,44%	78,05%	79,56%	63,20%	78,53%
Ourense	87,76%	91,26%	76,56%	49,14%	65,03%	89,36%	54,55%	76,14%
Pontevedra	72,50%	86,16%	67,31%	45,87%	55,67%	47,20%	47,48%	64,26%
<b>GALICIA</b>	<b>85,15%</b>	<b>89,44%</b>	<b>73,49%</b>	<b>42,10%</b>	<b>62,83%</b>	<b>77,07%</b>	<b>56,48%</b>	<b>71,26%</b>

Fonte: SGAMP, Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

Non obstante, a permanencia no contorno non é sempre posible, polo que dispoñer de **alternativas residenciais** para que a persoa con discapacidade e as súas familias opten libremente é outro dos ámbitos nos que se pretende avanzar durante os vindeiros anos, de maneira que, cando por razóns de diversa índole e por circunstancias temporais non sexa posible o mantemento da vida no propio domicilio, facilitaranse solucións habitacionais públicas.

Doutra banda, a autonomía das persoas con discapacidade vese condicionada pola dispoñibilidade en maior ou menor medida de apoios complementarios, ben a través de axudas económicas, ben en forma de produtos e tecnoloxías de apoio, servizos ou tratamentos especializados, servizos persoais ou outras formas de apoio persoal ou animal, entre outros, os relacionados coa accesibilidade para a comunicación e a mobilidade. É fundamental neste sentido promover **medidas que favorezan o uso de medios técnicos de apoio e humanos** que faciliten esa independencia, tendo en conta o custo económico que representa para as persoas e as familias a dispoñibilidade deste tipo de medios.

A intervención personalizada, integral e adecuada ao ciclo de vida das persoas con discapacidade constitúe un dos principios orientadores da Estratexia e, neste sentido, o

<sup>15</sup> Unha vez feita a solicitude de servizo por parte da persoa usuaria, ten que ser valorada atendendo a orde de prioridades de servizos establecida e a dispoñibilidade de medios. Por conseguinte, o feito de que unha persoa usuaria teña solicitado un servizo de transporte non implica a súa realización efectiva nos termos demandados, polo que a confirmación á persoa usuaria da posibilidade ou imposibilidade de realizarlle o servizo solicitado producirase unha vez avaliadas, analizadas e priorizadas as peticións de servizo desa xornada. Na orde de prioridades os desprazamentos a servizos médicos e centros asistenciais con aloxamento ocupan os primeiros postos.

envellecemento será unha dimensión a considerar de xeito especial, por todas as implicacións que se asocian a esta etapa vital e polos seus efectos sobre a autonomía persoal.

A análise dos datos recollidos no capítulo dedicado ás características da poboación con discapacidade de Galicia evidencian unha tendencia ao incremento das discapacidades conforme aumenta a idade, e de maneira máis acusada entre as mulleres. De feito, a distribución por idades mostra que á volta da metade das discapacidades recoñecidas se sitúan a partir dos 65 anos (55,8% entre as mulleres, fronte ao 42,5% entre a poboación masculina).

Por iso, co obxectivo de contribuír á mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade en proceso de envellecemento, outro dos obxectivos operativos desta liña estratéxica inclúe unha serie de actuacións destinadas ao desenvolvemento de servizos, recursos e programas para favorecer a súa autonomía persoal.

Tal e como establece o artigo 10.1 da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, en relación co dereito a protección da saúde, prestarase especial atención á saúde mental e a saúde sexual e reprodutiva das persoas con discapacidade, polo que cómpre continuar co labor xa emprendido en **materia de educación afectivo-sexual dirixida tanto ás persoas con discapacidade, como ás súas familias e profesionais** que traballan neste ámbito.

Ademais, na liña de mellorar a calidade dos recursos neste eido, potenciarase a **transferencia de coñecemento** a través do impulso ao o **estudo, formación, sensibilización e información** sobre a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en Galicia.

E, finalmente, o último obxectivo desta liña estratéxica, como se avanzou en páxinas iniciais, dedícase a recoller unha serie de actuacións orientadas a promover a **participación das persoas con discapacidade** en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten en relación coa súa autonomía persoal, incluído a creación e funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.

## 6.2.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

### LIÑA ESTRATÉXICA 2: AUTONOMÍA PERSOAL

Obxectivo estratéxico: Potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.

**Obxectivo operativo 2.1** Promover medidas que favorezan o uso de medios técnicos de apoio e calquera outro que contribúa á vida independente das persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 2.2** Potenciar os recursos que permitan alcanzar maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu medio habitual, a través do uso preferente dos recursos ordinarios existentes no contorno.

**Obxectivo operativo 2.3** Facilitar solucións habitacionais públicas e adaptadas cando, por circunstancias temporais, non sexa posible o mantemento da vida no propio domicilio.

**Obxectivo operativo 2.4** Desenvolver servizos accesibles que favorezan a autonomía persoal das persoas con discapacidade en proceso de envellecemento.

**Obxectivo operativo 2.5** Impulsar a educación afectivo-sexual entre as persoas con discapacidade, as súas familias e profesionais.

**Obxectivo operativo 2.6** Impulsar o estudo, formación, sensibilización e información sobre a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en Galicia.

**Obxectivo operativo 2.7** Promover a participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten e en todos os ámbitos, incluído a creación e funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.

## ACTUACIÓNS

### Obxectivo operativo 2.1

Promover medidas que favorezan o uso de medios técnicos de apoio e calquera outro que contribúa á vida independente das persoas con discapacidade.

- 2.1.1 Posta en marcha de medios e axudas técnicas para o uso no fogar e noutros espazos, tales como sistemas FM, bucles magnéticos e receptores e detectores de sons.
- 2.1.2 Fomento de accións informativas dirixidas a persoas con discapacidade, familias e profesionais sobre axudas técnicas, recursos á disposición etc.
- 2.1.3 Servizo de préstamo de produtos de apoio e axudas técnicas no ámbito social, de forma coordinada, cando sexa posible, con outros servizos de préstamo existentes.
- 2.1.4 Realización dun estudo sobre a necesidade e viabilidade da implantación de puntos de orientación, asesoramento e préstamo de produtos de apoio e axudas técnicas en colaboración coas entidades especializadas no ámbito da discapacidade.
- 2.1.5 Impulso á aprobación de vantaxes fiscais pola adquisición de produtos de apoio para a cobertura de necesidades básicas das persoas con discapacidade.
- 2.1.6 Revisión da lexislación en materia fiscal sobre a que teña potestade lexislativa a Comunidade autónoma para mellorar, en todos os supostos que sexa posible respecto do tratamento común, as persoas con discapacidade, especialmente ás que teñen un grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65%.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Facenda

- Axencia Tributaria de Galicia

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 2.2

Potenciar os recursos que permitan alcanzar maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu medio habitual, a través do uso preferente dos recursos ordinarios existentes no contorno.

- 2.2.1 Aprobación e publicación da carteira de servizos para a atención de persoas maiores e/ou con discapacidade autónomas.
- 2.2.2 Desenvolvemento de accións de información e sensibilización dirixidas ao persoal de servizos públicos para facilitar o acceso das persoas con discapacidade aos recursos do contorno.
- 2.2.3 Desenvolvemento de programas para o logro do autonomía persoal en habilidades para a vida diaria e lectoescritura, así como sobre outras materias como educación viaria, utilización do tempo de lecer...
- 2.2.4 Fomento do voluntariado social entre as persoas con discapacidade.
- 2.2.5 Continuidade das accións de fomento da participación de mozas e mozos con discapacidade en actividades inclusivas de lecer educativo.
- 2.2.6 Apoio institucional ás programacións culturais que fomenten a participación activa de persoas con discapacidade, en igualdade de oportunidades, para favorecer o seu desenvolvemento creativo e expresivo a través das artes.
- 2.2.7 Desenvolvemento de accións informativas e formativas sobre principios de vida independente dirixidas ás persoas con discapacidade, familias e persoas dedicadas á prestación de asistencia persoal.
- 2.2.8 Mantemento das liñas de colaboración coas entidades sociais do ámbito da discapacidade para dar continuidade ás accións de apoio nos procesos de autonomía e na utilización dos recursos ordinarios existentes no contorno.
- 2.2.9 Mantemento e ampliación, no seu caso, da bolsa de asistentes persoais para prestar horas de asistencia persoal.
- 2.2.10 Establecemento de axudas individuais para a adquisición de servizos de promoción da autonomía persoal, e de servizos complementarios de asistencia persoal a persoas con discapacidade.
- 2.2.11 Instar á Administración Xeral do Estado para a regulación da figura profesional da/o asistente persoal e das súas funcións.
- 2.2.12 Apoio á mobilidade para persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia.
- 2.2.13 Promoción para que nos procesos de valoración da dependencia se inclúa o contorno como un factor máis á hora de valorar o grao de autonomía, de maneira que nos programas individuais de atención –PIA se establezan os servizos específicos de promoción da autonomía que favorezan a permanencia da persoa no seu contorno.
- 2.2.14 Financiamento de programas orientados a traballar coas familias das persoas con discapacidade, de xeito que estas apoiem e impulsen a promoción da autonomía persoal dos seus fillos e das súas fillas, dando continuidade ás intervencións iniciadas polos programas de atención temperá (darase prioridade na orde anual de subvencións).

- 2.2.15 Continuidade do programa de pisos tutelados (vivendas con apoio).
- 2.2.16 Posta en marcha de experiencias piloto de vivendas compartidas con asistencia persoal.
- 2.2.17 Desenvolvemento do Proxecto Fogar Dixital Social.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Cultura

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

### Obxectivo operativo 2.3

Facilitar solucións habitacionais públicas e adaptadas cando, por circunstancias temporais, non sexa posible o mantemento da vida no propio domicilio.

- 2.3.1 Cesión de vivendas públicas dispoñibles ás entidades sociais para a súa utilización con carácter temporal por persoas con discapacidade que teñan necesidades específicas.
- 2.3.2 Reserva de vivendas públicas para a cobertura de necesidades puntuais de persoas con discapacidade.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Infraestruturas e Vivenda

- Instituto Galego de Vivenda e Solo

## Obxectivo operativo 2.4

Desenvolver servizos accesibles que favorezan a autonomía persoal das persoas con discapacidade en proceso de envellecemento.

- 2.4.1 Deseño e posta en marcha de programas de envellecemento activo para persoas con discapacidade a partir dun enfoque inclusivo a través do uso preferente dos recursos ordinarios existentes no contorno.
- 2.4.2 Desenvolvemento de accións de sensibilización, información e formación sobre o proceso de envellecemento en persoas con discapacidade dirixidas ao persoal do sector sanitario, de servizos residenciais, xerontolóxicos etc.
- 2.4.3 Mantemento e ampliación, se procede, da Rede de atención especializada a persoas con discapacidade que sofren procesos de envellecemento prematuro.
- 2.4.4 Creación dun servizo de atención e diagnóstico de saúde mental especializado na discapacidade intelectual con presenza en cada provincia.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Sanidade

- Servizo Galego de Saúde

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

## Obxectivo operativo 2.5

Impulsar a educación afectivo-sexual entre as persoas con discapacidade, as súas familias e profesionais.

- 2.5.1 Realización de actividades de sensibilización, información e formación sobre educación afectivo-sexual en formato accesible dirixidas a persoas con discapacidade, familiares responsables de persoas con discapacidade maiores de idade e profesionais que traballan neste ámbito.
- 2.5.2 Elaboración de materiais sobre educación afectivo-sexual adaptados para mozos e mozas con discapacidade intelectual, familiares e profesionais que traballan con estas persoas.
- 2.5.3 Desenvolvemento de accións de sensibilización e normalización sobre a afectividade e sexualidade das persoas con discapacidade intelectual dirixidas ao conxunto da sociedade e, en especial, á poboación moza a través dos centros educativos.

- 2.5.4 Desenvolvemento de accións de información e actividades de educación afectivo-sexual no marco da programación dos centros Quérote+ nas que participen mozos e mozas con e sen discapacidade a partir dun enfoque inclusivo e da accesibilidade universal.
- 2.5.5 Elaboración de programas de educación afectivo-sexual e saúde reprodutiva que atendan as necesidades específicas das persoas con discapacidade en coordinación coas entidades sociais.
- 2.5.6 Asesoramento en materia afectivo-sexual a persoas con discapacidade, familiares e profesionais que traballan con estas persoas nos centros Quérote+.
- 2.5.7 Promoción de coñecementos sobre necesidades específicas de comunicación das distintas tipoloxías de discapacidade entre o persoal dos centros de información en materia afectivo-sexual.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

#### Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 2.6

Impulsar o estudo, formación, sensibilización e información sobre a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en Galicia.

- 2.6.1 Desenvolvemento de accións de sensibilización e información dirixidas a profesionais das distintas administracións sobre promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade, nomeadamente, persoal do ámbito educativo e de servizos sociais, administración de Xustiza, servizos xestores de procedementos relacionados coa discapacidade e recoñecemento da dependencia etc.
- 2.6.2 Difusión dos recursos existentes en materia de promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade entre o persoal de servizos da administración autonómica non adscritos ao departamento competente en materia de benestar.
- 2.6.3 Elaboración de material audiovisual para a sensibilización e información sobre a promoción da autonomía persoal que aborde todo o ciclo vital e que teña como protagonistas a persoas con discapacidade de Galicia.
- 2.6.4 Desenvolvemento de accións de formación e apoio ás familias de persoas con discapacidade desde idades temperás, para lograr a autonomía persoal.
- 2.6.5 Realización de accións formativas sobre promoción da autonomía persoal nos centros da rede pública de atención a persoas con discapacidade da comunidade autónoma dirixidas a profesionais.

- 2.6.6 Deseño dunha formación regrada e non regrada adecuada ás necesidades actuais, para que os e as profesionais que traballan con persoas con discapacidade presten unha mellor atención no que atinxe á promoción da autonomía real destas.
- 2.6.7 Desenvolvemento de accións formativas para os/as asistentes persoais, de xeito selectivo e en función das necesidades, que inclúan contidos sobre mediación, sobre a linguaxe de signos española e sobre sistemas alternativos e aumentativos de comunicación para facilitarles o seu labor de apoio a persoas con discapacidade psíquica, auditiva e/ou con outros problemas de comunicación.
- 2.6.8 Inclusión de contidos sobre a importancia da autonomía persoal nas actuacións de sensibilización social sobre persoas con discapacidade que se inclúan nesta Estratexia e contribuír a promover un cambio de paradigma na discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Presidencia:

Secretaría Xeral de Medios

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Escola Galega de Administración Pública- EGAP

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 2.7

Promover a participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten e en todos os ámbitos, incluído a creación e funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.

- 2.7.1 Impulso de canles e formatos de información accesibles que permitan a participación efectiva das persoas con discapacidade nos procesos de creación e posta en funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.
- 2.7.2 Participación das entidades representativas de persoas con discapacidade no desenvolvemento de normativa e nos procesos de xeración de recursos no ámbito da promoción da autonomía persoal.
- 2.7.3 Promoción de iniciativas para revisar e actuar sobre as barreiras normativas que poden afectar ao pleno exercicio da cidadanía das persoas con trastorno mental en consonancia coa aplicación da Convención internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

- 2.7.4 Aumento da presenza de persoas con discapacidade nos órganos de toma de decisións das entidades das que formen parte.
- 2.7.5 Impulso ás accións de flexibilización nas dinámicas de vida dos centros residenciais coa implicación das propias persoas con discapacidade.
- 2.7.6 Promoción da participación das persoas con discapacidade e das entidades sociais que as representan na elaboración dos instrumentos de planificación da administración autonómica que inclúan medidas das que poidan ser destinatarias.
- 2.7.7 Fomento da incorporación das persoas con discapacidade ás fases de seguimento e avaliación da ESGADI, así como dos plans de actuación nos que se concrete, a efectos de coñecer a súa valoración.
- 2.7.8 Incorporación das persoas con discapacidade ás accións de divulgación, sensibilización e información que se desenvolvan, visibilizándoas e facéndoas protagonistas activas no seu deseño e realización.
- 2.7.9 Fomento da participación social das mulleres con discapacidade para a mellora da súa autonomía persoal.
- 2.7.10 Apoio institucional ás asociacións de mulleres con discapacidade en accións de sensibilización social e colaboración na realización de xornadas dirixidas a mulleres con discapacidade co fin de reforzar a súa imaxe positiva, libre de estereotipos, e a súa contribución á sociedade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade



Liña estratéxica 3  
Educación

### 6.3.1 Fundamentos e descrición

Como establece o Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito a unha educación inclusiva, de calidade e gratuíta, en igualdade de condicións coas demais persoas. Corresponde ás administracións con competencias en materia de educación asegurar un sistema educativo inclusivo en todos os niveis educativos, así como o ensino ao longo da vida (artigo 18).

Por outra parte, a Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020 inclúe como un dos ámbitos primordiais de actuación a educación e a formación, instando a promover unha educación e unha aprendizaxe permanente inclusiva para todo o alumnado. E nese mesmo sentido, a Estratexia Española sobre discapacidade 2012-2020 establece como un dos seus ámbitos de actuación a educación e a formación, poñendo de relevo que o limitado acceso á formación, particularmente nos niveis superiores do sistema educativo, é un dos factores que interveñen de xeito decisivo nos procesos de exclusión social das persoas con discapacidade, en tanto que un baixo nivel formativo limita de xeito notable as súas oportunidades de integración.

A Estratexia galega sobre discapacidade quere incidir nesta importante dimensión da vida das persoas, como resposta e garantía dun dereito fundamental que contribúe ao progreso e desenvolvemento das sociedades, reforzando o traballo realizado no plan de acción anterior.

É obriga dos poderes públicos garantir un posto escolar ao alumnado con discapacidade na educación básica, atendendo á diversidade de necesidades educativas específicas, mediante a regulación de apoios e axustes razoables para a atención dos e das que precisen unha atención especial de aprendizaxe ou de inclusión. Pero, alén deste imperativo legal, cómpre avanzar na promoción da igualdade de oportunidades no acceso á educación máis alá da ensinanza obrigatoria, obxectivo estratéxico da presente liña, que pretende incidir na vertente da aprendizaxe permanente das persoas con algún tipo de discapacidade.

En todos os niveis de ensinanza non obrigatoria existe unha menor escolarización de persoas con discapacidade, en comparación co resto da poboación, tendencia que se acentúa coa idade. A desigualdade que xa se observa nos niveis de educación básica reducen as posibilidades de acceso aos niveis superiores, aínda que é tamén certo que cada vez con maior intensidade a mocidade con algún tipo de discapacidade accede á educación superior, a pesar dos diversos atrancos que aínda presenta o sistema.

## C.1 POBOACIÓN ESPAÑOLA CON E SEN DISCAPACIDADE SEGUNDO O NIVEL DE FORMACIÓN.

Total poboacional	PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PERSOAS SEN DISCAPACIDADE
Estudos primarios ou inferiores	<b>43,1</b>	15,6
Estudos secundarios de 1ª etapa	<b>34,3</b>	33,5
Estudos secundarios de 2ª etapa	12,1	22,1
Estudos superiores	10,5	28,8
<b>TOTAL</b>	100,0	100,0

Poboación de 15 a 64 anos	PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PERSOAS SEN DISCAPACIDADE
Estudos primarios ou inferiores	23,6	10,7
Estudos secundarios de 1ª etapa	<b>43,0</b>	33,5
Estudos secundarios de 2ª etapa	18,8	24,1
Estudos superiores	14,5	31,7
<b>TOTAL</b>	100,0	100,0

Poboación de 65 e máis anos	PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PERSOAS SEN DISCAPACIDADE
Estudos primarios ou inferiores	<b>65,8</b>	43,4
Estudos secundarios de 1ª etapa	24,1	33,8
Estudos secundarios de 2ª etapa	4,3	10,8
Estudos superiores	5,8	12,0
<b>TOTAL</b>	100,0	100,0

Fonte: Enquisa de integración social e saúde. Ano 2012. INE.

No sistema educativo non universitario de Galicia un total de 7.558 alumnos e alumnas presentan necesidades educativas especiais, cun significado predominio da poboación masculina, que representa á volta de dous terzos do total. Tendo en conta que a escolarización deste alumnado en centros de educación especial ou unidades substitutorias só se leva a cabo de xeito excepcional cando as súas necesidades non poden ser atendidas no marco das medidas de atención á diversidade dos centros ordinarios (artigo 18.3 da devandita lei), os datos para o curso 2014-15 revelan que o 85% deste alumnado cursa os seus estudos en centros e aulas ordinarias.

## C.2 ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS (de ata 18 anos). CURSO 2014-2015.

MODALIDADE DE ESCOLARIZACIÓN	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	N	%	N	%	N	%
En centros ordinarios	2.145	33,4	4.268	66,6	<b>6.413</b>	<b>100,0</b>
En unidades específicas de educación especial en centros ordinarios	136	32,5	282	67,5	<b>418</b>	<b>100,0</b>
En centros específicos de educación especial	243	33,4	484	66,6	<b>727</b>	<b>100,0</b>

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. Curso 2014-2015 (datos provisionais).

En canto á presenza nas ensinanzas universitarias, nese mesmo curso estaban matriculadas/os nas universidades galegas un total de 413 estudantes con algún tipo de discapacidade, cunha desigual distribución: a Universidade de A Coruña contaba con 152 alumnos e alumnas, a USC con 254, e a Universidade de Vigo só con 7.

Nos últimos tempos, a administración galega vén realizando importantes esforzos para a consecución dun modelo educativo plenamente inclusivo baseado na normalización e na plena inclusión do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo. Entre as accións levadas a cabo no ámbito da educación básica poden mencionarse a realización das adaptacións pertinentes para que o alumnado con discapacidade fixese as probas de avaliación de diagnóstico; a continuidade da convocatoria de axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario para alumnado dos centros sostidos con fondos públicos, ou a continuidade á convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades educativas especiais.

Pero cómpre seguir avanzando neste eido, para proporcionar unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, a través dos recursos e apoios necesarios (plans de estudos adaptados, adaptacións curriculares, axuste de tempos, persoal...) que dean resposta ao desenvolvemento psicomotor, intelectual, social e afectivo-emocional; unha liña de traballo tamén recollida no obxectivo 1.5.09 do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020: "reducir o abandono educativo temperá e mellorar os resultados educativos do alumnado con necesidades educativas e do alumnado con necesidades específicas, a través de medidas de apoio personalizado".

Así mesmo, en materia de revisión, adaptación e aplicación de normativa, no marco do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013 leváronse a cabo medidas necesarias para facer efectiva a inclusión educativa das persoas con discapacidade, entre outras, a publicación do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a

atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; ou a elaboración e publicación de currículos das ensinanzas de formación profesional, co fin de que introducisen a consideración da accesibilidade universal.

A aprobación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), fai precisa a continuidade deste labor de **desenvolvemento normativo por parte da Administración autonómica, para garantir a adaptación á nova lei** e controlar a súa aplicación efectiva en relación aos aspectos específicos vinculados á inclusión educativa do alumnado con discapacidade.

Como se indicou, a continuidade nos estudos das persoas con algún tipo de discapacidade máis alá da ensinanza obrigatoria é significativamente máis baixa que entre a poboación sen discapacidade. Reducir esta fenda no acceso á formación media e superior é un dos retos desta Estratexia, que pon o acento no **establecemento de medidas que contribúan a diminuír o abandono escolar e a aumentar a proporción de persoas con discapacidade na educación superior**. E isto en consonancia coas necesidades expresadas pola Administración autonómica no marco do obxectivo temático 10 do programa operativo FSE Galicia 2015-2020: a necesidade de desenvolver mecanismos que reduzan o abandono escolar respecto da media europea; de apostar polo establecemento de mecanismos de integración das persoas que abandonaron os sistemas de educación formal; de mellorar a participación nos sistemas de formación profesional, garantindo a calidade destes e a súa adecuación ás demandas do mercado de traballo; e a potenciación dos mecanismos dirixidos á aprendizaxe permanente, de cara ao desenvolvemento das competencias das persoas cara ao novo paradigma da sociedade do coñecemento.

Para iso, será moi importante **intensificar o apoio na transición entre etapas educativas, especialmente na secundaria**, establecendo mecanismos de apoio e reforzo das accións que levan a cabo as distintas persoas profesionais implicadas, e evitar así a ruptura do itinerario educativo, facilitando o acceso ao ensino profesional e universitario.

Ademais, na perspectiva de proporcionar ás persoas con discapacidade unha atención integral ao longo de todo o ciclo vital, non pode esquecerse a importancia dunha **educación permanente e de calidade que mellore a cualificación e lles facilite a incorporación ao mundo laboral**. Neste sentido, preténdese avanzar no deseño de medidas dirixidas a garantir unha acreditación de estudos para que as persoas con discapacidade teñan máis posibilidades tanto a nivel educativo como laboral.

Noutra orde de cousas, a implantación dun modelo de educación inclusiva require a implicación de toda a comunidade educativa: alumnado, familias, profesorado e persoal non docente dos centros con funcións de orientación, coidado etc. Cómpre polo tanto, dar continuidade á capacitación da comunidade educativa profesional que inclúa contidos específicos sobre educación inclusiva e educación para a diversidade. Non hai que esquecer

tampouco a necesidade de información, asesoramento e apoio que precisan as familias de menores con algunha discapacidade, polo que **proseguirán as accións de formación, información e concienciación sobre a discapacidade en todas as súas dimensións e tipoloxías** para favorecer a inclusión, asistencia e permanencia no sistema. Ademais, impulsárase a **participación de todos os axentes da comunidade e das propias persoas con discapacidade** nos procesos relacionados coa consulta e toma de decisións relacionados coa inclusión educativa.

Así mesmo, é necesario seguir traballando para que os **centros educativos** sexan **plenamente accesibles, tanto no contorno como nas propias instalacións**, dotando os centros dos medios técnicos de apoio que se precisen. Estas actuacións sitúanse ademais nas liñas de traballo establecidas, por un lado, no marco do programa operativo Feder Galicia 2015-2020 en relación co obxectivo temático 10, concretamente coa posta en marcha de novas infraestruturas e modernización das xa existentes co obxectivo de ampliar o acceso do alumnado ao sistema educativo en condicións óptimas; e, por outro lado, no marco do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, que no seu obxectivo estratéxico 1.5.03 márcase como reto “mellorar a calidade da educación e os resultados escolares dos centros educativos de educación especial, en especial mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas”.

A **innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e de atención educativa á diversidade** constitúe unha dimensión esencial que debe ser potenciada nos vindeiros anos, coa finalidade de ofrecer unha verdadeira atención integral, especialmente ás e aos menores, e na que o sistema educativo xoga un papel central. A este respecto, e como exemplo de boa práctica neste ámbito, cómpre salientar a publicación a principios de 2015 do Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.

Este protocolo enmárcase no Decreto 183/2013, de 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, que expón a necesidade de elaborar unha documentación que permita crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na procura dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades da poboación infantil con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos e as súas familias.

Trátase dun instrumento que ten por obxecto establecer a debida coordinación entre o sistema educativo, sanitario e os servizos sociais, procurar a complementariedade das intervencións e garantir un modelo único de intervención. E deseñouse como unha ferramenta de traballo útil para os e as profesionais que participan na atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecelos, e garante unha actuación transversal que resulta transcendente para o seu progreso dun xeito continuado.

Neste marco de colaboración entre os departamentos competentes en materia de educación, sanidade e servizos sociais, elaborouse a Axenda da atención temperá en Galicia para o período 2015-2017, que contén as varias liñas estratéxicas que marcan a actuación neste ámbito. Así mesmo, o Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020 inclúe tamén actuacións neste eido, en concreto, a través de axudas destinadas á posta en marcha e consolidación da Rede galega de atención temperá.

É polo tanto fundamental, continuar nesta senda de traballo coordinado e conxunto, potenciando os mecanismos que facilitan a coordinación entre o persoal da comunidade educativa e as persoas profesionais doutros sistemas, co fin de garantir a adecuada atención integral das persoas con discapacidade.

## 6.3.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

### LIÑA ESTRATÉXICA 3: EDUCACIÓN

**Obxectivo estratéxico:** Promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.

**Obxectivo operativo 3.1**

Desenvolver a normativa en materia de educación con plena adaptación ao novo marco establecido pola LOMCE e impulsar a súa adecuada aplicación e cumprimento en relación aos aspectos específicos vinculados á normalización e inclusión educativa do alumnado con discapacidade.

**Obxectivo operativo 3.2**

Favorecer unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionando os apoios e recursos necesarios (plans de estudos adaptados, adaptacións curriculares, axuste de tempos, persoal...) que dean resposta ao desenvolvemento psicomotor, intelectual, social e afectivo-emocional.

**Obxectivo operativo 3.3**

Intensificar o apoio na transición entre etapas educativas das persoas con discapacidade especialmente cara ao ensino profesional e universitario.

**Obxectivo operativo 3.4**

Garantir unha acreditación de estudos para que as persoas con discapacidade teñan máis posibilidades a nivel educativo e laboral.

**Obxectivo operativo 3.5**

Desenvolver medidas que permitan acadar un incremento de persoas con discapacidade na educación superior.

**Obxectivo operativo 3.6**

Facilitar a accesibilidade aos centros educativos tanto no contorno como nas propias instalacións, así como medios de transporte adaptado para o alumnado con mobilidade reducida.

**Obxectivo operativo 3.7**

Impulsar na comunidade educativa o coñecemento, formación e concienciación sobre a discapacidade en todas as súas dimensións e tipoloxías para favorecer a inclusión de todas as persoas no sistema educativo, así como a súa asistencia e permanencia.

**Obxectivo operativo 3.8**

Potenciar a innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e de atención educativa á diversidade.

**Obxectivo operativo 3.9**

Impulsar a participación de todos os axentes da comunidade e das persoas con discapacidade no seu proceso de inclusión educativa en todos os niveis.

## ACTUACIÓNS

### Obxectivo operativo 3.1

Desenvolver a normativa en materia de educación con plena adaptación ao novo marco establecido pola LOMCE e impulsar a súa adecuada aplicación e cumprimento en relación aos aspectos específicos vinculados á normalización e inclusión educativa do alumnado con discapacidade.

- 3.1.1 Elaboración e publicación da normativa necesaria para a implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa (LOMCE) na Comunidade Autónoma de Galicia, respectando os aspectos específicos vinculados á inclusión educativa do alumnado con discapacidade.
- 3.1.2 Impulso e reorientación, se é o caso, das accións contempladas no Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, co obxecto de garantir a adecuada aplicación das medidas de carácter ordinario e normalizador.
- 3.1.3 Creación dunha comisión de seguimento coa participación das entidades sociais representativas do ámbito da discapacidade para velar polo cumprimento das medidas establecidas na normativa sobre a atención educativa do alumnado con discapacidade.
- 3.1.4 Revisión e actualización da ratio do alumnado con necesidades educativas especiais acorde á discapacidade que presente.

**Departamentos administrativos/organismos implicados**

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 3.2

Favorecer unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionando os apoios e recursos necesarios (plans de estudos adaptados, adaptacións curriculares, axuste de tempos, persoal...) que dean resposta ao desenvolvemento psicomotor, intelectual, social e afectivo-emocional.

- 3.2.1 Fortalecemento dos apoios e recursos para a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, nomeadamente no que atinxe á adaptación do currículo, disposición de persoal docente especializado en Audición e Linguaxe e en Pedagogía Terapéutica e disposición de unidades de educación especial en centros ordinarios.
- 3.2.2 Continuidade do concerto educativo cos centros docentes privados concertados de educación especial e centros ordinarios con unidades de educación especial.
- 3.2.3 Mantemento da convocatoria de axudas a centros privados concertados para a atención a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- 3.2.4 Consideración do factor xeográfico na habilitación dos recursos de educación especial e habilitación de aulas substitutorias de centros de educación especial na zona rural.
- 3.2.5 Mantemento das condicións máis favorables para as e os escolares e familias con membros con discapacidade no acceso aos programas de libros de texto (Fondo solidario e/ou axudas para a adquisición) destinados ao alumnado de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de educación especial.
- 3.2.6 Mantemento das condicións máis favorables para as e os escolares e familias con membros con discapacidade no acceso ás axudas para a adquisición de material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou educación especial en centros sostidos con fondos públicos.
- 3.2.7 Mellora da calidade da educación e dos resultados escolares dos centros educativos de educación especial, principalmente mediante a modernización de procedementos, dotacións de medios e de infraestruturas.
- 3.2.8 Consideración da adaptación ou deseño específico das medidas de reforzo escolar para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no marco dos plans de mellora establecidos en termos xerais para os centros educativos de primaria e secundaria.
- 3.2.9 Elaboración de pautas de actuación en colaboración co terceiro sector que permitan dar flexibilidade ás adaptacións do currículo á LOMCE e ás das distintas modalidades de escolarización e garantan unha resposta individualizada ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- 3.2.10 Impulso á implantación de metodoloxías de traballo, sistemas flexibles de apoio e de avaliación da aprendizaxe que faciliten a inclusión de todo o alumnado nas aulas e nos centros educativos (por exemplo, a aprendizaxe cooperativa).
- 3.2.11 Promoción de programas de orientación e asesoramento ás familias de alumnado con necesidades educativas especiais no desenvolvemento de metodoloxías e actividades específicas para traballar cos seus fillos e fillas.

- 3.2.12 Posta en marcha de accións para garantir a inclusión educativa das persoas menores de idade con discapacidade en situación de protección e/ou baixo a tutela da administración.
- 3.2.13 Promoción da elaboración de materiais educativos dirixidos a apoiar os procesos de inclusión en centros ordinarios de alumnado con discapacidade con necesidades de apoio educativo.
- 3.2.14 Fortalecemento da dotación de medios técnicos que favorezan o acceso do alumnado ao currículo, nomeadamente a través da extensión de sistemas tecnolóxicos de apoio á comunicación.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

### Obxectivo operativo 3.3

Intensificar o apoio na transición entre etapas educativas das persoas con discapacidade especialmente cara ao ensino profesional e universitario.

- 3.3.1 Flexibilización da escolarización en todos os niveis e etapas educativas para favorecer ao alumnado con necesidades educativas especiais o acceso á educación superior.
- 3.3.2 Deseño de programas de asesoramento e orientación académica e profesional para os procesos de tránsito entre etapas educativas que proporcionen solucións adaptadas ao alumnado con necesidades de apoio educativo e faciliten información e acompañamento ao alumnado e ás súas familias.
- 3.3.3 Reforzo dos programas de orientación psicopedagóxica existentes para mellorar o tránsito entre etapas educativas, nos que se inclúan accións de asesoramento e orientación académica e profesional.
- 3.3.4 Desenvolvemento de accións para o alumnado con discapacidade que faciliten a toma de decisións sobre a súa traxectoria profesional (mediante a realización de visitas a empresas e outras accións que acheguen información sobre a realidade do mercado laboral).

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 3.4

Garantir unha acreditación de estudos para que as persoas con discapacidade teñan máis posibilidades a nivel educativo e laboral.

- 3.4.1 Realización das adaptacións pertinentes para que calquera persoa con discapacidade poida acceder ás probas de obtención de certificados acreditativos que melloren as súas posibilidades formativas e de emprego (coñecemento da lingua galega, competencias clave...).
- 3.4.2 Promoción da formación de carácter práctico para a obtención das titulacións ou acreditacións correspondentes.
- 3.4.3 Impulso dunha revisión cuantitativa e cualitativa da oferta de prazas dos módulos de Formación Profesional que se destinan ás persoas con discapacidade para unha mellor adecuación á demanda e ás características das distintas discapacidades.
- 3.4.4 Promoción e desenvolvemento de programas de Formación profesional básica adaptada aos que poidan acceder as persoas con discapacidade con independencia do grao de escolarización acadado.
- 3.4.5 Elaboración de diagnoses de necesidades de formación para unha mellor adecuación ás demandas das empresas.
- 3.4.6 Recoñecemento das competencias educativas alcanzadas na etapa obrigatoria de formación regrada, así como da experiencia laboral e da formación non regrada a efectos da obtención de certificados por parte das persoas con discapacidade que lles faciliten o acceso ao mercado laboral.
- 3.4.7 Habilitación dunha certificación académica para o alumnado con discapacidade que non completa os estudos de ensinanza obrigatoria na que se detallan as habilidades acadadas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

### Obxectivo operativo 3.5

Desenvolver medidas que permitan acadar un incremento de persoas con discapacidade na educación superior.

- 3.5.1 Mellora da dotación de servizos técnicos e de apoio adaptados ás distintas discapacidades nas universidades e centros educativos de ensino superior dependentes da Administración autonómica.
- 3.5.2 Activación do grupo de traballo interuniversitario conformado por persoal das tres universidades galegas para o deseño, posta en marcha e seguimento de accións en materia de discapacidade/diversidade/accesibilidade dirixidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio e ao persoal docente e de investigación neste ámbito.
- 3.5.3 Posta en marcha de accións para facilitar o acceso á educación superior das persoas con discapacidade baixo tutela da administración.
- 3.5.4 Ampliación da exención de taxas e prezos públicos en vigor ás probas de acceso á universidade para maiores de 25 e 45 anos e outras de carácter administrativo.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Presidencia

- Axencia e Turismo de Galicia (CSHG)

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral de Universidades

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Universidades

### Obxectivo operativo 3.6

Facilitar a accesibilidade aos centros educativos tanto no contorno como nas propias instalacións, así como medios de transporte adaptado para o alumnado con mobilidade reducida.

- 3.6.1 Mantemento das solucións de transporte escolar para alumnado con discapacidade en idades de escolarización obrigatoria.
- 3.6.2 Continuidade da mellora da accesibilidade e supresión de barreiras físicas e da comunicación nos centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Xunta de Galicia, así como nas universidades.
- 3.6.3 Fomento de opcións de transporte adaptado para que as persoas con mobilidade reducida accedan á educación non obrigatoria.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral Técnica

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Universidades

### Obxectivo operativo 3.7

Impulsar na comunidade educativa o coñecemento, formación e concienciación sobre a discapacidade en todas as súas dimensións e tipoloxías para favorecer a inclusión de todas as persoas no sistema educativo, así como a súa asistencia e permanencia.

- 3.7.1 Creación dunha comisión socioeducativa para a inclusión das persoas con discapacidade, entre as consellerías competentes en materia de educación, servizos sociais e formación e emprego e as entidades do sector da discapacidade
- 3.7.2 Continuidade das accións de formación permanente do persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de atención á diversidade, discapacidade e necesidades educativas especiais.
- 3.7.3 Continuidade das accións de formación continua do persoal laboral (coidadoras/es, auxiliares...) en centros de ensino dependentes da Xunta de Galicia para a prevención e coidados especiais en materia de saúde do alumnado con discapacidade.
- 3.7.4 Realización de campañas de sensibilización e información sobre as necesidades de apoio das persoas con discapacidade dirixidas ao conxunto da comunidade educativa no ensino non universitario, así como no ámbito das universidades e outras ensinanzas superiores.
- 3.7.5 Revisión do Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso para unha mellor abordaxe desde a perspectiva da discapacidade.
- 3.7.6 Desenvolvemento de accións formativas sobre habilidades para a detección precoz da discapacidade e intervención nas aulas dirixidas ao profesorado, persoal non docente (traballadores/as de comedores escolares, monitores/as de transporte escolar, persoal de conserxería etc.) e outras persoas profesionais dos centros educativos.
- 3.7.7 Impulso á introdución nos currículos de Primaria e Secundaria de elementos curriculares transversais e contidos específicos relacionados coa educación inclusiva e a discapacidade.
- 3.7.8 Convocatoria de Premios extraordinarios da educación secundaria obrigatoria, especialmente na modalidade de premio extraordinario ao esforzo e superación persoal do alumnado.

- 3.7.9 Promoción do desenvolvemento de programas educativos innovadores (por exemplo, no marco do Plan Proxecta) para o fomento de valores orientados a conseguir a inclusión social plena das persoas con discapacidade, en colaboración co departamento competente en materia de servizos sociais.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Universidades

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 3.8

Potenciar a innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e de atención educativa á diversidade.

- 3.8.1 Seguimento da aplicación do Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- 3.8.2 Difusión do Protocolo e das medidas que integran a Axenda de Atención Temperá en Galicia entre as persoas profesionais do ámbito educativo.
- 3.8.3 Impulso de medidas de coordinación entre os centros educativos, as familias, os servizos sanitarios e os servizos sociais para poder establecer os axustes razoables á hora de atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que lles permita unha integración plena no centro educativo.
- 3.8.4 Promoción do recoñecemento e difusión de boas prácticas en materia de procesos de normalización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios (Recoñecemento ao centro educativo inclusivo e ao persoal docente promotor da inclusión).
- 3.8.5 Establecemento de canles para o desenvolvemento de metodoloxías que promovan o traballo colaborativo na atención educativa e a coordinación entre profesionais do ámbito educativo e os servizos de orientación das entidades sociais que traballan no sector da discapacidade.
- 3.8.6 Impulso á investigación sobre o abandono escolar no alumnado con necesidades de apoio educativo: análise das taxas de abandono, nivel de repetición de cursos etc. en perspectiva comparada co resto da poboación escolar.

- 3.8.7 Impulso á investigación sobre a situación do alumnado con discapacidade en Galicia, plans profesionais adaptados e saídas profesionais.
- 3.8.8 Mellora da recollida dos datos académicos do alumnado con necesidades educativas especiais a través da adaptación do/s correspondente/s sistema/s de información da administración educativa.
- 3.8.9 Fortalecemento da abordaxe da discapacidade e a educación inclusiva nos contidos orientados ao alumnado e ás familias dispoñibles no Espazo Abalar.
- 3.8.10 Impulso á creación e divulgación de recursos innovadores para o desenvolvemento do currículo do alumnado cunha discapacidade (lúdicos, educativos, materiais de apoio á accesibilidade etc.).
- 3.8.11 Promoción da coordinación e o intercambio de experiencias entre os centros ordinarios e os centros de educación especial (divulgación de traballos experimentais, materiais psicopedagóxicos ou experiencias que enriquezan o traballo co alumnado de escolarización obrigatoria que presente necesidades educativas especiais...)
- 3.8.12 Desenvolvemento de sesións de estudo de casos concretos, análise de propostas de intervencións e estruturación da resposta educativa en cada provincia co fin de establecer pautas que garantan unha atención equitativa en toda a comunidade autónoma.
- 3.8.13 Impulso dos mecanismos de avaliación (continua e final), cunha orientación a unha maior personalización do seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas especiais, de xeito que aporten un coñecemento e monitorización da súa situación, que implica a posta en marcha das medidas necesarias para a mellora e, no seu caso, de plans individualizados de mellora.
- 3.8.14 Mellora do tratamento da discapacidade nos currículos das titulacións universitarias e de formación profesional relacionadas coas ciencias da educación.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Consellería de Sanidade

- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria - Sergas

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Universidades

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 3.9

Impulsar a participación de todos os axentes da comunidade e das persoas con discapacidade no seu proceso de inclusión educativa en todos os niveis.

- 3.9.1 Continuidade dos convenios de cooperación ou colaboración con diversas entidades de iniciativa social, para a inclusión educativa das persoas con discapacidade.
- 3.9.2 Impulso á incorporación de persoas con discapacidade e/ou entidades sociais que traballan neste ámbito nos órganos de representación dos centros educativos (Consello Escolar...).
- 3.9.3 Fomento da implantación de canles de comunicación accesibles para facilitar a participación das persoas con discapacidade nas actividades e procesos de toma de decisións no seu propio centro.
- 3.9.4 Promoción da participación das persoas con discapacidade e entidades representativas na elaboración de plans, materiais e recursos para a aprendizaxe relacionados coa educación inclusiva.
- 3.9.5 Promoción da libre elección da modalidade educativa e de escolarización por parte do alumnado con discapacidade e das súas familias, respectando as súas preferencias e ofrecéndolles información axeitada.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade



Liña estratéxica 4  
Formación e emprego

### 6.4.1 Fundamentos e descrición

Mellorar a integración sociolaboral, o acceso ao emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade segue a ser un dos principais retos da sociedade galega e outro dos obxectivos primordiais que asume a administración autonómica ao incluír na Estratexia unha liña de actuación cuxo obxectivo operativo é “facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto de traballo e/ou o retorno ao mercado laboral.”

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade no seu artigo 27, Traballo e emprego, sinala que “os Estados partes recoñecen o dereito das persoas con discapacidade a traballar, en igualdade de condicións coas demais; iso inclúe o dereito a ter a oportunidade de ganarse a vida mediante un traballo libremente elixido ou aceptado nun mercado e nun contorno laborais abertos, inclusivos e accesibles ás persoas con discapacidade”. Pola súa parte, e derivado do anterior, o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social dedica todo un capítulo ao “Dereito ao traballo”.

O acceso en condicións de igualdade e a permanencia no mercado de traballo son elementos fundamentais de desenvolvemento persoal que contribúen ademais á plena inclusión social das persoas con discapacidade; no entanto, a análise dos principais indicadores de emprego revela unha situación máis desfavorable para esta parte da poboación, cunha importante fenda que a afasta, en termos de igualdade de oportunidades e independencia económica, do resto da cidadanía.

Segundo datos do INE, no ano 2013 Galicia rexistraba a porcentaxe de persoas activas con discapacidade máis baixa de toda España, cun 30,5% (fronte ao 37,4% da media estatal e ao 75,1% das persoas sen discapacidade)<sup>16</sup>.

En canto ás cifras oficiais de paro rexistrado, en 2013 estiveron inscritas como demandantes de emprego en paro un total de 9.299 persoas (o 49,3% mulleres), cifra lixeiramente superior á do ano anterior, que en termos porcentuais ascendeu sobre todo nas provincias de Ourense e Pontevedra, sendo do +1,1% para o total de Galicia. A partir destes datos, a taxa de paro das persoas con discapacidade nese ano cifrábase no 36%<sup>17</sup> e a taxa de emprego no 19,5%<sup>18</sup>.

16 Trátase da taxa específica de actividade, isto é, a calculada sobre as persoas con discapacidade con idades comprendidas entre 16 e 64 anos, e non a taxa global de actividade, que se calcularía sobre a poboación total con discapacidade. Para o cálculo de poboación activa con discapacidade o INE utiliza a información derivada dunha integración dos datos estatísticos proporcionados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) cos administrativos rexistrados na base de datos estatal de Persoas con discapacidade (BEPD).

17 Tomando como base de cálculo as cifras de poboación activa do INE e o paro rexistrado do SEPE.

18 Trátase da taxa específica de emprego, isto é, a calculada sobre o total de persoas con discapacidade con idades comprendidas entre 16 e 64 anos.

Por outro lado, a gran maioría dos contratos a persoas con discapacidade teñen lugar no sector servizos, seguidos, pero a notable distancia, da industria.

### C.1 POBOACIÓN CON DISCAPACIDADE DEMANDANTES DE EMPREGO POR PROVINCIAS SEGUNDO O SEXO.

PROVINCIAS	MULLERES		HOMES		TOTAL	
	Demandantes parados	% variación 2013/12	Demandantes parados	% variación 2013/12	Demandantes parados/as	% variación 2013/12
A Coruña	1.833	-3,78	1.935	0	<b>3.768</b>	<b>-1,88</b>
Lugo	341	4,6	395	-2,71	<b>736</b>	<b>0,55</b>
Ourense	443	8,05	446	2,53	<b>889</b>	<b>5,21</b>
Pontevedra	1.971	3,85	1.935	2,82	<b>3.906</b>	<b>3,33</b>
<b>GALICIA</b>	<b>4.588</b>	<b>1,08</b>	<b>4.711</b>	<b>1,14</b>	<b>9.299</b>	<b>1,11</b>

Fonte: "2014. Informe do mercado de traballo das persoas con discapacidade estatal. Datos 2013". Observatorio de las Ocupaciones. SEPE.

### C.2 CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE SEGUNDO SECTORES OSDE ACTIVIDADE POR PROVINCIAS.

PROVINCIAS	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
A Coruña	47	280	133	3.621
Lugo	31	27	27	530
Ourense	31	151	46	602
Pontevedra	78	336	148	3.522
<b>GALICIA</b>	<b>187</b>	<b>794</b>	<b>354</b>	<b>8.275</b>

Fonte: "2014. Informe do mercado de traballo das persoas con discapacidade estatal. Datos 2013". Observatorio de las Ocupaciones. SEPE.

A calidade do emprego é outro aspecto fundamental a considerar, xa que a precariedade laboral acaba por dificultar a independencia económica e aumenta as posibilidades de risco de pobreza e exclusión social.

En canto ás características do emprego, as estatísticas revelan que en materia de contratación durante o ano 2015 -e ata o mes de xuño- realizáronse en Galicia un total de 2.182 contratos a persoas con algún tipo de discapacidade, dos cales máis da metade corresponden a contratacións nalgún dos 119 centros especiais de emprego que existen en Galicia (1.299 contratos). A temporalidade é a nota característica desta contratación, pois só 440 son de carácter indefinido (nas súas distintas modalidades). Entre os contratos de duración limitada abundan os de obra e servizo, seguidos polos temporais a persoas con discapacidade.

## Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020

A Coruña sitúase a unha notable distancia como a provincia con maior número de contratos neste período, en boa medida grazas aos realizados nalgún dos seus 64 centros especiais de emprego, o que **pon de manifesto o papel esencial que segue a xogar o emprego protexido para as persoas con discapacidade.**

### C.3 CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE SEGUNDO TIPO DE CONTRATO POR PROVINCIAS. XANEIRO-XUÑO DE 2015.

PROVINCIAS	Indef. Bonif./no Bonif)	Indef. Pers. con Disc.	Obra ou Serv.	Event. Circ. de la Prod.	Interin.	Tempor. Pers. Disc.	Prácticas	Formación	Outros ContraTos	Convertidos En Indef.	TOTAL
A Coruña	26	115	565	125	162	219	-	4	-	77	1.293
Lugo		34	4	7	29	71	-		-	6	151
Ourense	6	32	4	31	13	48	-	1	-	8	143
Pontevedra	1	87	56	84	92	225	-	2	-	48	595
<b>GALICIA</b>	<b>33</b>	<b>268</b>	<b>629</b>	<b>247</b>	<b>296</b>	<b>563</b>	<b>-</b>	<b>7</b>	<b>-</b>	<b>139</b>	<b>2.182</b>

Fonte: SEPE. Datos estatísticos de contratos. Xuño de 2015.

### C.4 CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO: NÚMERO DE CENTROS POR TIPOLOXÍA E CADRO DE PERSOAL CON DISCAPACIDADE POR PROVINCIAS. DATOS A 31 DE DECEMBRO DE 2014.

PROVINCIAS	TIPO DE CENTRO			CADRO DE PERSOAL CON DISCAPACIDADE		
	De iniciativa social	De iniciativa empresarial	Total	Mulleres	Homes	Total
A Coruña	44	20	64	448	781	<b>1.229</b>
Lugo	11	5	16	26	63	<b>89</b>
Ourense	8	2	10	120	126	<b>246</b>
Pontevedra	18	11	29	179	207	<b>386</b>
<b>GALICIA</b>	<b>81</b>	<b>38</b>	<b>119</b>	<b>773</b>	<b>1.177</b>	<b>1.950</b>

Fonte: Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, Consellería de Traballo e Benestar.

### C.5 CONTRATOS A PERSOAS CON DISCAPACIDADE EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEGUNDO TIPO DE CONTRATO POR PROVINCIAS. XANEIRO-XUÑO DE 2015.

PROVINCIAS	Indef. Bonif./no Bonif)	Obra ou Serv.	Event. Circ. de la Prod.	Interin.	Tempor. Pers. Disc.	Formación	Outros ContraTos	Convertidos En Indef.	TOTAL
A Coruña	26	565	125	129	48	-	-	43	936
Lugo	-	4	7	24	2	-	-	1	38
Ourense	6	4	31	9	3	-	-	1	54
Pontevedra	1	56	84	63	49	1	-	17	271
<b>GALICIA</b>	<b>33</b>	<b>629</b>	<b>247</b>	<b>225</b>	<b>102</b>	<b>1</b>	<b>-</b>	<b>62</b>	<b>1.299</b>

Fonte: SEPE. Datos estatísticos de contratos. Xuño de 2015.

Outro indicador da calidade do emprego é o salario. Segundo datos da Enquisa anual de estrutura salarial do ano 2012, no conxunto do Estado o salario medio anual bruto das persoas con discapacidade que traballan por conta allea foi de 19.505,8 euros no ano 2012, un 4,1% menos que o ano anterior. Esta cifra é un 14,5% menor que o das persoas sen discapacidade (22.815,2 euros). As diferenzas salariais entre mulleres e homes con discapacidade resultaron menores (un 12,9% inferior para as mulleres) que no caso da poboación sen discapacidade (un 24,3%). En postos de ocupación medios (empregados e empregadas, persoas artesás e persoal cualificado) alcanzouse practicamente a igualdade nos salarios, cunha ratio do 99,7%. En postos de ocupación altos (dirección, xerencia, postos técnicos e profesionais do ámbito científico, técnicos/as intelectuais e de apoio) as traballadoras e traballadores con discapacidade recibiron un salario un 7% inferior ao resto das persoas traballadoras. Nos postos de ocupación baixos (operadores e operadoras e persoal sen cualificación) o salario foi un 19,3% menor. Os soldos máis baixos corresponderon a persoas traballadoras con discapacidade de tipo intelectual e enfermidade mental, mentres que os traballadores e as traballadoras con discapacidade sensorial e física percibiron os máis elevados.

Cómpre, xa que logo, seguir avanzando para erradicar esta situación a todas luces discriminatoria tanto en termos cuantitativos como cualitativos para o sector da poboación que ten algún tipo de discapacidade, a través de políticas activas de emprego que acaban por revelarse como imprescindibles se se quere acadar a plena equiparación das persoas con discapacidade no acceso e permanencia no mercado laboral en igualdade de condicións.

Neste contexto, non debe deixar de mencionarse o Programa operativo do Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, a través do que a Administración autonómica materializará as políticas de mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade durante os vindeiros anos. No marco dalgúns dos obxectivos temáticos deste programa, o obxectivo 8 ("promover a sustentabilidade e a calidade no emprego e favorecer a mobilidade laboral"), e o obxectivo temático 9 ("promover a inclusión social, loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación), recoméndase o desenvolvemento dunha serie de accións para dar resposta ás necesidades detectadas, a saber: apostar polo desenvolvemento de políticas activas de emprego, con especial atención a aqueles colectivos con especiais dificultades para acceder ao mercado laboral; polo desenvolvemento de políticas de difusión do emprendemento, co fin xerar iniciativas de autoemprego innovadoras e con perspectiva de crecemento, así como por incentivar ás empresas para a xeración de novos postos de traballo, podendo prestar especial atención a aqueles colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Resulta evidente que a empregabilidade das persoas con algún tipo de discapacidade mellorará en termos de oportunidades se se facilitan e promove a súa cualificación profesional, o que converte a formación profesional nunha ferramenta imprescindible para acadar unha inclusión social normalizada, ao tempo que contribúe á súa aprendizaxe para un desenvolvemento integral.

Nos últimos anos puxéronse en marcha medidas de acción positiva no eido da formación e a orientación profesional para o emprego das persoas con discapacidade, entre outras actuacións, a través do recoñecemento como un dos colectivos prioritarios das axudas que a Xunta de Galicia destina á formación para o emprego. Ademais, en materia de accesibilidade avanzouse na dotación de equipamento nos centros propios da Consellería de Economía, Emprego e Industria (antes Consellería de Traballo e Benestar) e no impulso de programas de teleformación e a distancia; desenvolveuse o programa de accións formativas para persoas desempregadas (AFD) adaptado a persoas con discapacidade etc.

Para proseguir o labor neste eido, a Estratexia contempla dous obxectivos operativos que inciden en aspectos susceptibles de ser mellorados. A **formación para o emprego** debe estar **adaptada** desde unha dobre vertente: por un lado, ten que ser acorde coas **capacidades e potencialidades da persoa**, centrándose máis no que a persoa pode facer que na súa discapacidade, e, por outro, ten que **responder ás demandas reais do mercado laboral**, se o que se quere é mellorar as oportunidades de acceso aos postos de traballo que se están a crear.

Neste sentido, tense previsto tamén ampliar e diversificar a oferta formativa para o emprego, adaptándoa ás saídas profesionais que se identifiquen e, como segundo obxectivo neste eido, **proseguir as melloras en materia de accesibilidade á formación**.

Pero ademais da formación e a mellora permanente da aprendizaxe, tanto o acceso como a mobilidade e a permanencia no mercado laboral están ligados a unha adecuada orientación profesional, de xeito que se prevé **reforzar os servizos de orientación e intermediación laboral que asesoran a persoas con discapacidade, servizos que deben adaptarse ás necesidades específicas que estas presentan**.

Esta Estratexia pretende dar continuidade ao camiño emprendido a través do anterior plan de acción en materia de acceso ao emprego e mellora da empregabilidade das persoas con discapacidade, para o que se prevén, doutra banda, unha serie de **obxectivos operativos e medidas dirixidas ao fomento do emprego tanto no sector privado como no eido da Administración Pública**.

Neste último ámbito, a ESGADI terá como marco de referencia a Lei 2/2015, do emprego público de Galicia, na que se inclúen unha serie de preceptos que atinxen ás persoas con discapacidade. A partir do principio de igualdade que rexerá a selección do persoal das administracións comprendidas no marco desta norma, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e das persoas con discapacidade (artigo 49), e por citar algúns dos aspectos que se abordan, nas ofertas de emprego público establécese a reserva dunha porcentaxe non inferior ao 7% das prazas convocadas para seren cubertas entre persoas con discapacidade, sempre que superen as probas selectivas e acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade desta co desempeño das tarefas e funcións, de xeito que progresivamente se alcance o 2% dos efectivos totais de cada Administración pública

incluída no ámbito de aplicación desta lei. Ademais, esta reserva do 7% realizarase de maneira que, polo menos o 2% das prazas ofertadas o sexa para seren cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual, e o resto das prazas ofertadas para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Doutra banda, a norma recolle a posibilidade de convocar procesos de selección independentes para as persoas con discapacidade e, como establece a Disposición adicional sexta, coa finalidade de conseguir a plena integración das persoas con discapacidade no emprego público, as administracións públicas de Galicia poderán asinar acordos con organizacións, asociacións ou entidades que teñan por obxecto a promoción e defensa das persoas con discapacidade.

Cómpre indicar, en calquera caso, que ao longo dos últimos tempos xa se veñen dando pasos importantes no ámbito do sector público para facilitar o acceso ao emprego e a adaptación ao posto de traballo, como o cumprimento da cota do 5% dos postos de cada listaxe para persoas con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33% para o nomeamento do persoal interino dos corpos xerais ao servizo da administración de Xustiza; desenvolvéronse accións formativas para o persoal da Administración que forma parte do contorno organizativo das persoas con discapacidade ou que ten responsabilidade sobre persoas traballadoras con discapacidade; aprobáronse axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito da colaboración con órganos e organismos das administracións públicas distintas da local etc.

No entanto, cómpre seguir profundando e axilizar procesos xa iniciados que facilitan o acceso e a permanencia como persoal ao servizo da administración autonómica, así como desenvolver procedementos nos que se seguen a evidenciar eivas na acción administrativa en relación coas adaptación e condicións do posto de traballo. Para iso, planificáronse tres obxectivos operativos, destinados a: **seguir favorecendo o emprego público tanto nos procesos de selección como nas listaxes de contratación temporal; impulsar a contratación pública e a convocatoria de subvencións socialmente responsables** -que inclúe a continuidade no apoio ao emprego protexido, mediante o fomento da contratación pública de centros especiais de emprego- e, na perspectiva da transversalidade da **accesibilidade universal**, potenciala **para garantir as adaptacións requiridas pola persoa con discapacidade que ocupe un posto de traballo**.

Ademais deste apoio ao emprego protexido por parte da administración autonómica no marco das iniciativas socialmente responsables, o papel que xoga esta modalidade de emprego para as persoas con discapacidade é clave, polo que se deseñou un obxectivo operativo específico destinado **ao reforzo e a optimización dos centros especiais de emprego**. Na actualidade, a Administración autonómica, comprometida co desenvolvemento da economía social está a traballar na elaboración da futura Lei de Economía Social de Galicia. Como establece o seu anteproxecto, a Xunta de Galicia recoñece de interese xeral

e social a promoción, estímulo e desenvolvemento das entidades de economía social e das súas organizacións representativas, comprometéndose co desenvolvemento dunha política de fomento e difusión da economía social que terá entre os seus obxectivos, ademais dos previstos na Lei estatal 5/2011, de economía social, a promoción da participación das entidades da economía social nas políticas activas de emprego dirixidas, entre outros colectivos, ás persoas con discapacidade. Como sinala o artigo 6 do dito anteproxecto, os centros especiais de emprego -xunto a outras figuras como as empresas de inserción ou as sociedades cooperativas galegas- forman parte da economía social de Galicia.

Xa que logo, durante os próximos anos prevese fortalecer os centros especiais de emprego a través de distintas medidas que optimicen as súas funcións; configurados como dispositivos esenciais das políticas activas de emprego para as persoas con discapacidade que teñen como finalidade asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores e traballadoras con discapacidade, ao tempo que constitúen un medio de integración das persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

En canto ao mercado de traballo ordinario, a administración autonómica leva a cabo accións de fomento do emprego das persoas con discapacidade a través de distintos **programas e da concesión de axudas públicas ou subvencións que pretenden facilitar a contratación e as capacidades das persoas con discapacidade**. É necesario proseguir este labor perfeccionando os mecanismos e procesos existentes, á vez que se incide noutras dimensións, como a **información, a sensibilización e concienciación do empresariado sobre a contratación de persoas con discapacidade**.

**Mellorar o emprego con apoio** é outro dos obxectivos no vindeiro período, así como a posta en marcha de accións de información, formación e motivación que incidan na vía do emprendemento como posible fórmula de acceso ao mundo do traballo para persoas con algunha discapacidade.

Así mesmo, e como dimensións de carácter transversal ao conxunto da Estratexia, inclúense un compendio de actuacións dirixidas a impulsar o **estudo e coñecemento da situación das persoas con discapacidade** en relación ao mercado laboral público e privado, así como das súas **capacidades e necesidades en materia de formación** e, por último, un obxectivo operativo destinado ao impulso da **participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten en relación ao emprego e empregabilidade**.

## 6.4.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

### LIÑA ESTRATÉXICA 4: FORMACIÓN E EMPREGO

**Obxectivo estratéxico:** Facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto de traballo e/ou o retorno ao mercado laboral.

**Obxectivo operativo 4.1**

Promover unha formación para o emprego adaptada ás capacidades e potencialidades das persoas, así como á demanda do mercado de traballo.

**Obxectivo operativo 4.2**

Aplicar criterios de accesibilidade universal na formación para o emprego cara á eliminación dos atrancos que atopan as persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 4.3**

Favorecer o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade tanto nos procesos de selección como nas listas de contratación temporal.

**Obxectivo operativo 4.4**

Potenciar criterios de accesibilidade universal na administración pública e no sector privado a través do deseño para todas as persoas que garanta as adaptacións requiridas pola persoa con discapacidade que ocupe un posto de traballo.

**Obxectivo operativo 4.5**

Impulsar a contratación pública e convocatorias de subvencións socialmente responsables.

**Obxectivo operativo 4.6**

Concienciar o empresariado sobre as capacidades laborais das persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 4.7**

Reforzar o apoio ao emprego protexido, especialmente desde a administración pública.

**Obxectivo operativo 4.8**

Fortalecer as accións de estímulo á contratación de persoas con discapacidade tanto na empresa ordinaria como no terceiro sector.

**Obxectivo operativo 4.9**

Mellorar os procedementos relativos ao emprego con apoio no sector privado e fomentalo na administración pública.

**Obxectivo operativo 4.10**

Fortalecer os servizos de orientación e intermediación laboral centrados en actuacións especificamente dirixidas ás mulleres e aos homes con discapacidade que demandan un emprego.

**Obxectivo operativo 4.11**

Promover o emprendemento das persoas con discapacidade a través de accións de formación, información e motivación.

**Obxectivo operativo 4.12**

Impulsar o estudo e coñecemento da situación das mulleres e dos homes con discapacidade en relación ao mercado laboral público e privado, así como das súas capacidades e necesidades en materia de formación.

**Obxectivo operativo 4.13**

Impulsar a participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten en relación ao emprego e empregabilidade.

## ACTUACIÓNS

### Obxectivo operativo 4.1

---

Promover unha formación para o emprego adaptada ás capacidades e potencialidades das persoas, así como á demanda do mercado de traballo.

- 4.1.1 Inclusión no deseño das accións formativas para o emprego de medidas de apoio que faciliten o proceso de formación das persoas con discapacidade (formadores/as de apoio, adaptación de material etc.).
- 4.1.2 Consideración das persoas con discapacidade como colectivo prioritario nas ordes de axudas e subvencións de formación para o emprego.
- 4.1.3 Apoio á oferta de recursos de carácter psicosocial e aqueles outros orientados ao desenvolvemento das habilidades persoais e prelaborais, nomeadamente as habilidades e competencias de carácter non cognitivo: autocontrol das emocións, autodiagnose, comunicación, empatía, asertividade, resiliencia, escoita activa...
- 4.1.4 Establecemento de canles de colaboración entre os centros educativos e as entidades do terceiro sector para a articulación conxunta de mecanismos no proceso de transición desde a etapa educativa á laboral.

- 4.1.5 Impulso ao establecemento dun sistema de acreditación de competencias no ensino non regrado para o alumnado con discapacidade.
- 4.1.6 Potenciación dos títulos e certificados de profesionalidade, tendo en conta as características de cada tipo de discapacidade e facilitando a realización de adaptacións de tempos, medios materiais, tecnolóxicos e pedagóxicos necesarios para que as persoas con discapacidade poidan participar en igualdade.
- 4.1.7 Fomento da avaliación e acreditación da experiencia non laboral e outras vías non formais de formación, como fórmulas axeitadas de integración no mercado laboral das persoas con discapacidade.
- 4.1.8 Posta en marcha de itinerarios integrados de inserción sociolaboral para mozos e mozas con discapacidade incluíndo programas de formación dentro da empresa e subvencións á contratación durante o primeiro ano de contrato.
- 4.1.9 Promoción da formación que de xeito eminentemente práctico facilite a acreditación das competencias laborais ás persoas con discapacidade.
- 4.1.10 Potenciación da formación profesional con prácticas temperás en empresas e dando prioridade ás situadas no medio rural.
- 4.1.11 Promoción da coordinación entre os centros ocupacionais e os centros especiais de emprego para favorecer o acceso das persoas con discapacidade a un posto de traballo e a xestión adecuada daquelas incorporacións non exitosas ao centro especial de emprego que impliquen a volta ao centro ocupacional.
- 4.1.12 Fomento da realización de prácticas de carácter non laboral na empresa ordinaria a través de convenios con asociacións que traballan no ámbito da discapacidade.
- 4.1.13 Deseño de programas de formación que teñan en conta as necesidades específicas das discapacidades emerxentes para favorecer o acceso ao mercado laboral.
- 4.1.14 Ampliación e adecuación da oferta de formación para o emprego para as persoas con discapacidade, de xeito que responda ás necesidades do mercado laboral.
- 4.1.15 Impulso do acceso á formación en novas tecnoloxías para a mellora das posibilidades de inserción no mercado laboral das persoas con discapacidade, con especial atención ás que residen no medio rural.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

#### Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.2

Aplicar criterios de accesibilidade universal na formación para o emprego cara á eliminación dos atrancos que atopan as persoas con discapacidade.

- 4.2.1 Desenvolvemento de accións de sensibilización sobre accesibilidade universal dirixidas ás entidades/empresas xestoras de formación para o emprego.
- 4.2.2 Ampliación da cobertura do gasto de persoal de apoio nas accións de formación para o emprego.
- 4.2.3 Establecemento das medidas necesarias para que nos programas de escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, participen as persoas con discapacidade facilitándose os axustes razoables cando se precisen.
- 4.2.4 Dotación complementaria das bolsas dirixidas a mozas e mozos que realizan prácticas non laborais en empresas cando o beneficiario ou beneficiaria desta sexa unha persoa con discapacidade que precise de persoal de apoio.
- 4.2.5 Inclusión nos módulos transversais das accións de formación para o emprego dun módulo relativo aos dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión laboral.
- 4.2.6 Dotación dunha plataforma de tele-ensino para o aloxamento de cursos de formación dirixidos ás persoas con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Escola Galega de Administración Pública- EGAP

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.3

Favorecer o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade tanto nos procesos de selección como nas listas de contratación temporal.

- 4.3.1 Impulso á desagregación por tipo de discapacidade da cota de reserva do 7% para o acceso das persoas con discapacidade ao emprego público.
- 4.3.2 Programación e realización de cursos de formación destinados unicamente a persoas con discapacidade para o mellor desempeño do seu traballo e apoiar a promoción desde postos de traballo reservados para persoas con discapacidades específicas.
- 4.3.3 Priorización das persoas con discapacidade nos criterios de selección de persoal no acceso aos cursos de formación organizados pola Dirección Xeral de Administración Local, ampliando e diversificando a súa formación cara a obter melloras no emprego e acceder a postos de traballo máis cualificados e especializados.
- 4.3.4 Mantemento da cota do 5% dos postos de cada lista para persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33% para o nomeamento do persoal interino dos Corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza.
- 4.3.5 Continuidade á priorización das empregadas e empregados públicos con discapacidade nas accións formativas promovidas pola EGAP, para o que en cada curso se reservará unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por persoas discapacitadas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 4.3.6 Incorporación de accións formativas sobre discapacidade, integración, accesibilidade e eliminación de barreiras en xeral nos plans de formación das empregadas e empregados públicos das diferentes administracións.
- 4.3.7 Inclusión da normativa en materia de inclusión das persoas con discapacidade nos programas dos procesos selectivos para o acceso aos corpos ou escalas de funcionarios e para o ingreso nas categorías de persoal laboral da Administración da Xunta de Galicia, así como valoración dos cursos en materia de inclusión das persoas con discapacidade nos concursos para a provisión de vacantes.
- 4.3.8 Elaboración dun decreto regulador do acceso, promoción interna e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade no ámbito da Administración autonómica galega.
- 4.3.9 Desenvolvemento de procesos selectivos independentes para persoas con discapacidade intelectual.
- 4.3.10 Promoción de medidas de acción positiva en favor das persoas con discapacidade nas listaxes de contratación temporal para aqueles postos nos que sexa posible un desempeño adecuado mediante as adaptacións e axustes razoables en tempos e apoios requiridos.
- 4.3.11 Seguimento do cumprimento da obriga establecida no artigo 54 da Lei de emprego público relativa ao establecemento das adaptacións e axustes razoables que sexan necesarios nas convocatorias de probas selectivas da administración.

- 4.3.12 Seguimento do cumprimento da obriga establecida no artigo 54 da Lei de emprego público relativa ao establecemento das adaptacións e axustes razoables que sexan necesarios para a realización de cursos de formación na Función Pública.
- 4.3.13 Seguimento do nomeamento de persoal funcionario interino e da contratación de persoal laboral temporal con discapacidade igual ou superior ao 33%.
- 4.3.14 Mellora da difusión das convocatorias de acceso ao emprego público entre as persoas con discapacidade.
- 4.3.15 Análise do grao de cumprimento da cota legal de reserva de emprego nas Administracións Públicas.
- 4.3.16 Promoción da participación de persoas con discapacidade nos procesos de selección do emprego público, nomeadamente naqueles nos que exista quenda de reserva.
- 4.3.17 Elaboración dun catálogo de postos de traballo para persoas con discapacidade no que se describan as súas tarefas fundamentais e se estableza o perfil de esixencias e condicións mínimas de cada un dos postos de traballo tendo en conta as peculiaridades dos distintos grupos de discapacidade.
- 4.3.18 Desenvolvemento regulamentario da normativa sobre emprego público da comunidade autónoma.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Dirección Xeral de Administración Local
- Dirección Xeral de Xustiza
- Escola Galega de Administración Pública- EGAP

Consellería de Facenda

- Dirección Xeral da Función Pública

Entidades locais

## Obxectivo operativo 4.4

Potenciar criterios de accesibilidade universal na administración pública e no sector privado a través do deseño para todas as persoas que garanta as adaptacións requiridas pola persoa con discapacidade que ocupe un posto de traballo.

- 4.4.1 Impulso á incorporación aos plans de formación continua das medidas necesarias para que as persoas con discapacidade que forme parte do cadro de persoal das empresas poidan participar nas accións formativas en igualdade de condicións que os resto de traballadoras e traballadores.
- 4.4.2 Apoio á presentación de proxectos empresariais de base tecnolóxica orientados ao desenvolvemento de produtos e dispositivos que faciliten a adecuación do posto de traballo ás características das distintas discapacidades.

- 4.4.3 Fomento da investigación, desenvolvemento e innovación en materia de accesibilidade integral, deseño para todas as persoas e tecnoloxías de apoio no ámbito laboral, tanto público como privado
- 4.4.4 Posta en marcha de accións para a difusión dos avances nas tecnoloxías da información e outros medios tecnolóxicos que melloren a accesibilidade das persoas con discapacidade aos postos de traballo.
- 4.4.5 Impulso de actuacións para que nos procesos de selección que realizan as empresas, e as administracións públicas se leven a cabo as adaptacións e axustes razoables que sexan necesarios.
- 4.4.6 Revisión da normativa en vigor co fin de simplificar os trámites de solicitude das subvencións dirixidas ao fomento do emprego dos homes e das mulleres con discapacidade.
- 4.4.7 Establecemento de axudas para a adaptación do posto de traballo no caso de discapacidade sobrevida.
- 4.4.8 Establecemento de axudas que complementen as xa existentes en materia de transporte, no caso de gastos xerados polo desprazamento ao posto de traballo das persoas con discapacidade.
- 4.4.9 Creación dunha rede de transferencia e adaptación dos coñecementos e axudas técnicas na que participen, entre outras, as entidades que traballan no ámbito da discapacidade e as familias, universidades, hospitais, servizos sociais, centros tecnolóxicos, empresas...
- 4.4.10 Promoción da implantación de medidas relacionadas coa adaptación de postos de traballo a través da introdución de axudas técnicas, mellora da accesibilidade ... que favorezan o acceso ao emprego das persoas con discapacidade, tanto no sector público como privado.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.5

Impulsar a contratación pública e convocatorias de subvencións socialmente responsables.

- 4.5.1 Fomento dun modelo de responsabilidade social corporativa específico centrado na discapacidade que oriente as relacións entre a administración autonómica e o sector privado.
- 4.5.2 Inclusión da realización de proxectos que estean dirixidos á supresión de barreiras e fomento da accesibilidade entre os criterios de valoración dos proxectos que se desenvolven a través dos programas mixtos de emprego-formación (obradoiros de emprego).
- 4.5.3 Inclusión da incorporación de sistemas accesibles de novas tecnoloxías da información e das comunicacións na xestión empresarial entre os criterios de valoración das subvencións para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e a promoción do cooperativismo.
- 4.5.4 Incorporación como criterio de valoración nos pregos de contratación a presenza de persoas con discapacidade no cadro de persoal das empresas de menos de 50 traballadores e traballadoras.
- 4.5.5 Promoción da inclusión doutras cláusulas sociais na contratación pública non contempladas nas accións anteriores.
- 4.5.6 Revisión do grao de cumprimento da reserva de contratos para centros especiais de emprego de conformidade co esixido na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e no acordo do Consello da Xunta do 11 de xuño de 2015, así como análise dos resultados da Comisión de seguimento contemplada na dita Lei.
- 4.5.7 Revisión do grao de cumprimento para a adopción das medidas que puidese proceder, da aplicación das cláusulas administrativas particulares nos pregos de contratación de servizos e subministracións que establezan como criterio de desempate a existencia na empresa licitadora dun número de traballadores e traballadoras fixos/as con discapacidade superior ao 2%, así como, no suposto de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas, a adxudicación á maior porcentaxe de traballadores/as con estas características no seu cadro de persoal, en cumprimento da Disposición adicional cuarta do TRLCSP e Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de abril de 2010, polo que se determina a inclusión de medidas de inserción laboral de persoas con discapacidade nos pregos de cláusulas administrativas particulares.
- 4.5.8 Desenvolvemento dun plan de actuación da Inspección de Trballo para vixiar o cumprimento da cota legal de reserva de emprego para as persoas con discapacidade establecida legalmente ou a través das súas medidas alternativas.
- 4.5.9 Extensión a todas as convocatorias de subvencións e axudas públicas da obriga do cumprimento da cota de reserva do 2% dos contratos para persoas con discapacidade nas empresas de 50 ou máis traballadores e traballadoras.
- 4.5.10 Análise da modulación do cumprimento da cota do 2% en función da severidade e tipo de discapacidade da persoa traballadora con discapacidade contratada.

- 4.5.11 Fomento da implantación de accións de responsabilidade social da empresa en relación coa discapacidade, a través da concesión de axudas a aquelas empresas que o desenvolvan.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Todos os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.6

Concienciar o empresariado sobre as capacidades laborais dos homes e das mulleres con discapacidade.

- 4.6.1 Incorporación ao contido dos convenios colectivos de aspectos relacionados coa discapacidade e a regulación das condicións de traballo: permisos para a realización de probas médicas e tratamentos, distribución dos tempos, percepcións salariais, promoción profesional etc.
- 4.6.2 Organización e promoción institucional de encontros empresariais (feiras de emprego, xornadas, ...) para a sensibilización do empresariado galego e a difusión de boas prácticas en materia de inserción laboral das persoas con discapacidade.
- 4.6.3 Impulso ao desenvolvemento de accións dirixidas á mellora da inserción laboral das persoas con discapacidade no marco dos encontros e actividades de promoción do emprego organizados polos distintos axentes sociais (organizacións empresariais e sindicais).
- 4.6.4 Desenvolvemento de programas de colaboración con empresas e entidades privadas en materia de sensibilización, información e asesoramento a empresas sobre medidas destinadas a mellorar a empregabilidade dos homes e das mulleres con algunha discapacidade.
- 4.6.5 Desenvolvemento de accións de concienciación para fomentar que as empresas non obrigadas ao cumprimento da cota de reserva contraten a persoas con discapacidade que inclúan información dirixida á supresión dos estereotipos asociados á produtividade destas persoas.
- 4.6.6 Realización de accións informativas dirixidas especialmente a pequenas e medianas empresas (empresariado e cadro de persoal) sobre a diversidade da discapacidade, as capacidades laborais, os axustes razoables, as vantaxes fiscais e en Seguridade Social asociadas á contratación de mulleres e de homes con discapacidade.
- 4.6.7 Elaboración dunha guía de boas prácticas sobre contratación de persoas con discapacidade dirixida ás empresas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Organizacións empresariais e sindicais

## Obxectivo operativo 4.7

Reforzar o apoio ao emprego protexido, especialmente desde a administración pública.

- 4.7.1 Estudo e avaliación da posibilidade de introducir a esixencia de que os centros especiais de emprego reinvestan parte dos seus beneficios na mellora ou ampliación das súas estruturas produtivas e de inserción.
- 4.7.2 Creación e ampliación de centros especiais de emprego.
- 4.7.3 Mantemento dos postos de traballo para persoas con discapacidade nos centros especiais de emprego.
- 4.7.4 Financiamento das unidades de apoio á actividade profesional dos centros especiais de emprego.
- 4.7.5 Establecemento de medidas que garantan a volta ao centro especial de emprego para os casos de experiencias de inserción non exitosas no mercado de traballo ordinario.
- 4.7.6 Promoción de medidas que favorezan o tránsito dos traballadores e traballadoras con discapacidade desde o centro especial de emprego cara o mercado ordinario: incentivos para as empresas que contraten a estas persoas, para os centros especiais de emprego dirixidos á substitución do/a traballador/a, e ao propio/a traballador ou traballadora con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.8

Fortalecer as accións de estímulo á contratación de persoas con discapacidade tanto na empresa ordinaria como no terceiro sector.

- 4.8.1 Instar a Administración estatal á mellora do sistema de bonificacións á contratación de persoas con discapacidade.
- 4.8.2 Desenvolvemento de accións de sensibilización dirixidas ao persoal da Inspección laboral para asegurar o cumprimento legal da cota de reserva de postos de traballo a persoas con discapacidade.
- 4.8.3 Promoción de novas formas innovadoras de acceso e inclusión laboral a través das tecnoloxías da información e o teletraballo, en especial para persoas con mobilidade reducida, profesionais que experimentaron unha discapacidade sobrevida e aquelas que residan no medio rural.
- 4.8.4 Instar á revisión da duración mínima esixida para os períodos de contratación, para facilitar ao empresariado o acceso ás bonificacións e reducións fiscais pola contratación de mulleres e de homes con discapacidade.
- 4.8.5 Impulso da avaliación de resultados e medición do impacto das accións de estímulo á contratación de homes e de mulleres con discapacidade no mercado de traballo ordinario desenvolvidas nos últimos anos, co obxecto de manter ou redefinir futuras actuacións.
- 4.8.6 Instar á modificación normativa para que as persoas con discapacidade perceptoras dunha pensión non vexan reducida a súa contía no suposto de acceder temporalmente ao mercado laboral.
- 4.8.7 Continuidade das axudas específicas para o fomento do emprego no contorno local.
- 4.8.8 Programas de incentivos á contratación e mantemento do emprego das mulleres e dos homes con discapacidade: axudas específicas para a contratación de entidades do movemento asociativo da discapacidade que presten servizos específicos ao tecido empresarial para a adaptación de postos de traballo e ao apoio e acompañamento á contratación das persoas con discapacidade e ao mantemento do emprego.
- 4.8.9 Desenvolvemento de accións para a reincorporación á vida laboral daquelas persoas que teñan abandonado o mercado de traballo para o coidado de persoas con discapacidade.
- 4.8.10 Posta en marcha de accións de sensibilización sobre a discapacidade sobrevida e medidas de emprego selectivo para evitar o abandono definitivo da actividade laboral por parte dos traballadores e traballadoras con discapacidade adquirida.
- 4.8.11 Realización de accións de motivación dirixidas ás mulleres e homes con discapacidade e ás persoas do seu medio para que se encamiñen cara a vida laboral activa, a través de información sobre os recursos formativos e de acceso ao mercado de traballo.

- 4.8.12 Promoción da coordinación mediante a mellora da comunicación e o intercambio de información entre os equipos de inclusión sociolaboral (servizos sociais comunitarios específicos), as unidades técnicas de inclusión sociolaboral dos concellos e as entidades de iniciativa social prestadoras de servizos sociais que desenvolven programas de inclusión social cara á optimización de recursos no ámbito da inserción laboral das mulleres e dos homes con discapacidade.
- 4.8.13 Fomento da contratación de persoas con discapacidade na empresa ordinaria a través de subvencións e axudas públicas a empresas pola contratación de traballadores e traballadoras con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.9

Mellorar os procedementos relativos ao emprego con apoio no sector privado e fomentalo na Administración pública.

- 4.9.1 Fomento do programa de emprego con apoio a través do que se favorece a integración laboral das persoas con discapacidade con especiais dificultades para a súa inserción laboral en empresas do mercado ordinario prestándolles apoio a través de preparadores/as laborais.
- 4.9.2 Promoción da modalidade de emprego con apoio na administración pública cara a facilitar o desenvolvemento das tarefas das persoas con discapacidade intelectual que se incorporen a un posto de traballo tras superar o proceso selectivo de acceso público.
- 4.9.3 Instar á flexibilización dos criterios establecidos na Orde de axudas dos programas de emprego con apoio para unha mellor adaptación ás necesidades reais e ao contorno.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Facenda

- Dirección Xeral da Función Pública

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Organizacións empresariais

## Obxectivo operativo 4.10

Fortalecer os servizos de orientación e intermediación laboral centrados en actuacións especificamente dirixidas ás mulleres e aos homes con discapacidade que demandan un emprego.

- 4.10.1 Impulso ao establecemento de mecanismos de coordinación entre os distintos servizos implicados na orientación e intermediación laboral das persoas con discapacidade.
- 4.10.2 Mellora das axudas aos programas de orientación e intermediación laboral que permitan unha maior cobertura dos gastos salariais.
- 4.10.3 Fomento da metodoloxía da planificación centrada na persoa entre os e as profesionais que desenvolven tarefas de información e orientación laboral a homes e a mulleres con discapacidade.
- 4.10.4 Desenvolvemento de accións formativas dirixidas ao persoal de servizos de información e orientación laboral sobre aspectos relacionados coa discapacidade, co fin de proporcionar un adecuado e efectivo asesoramento ás mulleres e aos homes con discapacidade que demandan un emprego.
- 4.10.5 Mantemento das subvencións e axudas públicas destinadas aos centros de información e orientación laboral específicos para homes e para mulleres con discapacidade promovidos polas entidades sociais que traballan neste ámbito.
- 4.10.6 Mellora da coordinación entre os servizos sociais e o servizo público de emprego, delimitando axeitadamente cadansúas responsabilidades e competencias nos procesos de inserción mediante o establecemento de protocolos.
- 4.10.7 Mellora da coordinación entre o Servizo público de emprego, os servizos sociais e os centros especiais de emprego para a mellora das capacidades, a formación e o emprego das persoas con discapacidade en todos os fitos dirixidos a súa integración laboral: centros ocupacionais, centros especiais de emprego, tránsito ao emprego ordinario, emprego ordinario.
- 4.10.8 Impulso ao acceso non presencial aos servizos prestados nas oficinas do Servizo Público de Emprego, promovendo a utilización das novas tecnoloxías para facilitar a realización de consultas e trámites en liña.
- 4.10.9 Desenvolvemento de itinerarios de inclusión sociolaboral para promover o acceso das mulleres e dos homes con discapacidade ao emprego ordinario.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.11

Promover o emprendemento das persoas con discapacidade a través de accións de formación, información e motivación.

- 4.11.1 Realización de accións de sensibilización e información en materia de discapacidade dirixidas a axentes dinamizadores de emprego para fomentar as iniciativas de autoemprego entre as persoas con discapacidade.
- 4.11.2 Realización de accións de concienciación e información sobre emprendemento das persoas con discapacidade dirixidas a persoal de orientación laboral para o fomento do autoemprego.
- 4.11.3 Desenvolvemento de accións formativas específicas para homes e mulleres con discapacidade cara a fomentar a súa capacidade emprendedora.
- 4.11.4 Incorporación da valoración de necesidades asociadas á accesibilidade das persoas con discapacidade nas ordes reguladoras das subvencións e axudas públicas de fomento do emprego autónomo.
- 4.11.5 Apoio ás mulleres e aos homes con discapacidade con perfil emprendedor na creación e posta en marcha de pequenos negocios e microempresas mediante accións de información, asesoramento e titoría adaptadas ás súas circunstancias na posta en marcha dos proxectos e no acceso ao financiamento.
- 4.11.6 Apoio a proxectos innovadores en sectores emerxentes promovidos por persoas con discapacidade.
- 4.11.7 Análise e desenvolvemento de novas fórmulas financeiras adaptadas ás necesidades das persoas con discapacidade, tales como colaboración con institucións financeiras para a concesión de microcréditos e outras liñas de financiamento, e concesión de incentivos a persoas con discapacidade para a consolidación de pequenas empresas.
- 4.11.8 Fomento do autoemprego das persoas con discapacidade a través de subvencións e axudas públicas para o financiamento de proxectos empresariais.
- 4.11.9 Impulso á integración das persoas con discapacidade en empresas de economía social, mellorando os programas de fomento do emprego e mellora da competitividade en cooperativas e sociedades laborais.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego
- IGAPE

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 4.12

Impulsar o estudo e coñecemento da situación das mulleres e dos homes con discapacidade en relación ao mercado laboral público e privado, así como das súas capacidades e necesidades en materia de formación.

- 4.12.1 Elaboración dun estudo sobre a realidade laboral dos homes e mulleres con discapacidade por áreas xeográficas e segundo tipo de discapacidade.
- 4.12.2 Fomento da sistematización do tratamento e divulgación de datos relacionados coas características da contratación das mulleres e homes con discapacidade (tipo de contrato, xornada ...).
- 4.12.3 Mellora do deseño e funcionamento dos sistemas de codificación, rexistro e publicación dos datos sobre os homes e sobre as mulleres con discapacidade no mercado laboral.
- 4.12.4 Fomento da realización de novas enquisas, preguntas ou módulos ad hoc, sobre discapacidade, emprego nas operacións do Instituto Galego de Estatística tendo en conta a variable xénero.
- 4.12.5 Incorporación das variables de discapacidade e xénero nas estatísticas e estudos sobre o mercado laboral que realicen os distintos departamentos e organismos dependentes da Xunta de Galicia.
- 4.12.6 Realización dun estudo sobre se a actual tipificación e cualificación da infracción consistente no incumprimento da cota de reserva do 2% de postos de traballo ás persoas con discapacidade nas empresas de 50 e máis traballadores/as é suficiente e axeitada para garantir a observancia desta obriga.
- 4.12.7 Estudo da asimilación das subvencións e axudas públicas concedidas, para que as empresas ordinarias que contraten a traballadores e traballadoras con discapacidade severa que necesiten apoio reciban axudas equivalentes ás que perciben os centros especiais de emprego.
- 4.12.8 Desenvolvemento das actuacións necesarias para a recompilación de datos que permitan avaliar o cumprimento as políticas presentes e futuras en materia de emprego das persoas con discapacidade.
- 4.12.9 Realización de estudos sobre as tendencias do mercado laboral en Galicia que permitan obter información sobre ocupacións e perfís profesionais demandados, co fin de orientar a planificación da formación e mellorar o asesoramento ás persoas con discapacidade que desexan acceder ao emprego.
- 4.12.10 Análise e redeseño, se procede, das axudas e prestacións dirixidas ás persoas con discapacidade e ás súas familias para que a súa regulación non desincentive a participación laboral.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Facenda

- Instituto Galego de Estatística

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Organizacións empresariais

### Obxectivo operativo 4.13

Impulsar a participación dos homes e mulleres con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten en relación ao emprego e empregabilidade.

- 4.13.1 Desenvolvemento de accións destinadas a mellorar os procesos de toma de decisións no ámbito familiar das mulleres e dos homes con discapacidade en relación coa súa incorporación ao mercado laboral.
- 4.13.2 Impulso de canles e formatos de información accesibles (lectura fácil, pictogramas, vídeos...) que permitan a participación efectiva das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisións relacionados coa formación e o emprego.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Secretaría Xeral de Emprego

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Liña estratéxica 5  
Saúde

### 6.5.1 FUNDAMENTOS E DESCRICIÓN

As persoas con discapacidade teñen dereito a uns servizos sanitarios de calidade e a uns tratamentos e tecnoloxías apropiados para que o seu estado de saúde sexa o mellor posible. Acadar unha asistencia integral, en igualdade de condicións que o resto da cidadanía e que atenda ás necesidades específicas da persoa con discapacidade é o obxectivo estratéxico da presente liña, para o que se deseñaron unha serie de obxectivos operativos e actuacións para desenvolver ao longo dos vindeiros anos.

Como sinala a Estratexia europea sobre discapacidade 2010-2020, as persoas con discapacidade poden ter un acceso limitado aos servizos sanitarios, incluídos os tratamentos médicos ordinarios, o que pode reverter en desigualdades respecto á saúde independentes da súa discapacidade. Estas persoas teñen dereito ao mesmo acceso á asistencia sanitaria que o resto da poboación, tamén á asistencia de carácter preventivo, e a beneficiarse duns servizos sanitarios e de rehabilitación específicos que sexan alcanzables, de calidade e que teñan en conta as súas necesidades, incluídas as derivadas do xénero.

En España, a lexislación vixente recoñece de maneira específica o dereito á protección da saúde para as persoas con discapacidade, que terán dereito á prevención da enfermidade, á protección, promoción e recuperación da saúde, sen discriminación por motivo ou por razón de discapacidade, prestando especial atención á saúde mental e á saúde sexual e reprodutiva (artigo 10.1 da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social).

Ademais, segundo establece a citada norma, as administracións públicas desenvolverán as actuacións necesarias para a coordinación da atención de carácter social e de carácter sanitario, de forma efectiva e eficiente, dirixida ás persoas que por problemas de saúde asociados á súa discapacidade teñen necesidade simultánea ou sucesiva de ambos os dous sistemas de atención, e promoverán as medidas necesarias para favorecer o acceso das persoas con discapacidade aos servizos e prestacións relacionadas coa súa saúde, en condicións de igualdade co resto da cidadanía.

As persoas poden, polo tanto, precisar atención sociosanitaria cando teñen simultánea ou sucesivamente necesidades que deben ser atendidas polos servizos sociais e os servizos de saúde, de maneira que a prestación coordinada da asistencia social e sanitaria teña un efecto sinérxico sobre a saúde e o benestar da persoa.

Durante a vixencia do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013, leváronse a cabo importantes esforzos dirixidos a conseguir unha efectiva atención sociosanitaria a través da coordinación dos departamentos con competencias en sanidade e servizos sociais.

En primeiro lugar, a través de diversas accións para a regulación do espazo sociosanitario, entre as que cómpre destacar a posta en marcha en 2013 do Plan de atención integral sociosanitaria, no cal está prevista a estratificación da poboación subsidiaria de atención sociosanitaria en cinco perfís de pacientes sociosanitarios nos que se inclúen o perfil de discapacidade física, psíquica e intelectual cos criterios médicos, funcionais e sociais concretos.

En segundo lugar, deseñáronse procesos para a coordinación entre os departamentos mencionados, como por exemplo: a sinatura do convenio de colaboración en 2011 entre o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Traballo e Benestar, polo que se establecen liñas de traballo conxuntas de apoio e atención sociosanitaria a pacientes con trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, estabilizados dende o punto de vista sanitario; a elaboración dun protocolo marco para simplificar os procedementos de autorización de servizos sanitarios en centros públicos de servizos sociais ou a modificación/ampliación da aplicación IANUS segundo o Decreto 164/13, do 24 de outubro, polo que se modifica o Decreto 29/2009, do 5 de febreiro, polo que se regula o uso e acceso á historia clínica electrónica, que permite o acceso e rexistro a persoal médico de centros sociosanitarios públicos.

Neste contexto, a Estratexia Sergas 2010-2014 situaba a “integración da atención sociosanitaria” como cuarta liña estratéxica dentro do seu Obxectivo 1: “promover a saúde e responder ás necesidades da cidadanía a través de dispositivos asistenciais e plans específicos”. O obxectivo xeral desta liña era “atender de forma integrada as necesidades da poboación no ámbito sociosanitario baixo criterios de igualdade, equidade, accesibilidade, universalidade e complementariedade das accións das diferentes administracións públicas. Para iso, a atención sociosanitaria debe basearse en tres elementos fundamentais: derivar a persoa usuaria ao dispositivo máis adecuado para a súa atención, garantir unha rápida derivación dun recurso a outro en función dos cambios na situación da persoa e dispoñer de servizos suficientemente diversificados e dotados. Todo isto supón dispoñer dun modelo de atención integral, tendo en conta as necesidades de atención desde o punto de vista físico, emocional e social de pacientes e familias; interdisciplinar, con participación dos e das diferentes profesionais para obter o máximo nivel de calidade e eficacia na valoración e detección de necesidades, na prevención de complicacións e na planificación de actividades; e rehabilitador, para diminuír o impacto físico da enfermidade ou discapacidade.

Para levar a cabo a mellora e a integración da atención sociosanitaria en Galicia prevíanse unha serie de actuacións destinadas á optimización dos recursos e á mellora da coordinación entre o sistema sanitario e o de servizos sociais. A avaliación realizada en 2014 revela a execución de diversas actuacións: a elaboración dun mapa de recursos sociosanitarios -en concreto por parte da Consellería de Política Social-; o acceso das traballadoras e traballadores sociais ao sistema IANUS; a identificación de necesidades específicas (recollidas no Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia 2013-2016); a análise de determinados procesos para evitar duplicidades no ámbito social e sanitario, por exemplo na orde de programas de carácter sociosanitario (alcoholismo, ludopatía, enfermidades raras, autismo, dano cerebral adquirido e

trastornos da conduta alimentaria); a adaptación dos sistemas de información, concretamente a través do acceso á historia clínica electrónica (IANUS) desde trece residencias asistidas e o Plan de dispensación de fármacos ás residencias e, por último, a creación da Comisión Interdepartamental de Atención Sociosanitaria de Galicia recollida na Lei de Saúde de Galicia.

Neste contexto de actuación da Administración autonómica, a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 pretende dar continuidade a dito modelo de atención sociosanitaria **que facilite a articulación de intervencións coordinadas entre o sistema de saúde e o de servizos sociais que fagan posible unha asistencia integral que atenda as necesidades específicas da persoa.**

Para iso, incidirase en primeiro lugar na dimensión preventiva. Como principio xeral de actuación recoñecido na lexislación sanitaria española, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente á promoción da saúde e á prevención de enfermidades. Este principio adquire maior relevancia, se cabe, no contexto da abordaxe da discapacidade. A Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social establece que a prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades constitúe un dereito e un deber de todo cidadán e cidadá e da sociedade no seu conxunto, e formará parte das obrigas prioritarias do Estado no campo da saúde pública e dos servizos sociais. A prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades atenderá á diversidade das persoas con discapacidade, dando un tratamento diferenciado segundo as necesidades específicas de cada persoa.

Para iso, as administracións públicas competentes deberán promover plans de prevención, nos cales se concederá especial importancia aos servizos de orientación e planificación familiar, consello xenético, atención prenatal e perinatal, detección e diagnóstico precoz e asistencia pediátrica, incluída a saúde mental infanto-xuvenil, asistencia xeriátrica, así como á seguridade e saúde no traballo, á seguridade no tráfico vial, ao control hixiénico e sanitario dos alimentos e á contaminación ambiental. Ademais, consideraranse de modo específico as accións destinadas ás zonas rurais.

Ao abeiro destes preceptos, a Estratexia reúne un compendio de obxectivos e actuacións destinados á prevención nos seus distintos niveis. Así, potenciarase o **desenvolvemento de medidas e programas de prevención nos tres niveis (primaria, secundaria e terciaria), así como de detección e diagnóstico precoz de enfermidades que causen ou orixinen discapacidade**, sempre que a detección precoz faga posible incidir na súa evolución.

No marco deste primeiro obxectivo, a presente Estratexia ten previsto articular unha serie de actuacións que garantan unha efectiva atención temperá, coordinada entre servizos sociais, sanidade e educación, a través do seu impulso e dos equipos interdisciplinares no marco da Axenda de Atención Temperá en Galicia 2015-2017. O obxectivo principal da atención temperá é que os nenos e nenas de 0 a 6 anos que presenten algún trastorno no seu desenvolvemento ou o risco de padecelos, reciban unha atención de carácter integral desde a vertente preventiva

e asistencial, a través de intervencións que potencien a súa capacidade de desenvolvemento e de benestar, posibilitando da forma máis completa a integración no seu contorno familiar, escolar e social, así como a súa propia autonomía persoal.

A publicación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá, significou un punto de inflexión na consideración da atención temperá, por facer realidade un espazo compartido de coordinación e corresponsabilidade entre o sistema de saúde, o sistema educativo e os servizos sociais.

Neste decreto expónse a necesidade de elaborar unha normativa que permita crear un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais na procura dunha acción integral, destinada a satisfacer os dereitos e necesidades dos nenos e as nenas con trastornos do desenvolvemento ou en risco de padecerlos e as súas familias. Ao mesmo tempo formula a necesidade de regular os servizos de atención temperá como unha rede integral de responsabilidade pública e de carácter universal rexida polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do/da menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinabilidade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar e calidade.

A creación desta rede supón un paso máis no proceso de consolidación dos recursos de atención temperá actualmente existentes en Galicia e ao mesmo tempo, a través do desenvolvemento normativo correspondente, ten previsto regularse a integración e a incorporación de novos servizos e programas.

Pola súa parte, a axenda, elaborada conxuntamente polos departamentos competentes en materia de sanidade, servizos sociais e educación contén un total de sete liñas estratéxicas, articuladas en obxectivos e actuacións para realizar neste período. Estas liñas son: Información e sensibilización; Formación; Planificación e programación; Coordinación para o desenvolvemento asistencial integrado de atención temperá; Participación e apoio familiar; Innovación e investigación e calidade.

Noutro nivel da prevención, cómpre **promover a saúde e os hábitos de vida saudables entre as persoas que teñen algún tipo de discapacidade**. Segundo datos da Enquisa de integración social e saúde de 2012, o 17,2% da poboación española con discapacidade di ter un estado de saúde “bo” ou “moi bo” fronte ao 35,5% que afirma que é “malo” ou “moi malo”. Entre as persoas sen discapacidade, o 82% considera que é positivo e o 1,3% negativo. Obsérvase unha valoración desigual do estado de saúde segundo o sexo. As mulleres con discapacidade que valoran de forma negativa o seu estado de saúde superan nun 20,8% ás que o valoran de forma positiva, mentres que nos homes a brecha é do 11,6%. A valoración do estado de saúde empeora a medida que avanza a idade. Entre as persoas con discapacidade de 15 a 44 anos o 40,5% sinala que é “bo” ou “moi bo”. Para as persoas maiores de 74 anos diminúe ao 10,2%.

En canto a enfermidades ou problemas de saúde crónicos, nove de cada 10 persoas con discapacidade din padecer algunha, fronte a tres de cada 10 sen discapacidade.

### C.1 POBOACIÓN ESPAÑOLA DE 15 E MÁIS ANOS CON E SEN DISCAPACIDADE SEGUNDO ESTADO DE SAÚDE EN XERAL.

ESTADO DE SAÚDE EN XERAL	PERSOAS CON DISCAPACIDADE	PERSOAS SEN DISCAPACIDADE	DIFERENZA PORCENTUAL
Moi bo	1,2	22,3	-21%
Bo	16,0	59,7	-44%
Regular	47,2	16,7	31%
Malo	25,7	1,1	25%
Moi malo	9,8	0,2	10%
Ns/Nc	0,1	0,1	0%

Fonte: Informe Olivenza 2014, sobre a discapacidade en España (Observatorio estatal da discapacidade), a partir dos datos da Enquisa de integración social e saúde. Ano 2012. INE.

Hai que ter en conta, por outra parte, que as persoas con discapacidade deben facer fronte a unha serie de barreiras para o coidado da súa saúde; algunhas delas teñen dificultades para o autocoidado, a hixiene diaria e o mantemento de hábitos de vida saudables relacionados coa alimentación e a práctica do exercicio físico. Compre, polo tanto, promover a saúde e os hábitos de vida saudables entre as persoas que teñen algún tipo de discapacidade.

Doutra banda, faise necesaria a planificación dunha serie de actuacións para **mellorar a identificación e a diferenciación diagnóstica das patoloxías ou circunstancias** (lesiões, intoxicacións..) **que xeran discapacidade** e proporcionar unha adecuada asistencia en función da avaliación interdisciplinaria das súas necesidades, un ámbito no que aínda se detectan eivas importantes e que constitúe outro dos obxectivos desta Estratexia, no que se deberá ter en conta especialmente o enfoque de xénero.

No plano asistencial, debe garantirse **o acceso a uns servizos de rehabilitación de calidade a toda a poboación con discapacidade, con independencia da súa idade**, e sempre que estean indicados.

Xa que logo, fomentárase a utilización de servizos adecuados de rehabilitación e a continuidade dos procesos, así como a diversificación de tratamentos. Ademais, terase en conta o factor idade, na perspectiva de proporcionar unha adecuada atención ao longo de todo o ciclo vital da persoa, de maneira que se prevén medidas dirixidas á mellora dos procesos de envellecemento das persoas con discapacidade. Como xa se comentou na introdución da liña estratéxica 2, autonomía persoal, arredor da metade das discapacidades, segundo o Censo de persoas con discapacidade de Galicia, están entre a poboación de máis de 65 anos

Para facilitar unha asistencia de calidade é fundamental formar as persoas profesionais da sanidade na sensibilización cara á discapacidade, proporcionándolles as capacidades e os métodos para satisfacer as necesidades específicas destas persoas. Para iso, tense previsto actuar en dous sentidos: potenciarase, dunha banda, **o coñecemento sobre a discapacidade, en todas as súas formas e tipoloxías, nas disciplinas relacionadas coa saúde, tanto na formación profesional como no ensino universitario** e atendendo ás diferenzas de xénero. Doutra, continuarase a **reforzar as competencias dos e das profesionais da saúde** mediante a dotación de pautas de abordaxe destinadas a mellorar a atención sanitaria, emocional e relacional ás persoas con discapacidade, ás súas familias e/ou contorno inmediato.

Por outra parte, e no marco da mencionada coordinación entre os sistemas sanitario e de servizos sociais para a prestación dunha verdadeira atención sociosanitaria á poboación con discapacidade será fundamental **seguir impulsado o desenvolvemento dos sistemas TIC de rexistro e de intercambio de información** entre ambos sistemas de protección.

O recurso ás tecnoloxías da información e a comunicación terá especial consideración nesta liña de Saúde, cunha aplicación que excederá a mera coordinación interdepartamental, en paralelo ás actuacións que neste eido vén poñendo en marcha nos últimos tempos a Xunta de Galicia. Así, e en consonancia co obxectivo estratéxico 2.1.03 do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 -“utilizar as vantaxes das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) e desenvolver uns sistemas de información que faciliten a práctica clínica e a toma de decisións”-, fomentarse a incorporación de novas tecnoloxías á práctica asistencial e a atención non presencial, á vez que se impulsarán procesos electrónicos de tramitación administrativa internos e externos para mellorar a relación coas persoas profesionais da saúde a a cidadanía.

Cómpre mencionar o Proxecto de fogar dixital, e dentro deste, o Proxecto de fogar dixital Asistencial, que constitúe a fase inicial do plan global de fogar dixital mediante o que a Xunta de Galicia quere apostar pola prestación de servizos sanitarios no fogar, o que habilitará a chegada ao fogar dos galegos e as galegas de servizos sanitarios a través das TIC. O concepto de Fogar dixital asistencial integra produtos e servizos innovadores para mellorar a calidade de vida das persoas, o que se materializaría mediante a implantación de dispositivos e sistemas de información intelixentes que soporten a comunicación de información sanitaria orientada á prevención e promoción da saúde, a vixilancia e seguimento de patoloxías (especialmente de carácter crónico), ou que constitúan unha canle de acceso aos servizos sanitarios utilizados polas persoas pacientes ou polas súas persoas cuidadoras.

Hai que engadir, finalmente, que ademais tense previsto incidir, a través das materias transversais desta Estratexia, na **mellora da accesibilidade ao sistema sanitario** (instalacións, contorno, equipamentos e servizos de comunicación e información), na **investigación, a innovación e a calidade**, así como no fomento da **participación** das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisión que lles afecten no ámbito da protección e a promoción da saúde.

## 6.5.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

### LIÑA ESTRATÉXICA 5: SAÚDE

**Obxectivo estratéxico:** Acadar unha asistencia integral en igualdade de condicións que o resto da poboación atendendo ás necesidades específicas da persoa con discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.1** Potenciar o desenvolvemento de medidas e programas de prevención nos seus tres niveis (primaria, secundaria e terciaria), así como de detección precoz de enfermidades que causen discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.2** Promover a saúde e hábitos de vida saudables entre as persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.3** Mellorar a identificación e a diferenciación diagnóstica das patoloxías ou circunstancias (lesiões, intoxicacións...) que xeran discapacidade e proporcionar unha adecuada asistencia en función da avaliación interdisciplinaria das súas necesidades.

**Obxectivo operativo 5.4** Fomentar a utilización de servizos adecuados de rehabilitación e a continuidade dos procesos, así como a diversificación de tratamentos ás persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.5** Desenvolver actuacións encamiñadas á mellora dos procesos de envellecemento das persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.6** Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos sanitarios tendo en conta o principio de deseño para todas as persoas, que inclúa os servizos de apoio necesarios para a comunicación e a adaptación da información sobre os recursos e servizos sanitarios á discapacidade visual, auditiva e intelectual, así como servizos telefónicos e informáticos accesibles.

**Obxectivo operativo 5.7** Impulsar o estudo e avaliación de necesidades relacionadas coa saúde das mulleres e dos homes con discapacidade.

**Obxectivo operativo 5.8**

Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas formas e tipoloxías, nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados coa saúde.

**Obxectivo operativo 5.9**

Reforzar as competencias dos e das profesionais da saúde mediante a dotación de pautas de abordaxe destinadas a mellorar a atención sanitaria, emocional e relacional ás persoas con discapacidade, ás súas familias e/ou contorno inmediato.

**Obxectivo operativo 5.10**

Desenvolver un marco estable de coordinación e cooperación entre os ámbitos social e sanitario na prestación de servizos ás persoas con discapacidade, impulsando a mellora dos sistemas TIC de rexistro e de intercambio de información entre ambos sistemas de protección.

**Obxectivo operativo 5.11**

Impulsar a participación das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisión sobre a súa saúde, así como no deseño e desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria que lles afecten.

## ACTUACIONES

### Obxectivo operativo 5.1

Potenciar o desenvolvemento de medidas e programas de prevención nos seus tres niveis (primaria, secundaria e terciaria), así como de detección precoz de enfermidades que causen discapacidade.

- 5.1.1 Incorporación de ferramentas efectivas de detección precoz na vixilancia rutineira do desenvolvemento infantil.
- 5.1.2 Mellora da aplicación do protocolo de realización das probas de cribado prenatal de anomalías fetais para a mellora da práctica clínica.
- 5.1.3 Desenvolvemento de accións formativas en materia de prevención de discapacidade dirixidas ás persoas profesionais da saúde que interveñen no seguimento do embarazo e parto para a mellora da comunicación médica.
- 5.1.4 Incorporación do consello xenético ás familias cando se realicen as análises xenéticas.
- 5.1.5 Desenvolvemento de servizos de preparación ao parto que atendan ás necesidades individuais das mulleres con discapacidade.
- 5.1.6 Mellora dos procedementos de diagnóstico neonatal mediante a aplicación de protocolos para a detección precoz das discapacidades considerando as especificidades das distintas tipoloxías, por parte dos e das profesionais da atención primaria.
- 5.1.7 Inclusión no Programa do neno e da nena san de indicadores relacionados coa detección precoz do Trastorno de Espectro Autista e discapacidades intelectuais.
- 5.1.8 Aplicación do Programa galego para detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal.
- 5.1.9 Aplicación do Programa de detección precoz da hipoacusia neonatal.
- 5.1.10 Impulso á creación de equipos multidisciplinares e protocolos de derivación para completar os diagnósticos clínicos o antes posible.
- 5.1.11 Desenvolvemento do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo cal se crea a Rede Galega de Atención Temperá.
- 5.1.12 Impulso á consolidación da Rede galega de atención temperá no marco da Axenda de Atención Temperá en Galicia 2015-2017, respondendo aos criterios establecidos no Decreto 183/2013.
- 5.1.13 Establecemento de canles de colaboración entre as administracións públicas implicadas no ámbito da comunidade galega e as entidades de iniciativa social que veñen prestando servizos de atención temperá para o establecemento de sinerxías no proceso de configuración da Rede galega de atención temperá.

- 5.1.14 Difusión do Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá e das medidas que integran a Axenda de atención temperá en Galicia entre as persoas profesionais sanitarias implicadas no proceso de diagnóstico.
- 5.1.15 Impulso de programas de actuación no ámbito sanitario para avanzar na detección de situacións de violencia e malos tratos a persoas con discapacidade, en especial a violencia exercida contra as mulleres.
- 5.1.16 Desenvolvemento de programas específicos para o control dos factores de risco e diagnóstico precoz en persoas con discapacidade consecutiva a un trastorno mental grave, en colaboración coas entidades sociais que traballan neste ámbito.
- 5.1.17 Desenvolvemento de equipos multidisciplinares dedicados ás discapacidades en expansión (saúde mental, dano cerebral sobrevido, enfermidades raras ou de pouca frecuencia...).
- 5.1.18 Desenvolvemento de accións de prevención da enfermidade mental nos distintos grupos de idade ou etapas da vida (infancia, adolescencia, adultos e persoas maiores).
- 5.1.19 Programa de atención bucodental a persoas con discapacidade de 18 ou máis anos para determinados tipos de discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

- Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
  - Secretaría Xeral da Igualdade
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
  - Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
- Consellería de Sanidade
  - Secretaría Xeral Técnica
  - Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
  - Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas
- Consellería de Política Social
  - Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

## Obxectivo operativo 5.2

Promover a saúde e hábitos de vida saudables entre as persoas con discapacidade.

- 5.2.1 Continuidade dos mecanismos de colaboración con entidades sociais do ámbito da discapacidade para a realización de actividades formativas sobre consumo responsable dirixidas a persoas con discapacidade.
- 5.2.2 Promoción do deporte e ocio activo inclusivo para persoas con discapacidade.
- 5.2.3 Inclusión na rede de actores do Plan Galicia Saudable daqueles relacionados coas actividades físico-deportivas e a discapacidade.
- 5.2.4 Inclusión nas campañas de comunicación, información e sensibilización do Plan Galicia Saudable sobre a práctica deportiva de contidos sobre os beneficios desta para as mulleres e homes con discapacidade.
- 5.2.5 Desenvolvemento de programas de actividade física adaptada dentro do sistema sanitario de Galicia.
- 5.2.6 Realización de accións de sensibilización e información sobre hábitos saudables para persoas con discapacidade, familiares e profesionais das entidades sociais de atención á discapacidade, tanto no contorno comunitario como en coordinación coas entidades do terceiro sector.
- 5.2.7 Achegamento das actividades de promoción da saúde ás persoas con discapacidade atendidas na rede de centros do sistema de benestar, a través de actividades conxuntas co persoal destes centros e co voluntariado.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Secretaría Xeral para o Deporte

#### Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Instituto Galego de Consumo e de Competencia

#### Consellería de Sanidade

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

#### Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.3

Mellorar a identificación e a diferenciación diagnóstica das patoloxías ou circunstancias (lesiões, intoxicacións...) que xeran discapacidade e proporcionar unha adecuada asistencia en función da avaliación interdisciplinaria das súas necesidades.

- 5.3.1 Impulso á creación dunha rede de profesionais sanitarios das diferentes disciplinas médicas especializadas en discapacidade.
- 5.3.2 Impulso ao establecemento de protocolos ou medidas para o acompañamento aos homes e mulleres con problemas específicos de comunicación (TEA, discapacidade intelectual, parálise cerebral, dano cerebral, Alzheimer ...).
- 5.3.3 Garantía dunha axeitada atención psicolóxica dirixida ás mulleres e homes con discapacidade e ás súas familias, no momento no que se produce a discapacidade e con continuidade no tempo.
- 5.3.4 Establecemento de procedementos de información e orientación que inclúan todas as alternativas de intervención e/ou diagnose para que as persoas con discapacidade e as súas familias poidan decidir libre e consecuentemente.
- 5.3.5 Identificación das necesidades específicas das mulleres con discapacidade e posta en marcha de dispositivos adaptados para a prestación dunha adecuada atención sanitaria.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Sanidade

- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.4

Fomentar a utilización de servizos adecuados de rehabilitación e a continuidade dos procesos, así como a diversificación de tratamentos ás persoas con discapacidade.

- 5.4.1 Apoio ao desenvolvemento de medidas de rehabilitación e tratamento continuados no tempo para os distintos tipos de discapacidade, especialmente das dirixidas a evitar o empeoramento do estado de saúde ou da discapacidade.
- 5.4.2 Fomento de modelos de atención para a neurorehabilitación que teñan en conta as necesidades específicas da infancia con discapacidade.
- 5.4.3 Mellora no proceso de acompañamento e seguimento tras o diagnóstico.
- 5.4.4 Creación de unidades de saúde mental formadas por equipos multidisciplinares.
- 5.4.5 Promoción do dereito de elección das persoas con discapacidade e as súas familias sobre os tratamentos máis axeitados para os distintos tipos de discapacidade.
- 5.4.6 Actualización do catálogo de prestacións ortoprotésicas en relación á gran variedade de patoloxías discapacitantes.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Sanidade

- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.5

Desenvolver actuacións encamiñadas á mellora dos procesos de envellecemento das persoas con discapacidade.

- 5.5.1 Creación de programas e tratamentos continuados en estimulación cognitiva e prevención do envellecemento para as persoas con discapacidade intelectual.
- 5.5.2 Utilización de probas de valoración e diagnóstico específicas sobre procesos de envellecemento (Alzheimer, demencia,...) adaptadas ás mulleres e homes con discapacidade, atendendo ás especificidades das distintas tipoloxías.
- 5.5.3 Realización de estudos de investigación desde a perspectiva sociosanitaria sobre os procesos de envellecemento das persoas con discapacidade.

- 5.5.4 Deseño e realización, en colaboración co terceiro sector, de accións de formación dirixidas a profesionais do ámbito sociosanitario sobre as características e necesidades asociadas ao proceso de envellecemento das persoas con discapacidade.
- 5.5.5 Desenvolvemento de accións de capacitación dirixidas a persoas con discapacidade e persoas coidadoras para a abordaxe do proceso de envellecemento e mellora do estado de saúde.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Sanidade

- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.6

Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos sanitarios tendo en conta o principio de deseño para todas as persoas, que inclúa os servizos de apoio necesarios para a comunicación e a adaptación da información sobre os recursos e servizos sanitarios á discapacidade visual, auditiva e intelectual, así como servizos telefónicos e informáticos accesibles.

- 5.6.1 Implantación de sinalética adaptada e persoal de apoio necesario para que as persoas con discapacidade se desenvolvan con autonomía nos centros de saúde, hospitais ...
- 5.6.2 Mellora da accesibilidade das mulleres e homes con discapacidade ao sistema sanitario galego e a súa relación cos servizos sanitarios, e potenciación do sistema de interacción non presencial con estes, aproveitando as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- 5.6.3 Impulso á implantación de sistemas de accesibilidade cognitiva en todo o ámbito sanitario (hospitais, centros de saúde...)
- 5.6.4 Extensión do servizo de intérprete de lingua de signos ou de dispositivos tecnolóxicos que faciliten aos servizos de urxencias e atención hospitalaria.
- 5.6.5 Desenvolvemento da información dentro dos cursos de preparación ao parto e de coidados de fillos e fillas, en formatos adecuados, de maneira que resulten accesibles e comprensibles para os homes e mulleres con discapacidade.
- 5.6.6 Impulso á introdución de prescricións médicas adaptadas ás distintas necesidades das mulleres e dos homes con discapacidade.

- 5.6.7 Adaptación da información sanitaria relevante (consentimento informado, carta de dereitos e deberes, instrucións previas etc.) ás necesidades das persoas con discapacidade.
- 5.6.8 Incorporación das adaptacións técnicas e maquinaria necesarias para que os servizos de xinecoloxía e obstetricia sexan accesibles ás mulleres con discapacidade.
- 5.6.9 Garantía do acceso das mulleres con discapacidade aos sistemas de reprodución asistida en igualdade de condicións que o resto de mulleres.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Sanidade

- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.7

---

Impulsar o estudo e avaliación de necesidades relacionadas coa saúde das mulleres e dos homes con discapacidade.

- 5.7.1 Divulgación dos resultados dos estudos en materia de saúde e discapacidade en formatos accesibles.
- 5.7.2 Realización dun estudo epidemiolóxico sobre discapacidades emerxentes.
- 5.7.3 Impulso ao desenvolvemento dun sistema de información sociosanitaria, que permita medir resultados e impactos na saúde das mulleres e dos homes con discapacidade, así como planificar a resposta as súas necesidades.
- 5.7.4 Promoción de estudos sobre a calidade de vida relacionada coa saúde de mulleres e de homes con discapacidade en Galicia.
- 5.7.5 Inclusión da discapacidade nos instrumentos de recompilación de datos relativos ao sistema de atención sanitaria e presentar, na medida do posible, datos desagregados por tipoloxía de discapacidade e sexo.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Facenda

- Instituto Galego de Estatística

Consellería de Sanidade

- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.8

Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas formas e tipoloxías, nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados coa saúde.

- 5.8.1 Impulso de accións de visibilización da discapacidade no ámbito das titulacións e estudos de especialización do campo da saúde a través do testemuño de persoas con discapacidade, que permitan coñecer ás futuras e futuros profesionais a realidade da discapacidade e como dar resposta desde a súa profesión ás necesidades destas persoas e das súas familias.
- 5.8.2 Organización de actividades de formación nas distintas titulacións con recoñecemento oficial de créditos para a configuración do currículo, orientadas á mellora do coñecemento da discapacidade e das capacidades das persoas.
- 5.8.3 Impulso á incorporación de contidos relacionados coa discapacidade (promoción da autonomía, necesidades de apoios, inclusión,...) e as súas diferentes tipoloxías como materia transversal obrigatoria nos estudos de formación profesional e universitarios do ámbito da saúde.
- 5.8.4 Fomento da realización de proxectos de fin de grao (TFG) e de proxectos fin de máster sobre aspectos de saúde vinculados ás situacións de discapacidade.
- 5.8.5 Impulso á realización de prácticas por parte das futuras persoas profesionais do ámbito sanitario en centros de atención a persoas con discapacidade.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Universidades

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.9

Reforzar as competencias dos e das profesionais da saúde mediante a dotación de pautas de abordaxe destinadas a mellorar a atención sanitaria, emocional e relacional ás persoas con discapacidade, ás súas familias e/ou contorno inmediato.

- 5.9.1 Desenvolvemento de actuacións de formación e sensibilización dirixidas ao persoal sanitario sobre discapacidade, adaptadas aos distintos ámbitos profesionais.
- 5.9.2 Realización de accións de formación para a mellora da comunicación efectiva con pacientes con discapacidade en aspectos relacionados coa empatía, niveis de comprensión e expresión, ..., adaptadas ás necesidades das diferentes discapacidades.
- 5.9.3 Realización de accións de formación continua dirixidas ás persoas profesionais que se dedican á atención e valoración das persoas con discapacidade e/ou en situación de dependencia sobre apoios individuais, axudas técnicas e servizos existentes.
- 5.9.4 Desenvolvemento de accións formativas dirixidas aos equipos interdisciplinares de atención temperá en materias relacionadas coa discapacidade, tendo en conta a diversidade desta.
- 5.9.5 Desenvolvemento de accións de sensibilización sobre a importancia dos determinantes sociais da saúde dirixidas aos profesionais do sistema sanitario.
- 5.9.6 Elaboración de protocolos e guías de actuación para a atención ás persoas con discapacidade dentro dos distintos servizos e momentos da atención sanitaria en colaboración coas entidades do ámbito da discapacidade.
- 5.9.7 Elaboración dunha guía de boas prácticas para servizos hospitalarios que melloren a comunicación e a atención a pacientes con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Sanidade

- Secretaría Xeral Técnica
- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas
- Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.10

Desenvolver un marco estable de coordinación e cooperación entre os ámbitos social e sanitario na prestación de servizos ás persoas con discapacidade, impulsando a mellora dos sistemas TIC de rexistro e de intercambio de información entre ambos sistemas de protección.

- 5.10.1 Creación dun grupo de traballo conformado por representantes da sanidade pública galega e o movemento asociativo do ámbito da discapacidade para o deseño do futuro marco de actuación.
- 5.10.2 Fomento da información e orientación en hospitais e centros de saúde sobre recursos dispoñibles no contorno para os homes e as mulleres con discapacidade.
- 5.10.3 Promoción do intercambio de datos entre o sistema sanitario e o sistema de servizos sociais en todas as cuestións que afectan ás mulleres e homes con discapacidade.
- 5.10.4 Posta en marcha de mecanismos eficaces de coordinación dentro de cada estrutura territorial sanitaria, entre os diversos dispositivos sanitarios e sociais implicados na atención ás mulleres e aos homes con discapacidade, nomeadamente ás persoas con enfermidade mental, familias e rede de apoio.
- 5.10.5 Definición de criterios para evitar duplicidades e acadar a optimización dos recursos e dos distintos dispositivos de atención (atención a domicilio, hospital de día, centros de día, residencias asistidas, hospitalización).
- 5.10.6 Elaboración dos protocolos de atención sociosanitaria para conseguir un proceso de atención continuada e integrada, co fin de evitar a institucionalización da persoa usuaria e potenciar a súa estancia no ámbito familiar, coordinando a atención e asistencia sanitaria e servizos sociais.
- 5.10.7 Incorporación das novas tecnoloxías á práctica asistencial, fomentando a telemedicina, a atención non presencial e en rede, baseando todo iso na Historia Clínica Electrónica, IANUS.
- 5.10.8 Impulso aos procesos electrónicos de tramitación administrativa internos e externos para mellorar a relación entre profesionais da saúde e a cidadanía.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA

#### Consellería de Sanidade

- Secretaría Xeral Técnica
- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

#### Entidades locais

#### Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 5.11

Impulsar a participación das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisión sobre a súa saúde, así como no deseño e desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria que lles afecten.

- 5.11.1 Establecemento de canles para a participación das mulleres e dos homes con discapacidade na posta en marcha e desenvolvemento das medidas relacionadas coa accesibilidade nos centros sociosanitarios.
- 5.11.2 Impulso de mecanismos de información accesibles (lectura fácil, pictogramas, vídeos...) que permitan a toma de decisións das persoas con discapacidade nos procesos relacionados coa saúde.
- 5.11.3 Apoio á realización de proxectos de investigación en saúde e discapacidade nos que se contemple a participación das persoas con discapacidade e a variable xénero.
- 5.11.4 Impulso dun modelo de substitución na toma de decisións en materia de saúde a outro baseado no apoio e asistencia á persoa con discapacidade
- 5.11.5 Elaboración e incorporación de medidas sobre a obrigatoriedade do consentimento informado nos procedementos de esterilización e aborto de mulleres con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Sanidade

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
- Xerencia do Servizo Galego de Saúde
- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

Liña estratéxica 6  
Servizos Sociais

## 6.6.1 FUNDAMENTOS E DESCRICIÓN

Como pilar fundamental da protección social, o sistema público de servizos sociais é esencial para a integración, a mellora da autonomía e o desenvolvemento persoal das persoas con discapacidade. As accións levadas a cabo desde os servizos sociais, xunto coa protección do sistema sanitario e da seguridade social son claves, pois, para a vida dos homes e das mulleres con discapacidade a as súas familias.

En cumprimento da lexislación vixente, as administracións públicas deben garantir o dereito das persoas con discapacidade e as súas familias aos servizos sociais de apoio familiar, de prevención de deficiencias e de intensificación de discapacidades, de promoción da autonomía persoal, de información e orientación, de atención domiciliaria, de residencias, de apoio no seu ámbito, servizos residenciais, de actividades culturais, deportivas, ocupación do ocio e do tempo libre.

No desenvolvemento das súas competencias, a Xunta de Galicia ten implantado un sistema de recursos de atención á discapacidade que vai reforzándose e optimizándose progresivamente, sistema que se apoia nos principios de promoción da autonomía persoal e de atención integral.

Ademais das prestacións vinculadas ao Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD) detalladas na liña estratéxica de Autonomía persoal, cómpre indicar que a Consellería de Política Social ten concertadas coas entidades de iniciativa social un total de 4.413 prazas (2.531 con transporte) para a atención aos distintos tipos de discapacidade, nunha variada tipoloxía de centros: centros ocupacionais, centros de día, residencia de persoas adultas con centro ocupacional, residencia de dependentes con centro de día etc.

### C.1 REDE DE CENTROS PÚBLICOS E CONCERTADOS DE ATENCIÓN Á DISCAPACIDADE SEGUNDO TIPOLOXÍA. ANO 2015.

PROVINCIAS	Atención diúrna	Centros ocupacio-nais	Centros de día	Residencias	Residenc. con centros de día	Residenc. con centro ocupación.	Residencia con atención diúrna e centro ocupac.	TOTAL
A Coruña	2	22	16	2	7	7	-	56
Lugo	1	3	2	1	6	3	1	17
Ourense	1	5	3	9	2	2	-	22
Pontevedra	3	11	13	7	4	3	1	42
<b>GALICIA</b>	<b>7</b>	<b>41</b>	<b>34</b>	<b>19</b>	<b>19</b>	<b>15</b>	<b>2</b>	<b>137</b>

Fonte: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

## C.2 PRAZAS CONCERTADAS SEGUNDO TIPOLOXÍA DE DISCAPACIDADE. ANO 2015.

PROVINCIAS	DISC. FÍSICA		DISC. INTELLECTUAL		DANO CEREBRAL		PARÁLISE CEREBRAL		AUTISMO		ENFERMIDADE MENTAL		TOTAL	
	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.	nº prazas	nº prazas transp.
A Coruña	-	-	1.539	1.109	22	22	85	38	110	45	24	24	1.780	1.238
Lugo	133	21	508	244	16	0	36	10	-	-	-	-	560	254
Ourense	-	-	546	192	-	-	18	18	-	-	-	-	564	210
Pontevedra	12	12	1.094	649	38	38	112	82	111	18	9	9	1.376	808
<b>GALICIA</b>	<b>145</b>	<b>33</b>	<b>3.687</b>	<b>2.194</b>	<b>76</b>	<b>60</b>	<b>251</b>	<b>148</b>	<b>221</b>	<b>63</b>	<b>33</b>	<b>33</b>	<b>4.413</b>	<b>2.531</b>

Fonte: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

Outro dos recursos centrados na persoa e no contorno dispoñible para a poboación con discapacidade é o Servizo de teleasistencia e xeolocalización, un servizo que presenta unha clara feminización, concretamente no uso da teleasistencia e Miavizor<sup>19</sup>, mentres que o uso dos xeolocalizadores está levemente máis estendido entre a poboación masculina. En total, 5.383 persoas beneficiáronse en 2014 do servizo de teleasistencia, 273 de xeolocalizadores e 270 do servizo Miavizor -exclusivamente implantado nas provincias de Lugo e Ourense-.

## C.3 SERVIZO DE TELEASISTENCIA E XEOLOCALIZACIÓN. ANO 2014.

TELEASISTENCIA	MULLERES	HOMES	TOTAL
A Coruña	1.758	514	2.272
Lugo	1.015	267	1.282
Ourense	344	60	404
Pontevedra	1.159	266	1.425
<b>GALICIA</b>	<b>4.276</b>	<b>1.107</b>	<b>5.383</b>

XEOLOCALIZADORES	MULLERES	HOMES	TOTAL
A Coruña	51	54	105
Lugo	17	29	46
Ourense	17	23	40
Pontevedra	45	37	82
<b>GALICIA</b>	<b>130</b>	<b>143</b>	<b>273</b>

MIAVIZOR	MULLERES	HOMES	TOTAL
Lugo	148	31	179
Ourense	69	22	91
<b>GALICIA</b>	<b>217</b>	<b>53</b>	<b>270</b>

Fonte: Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. Consellería de Política Social.

<sup>19</sup> Programa de Teleprevención Sociosanitaria "MiAvizor". Trátase dun servizo de teleasistencia avanzada para persoas en situación de dependencia.

O sistema de servizos sociais destinados á discapacidade experimentou un notable impulso nos últimos anos coa posta en marcha do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade de Galicia, 2010-2013. Nestes anos acadáronse importantes logros; por citar algunhas actuacións levadas a cabo: puxéronse en marcha novos centros de atención e unidades especializadas en centros de servizos sociais autorizados preexistentes, incrementándose o número de prazas; mellorouse a libranza vinculada á adquisición do Servizo de axuda no fogar e conseguiuase unha maior cobertura do dito programa para as persoas con discapacidade; ampliáronse os recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación con discapacidade etc.

Neste marco cómpre salientar o importante papel das entidades de iniciativa social que operan no ámbito da discapacidade e, a través dos convenios establecidos coa administración, prestan ás persoas con discapacidade servizos de moi diversa natureza adaptados ás discapacidades específicas que presenta cada home e cada muller.

No eido da coordinación entre profesionais do sistema de servizos sociais tamén representou un avance a aprobación da Orde do 1 de abril de 2013 pola que se aproba o modelo de informe social unificado para a área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal e se aproba a súa utilización no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, un instrumento destinado a facilitar a xestión aos traballadores e traballadoras sociais relacionados cos servizos dirixidos a persoas maiores, persoas con discapacidade e persoas en situación de dependencia. Trátase, sobre todo, de facilitar un instrumento normalizado que recolla a información básica pero suficientemente ampla para lograr unha perspectiva global da situación da persoa, das súas necesidades e potencialidades e da súa rede de apoio social e institucional.

Tamén se publicou a Orde do 16 de abril de 2014, pola que se regulan as condicións dos ingresos e traslados en servizos prestados en centros propios ou concertados, no ámbito da atención á dependencia e da promoción da autonomía persoal.

Ademais, como se indicou xa na liña estratéxica de Autonomía persoal, mediante a aprobación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, a Xunta de Galicia comezou a posta en marcha dun novo modelo de prestación de servizos sociais que permite habilitar, deseñar e combinar recursos adaptados ás necesidades das persoas e no que a discapacidade, a través dunha clasificación por tipoloxía, constitúe o criterio de especialización.

A Estratexia contempla a tramitación, aprobación e publicación do decreto sobre autorización e acreditación de servizos que complementará o anterior decreto mencionado, no cal, en aplicación desta filosofía de especialización dos servizos e da atención centrada na persoa, identificaranse cales son os servizos e defínense tanto o seu contido como as prestacións, tanto básicas como complementarias.

Ademais, nestes anos de implantación do sistema producíronse numerosas modificacións normativas co obxectivo de realizar os axustes necesarios para garantir a súa viabilidade e sustentabilidade, así como co obxectivo de procurar unha normativa que garanta unha atención integral das persoas en situación de dependencia. No ámbito estatal aprobáronse distintas normas a través das cales se modificou a Lei 39/2006: o Real decreto-lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público; o Real decreto-lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público; o Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, que recolle o Acordo do Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia para a mellora do sistema para a autonomía e atención á dependencia publicado pola Resolución do 13 de xullo de 2012 da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade. Por outra banda tamén se aprobaron distintas disposicións regulamentarias que modificaron os requisitos, criterios e intensidades das prestacións do sistema.

Todos estes cambios derivaron na modificación da normativa autonómica, polo que, co obxecto de garantir a debida seguridade xurídica á cidadanía, faise necesario aprobar un texto normativo que recolla a compilación de toda a normativa na materia cos últimos cambios. Inclúese por iso unha medida para a elaboración dun texto normativo autonómico de recompilación de toda a normativa actualizada en materia de dependencia, que tratará sobre os requisitos e condicións para cada tipo de servizo e/ou libranza, as intensidades de protección dos servizos, o réxime de compatibilidades entre os servizos e libranzas e os criterios para a xestión das prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia regulados ata o de agora a través do desenvolvemento normativo do decreto 15/2010, do 4 de febreiro.

Así, no marco deste intenso desenvolvemento normativo, a Estratexia galega sobre discapacidade ten por obxectivo para os vindeiros anos continuar a **reforzar** todo este abano de **recursos e actuacións**, en definitiva, lograr que o **conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno**.

Para iso, e partindo do enfoque de atención integral que impregna toda a Estratexia, enfoque adaptado ás necesidades específicas das persoas con discapacidade ao longo de todo o seu ciclo vital, seguiranse a **potenciar os recursos destinados a estas persoas e as súas familias, a partir de modelos de intervención integrais e coordinados entre os distintos sistemas implicados, centrados na persoa e no contorno**.

Cómpre destacar os traballos realizados en materia de atención temperá, que tras a aprobación do Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo cal se crea a Rede galega de atención temperá., definiuse e aprobouse a Axenda de atención temperá en Galicia 2015-

2017, con sete áreas de actuación xa mencionadas no epígrafe sobre a liña de saúde (información e sensibilización; Formación; Planificación e Programación; Coordinación para o desenvolvemento asistencial integrado de atención temperá; Participación e apoio familiar; Innovación e Investigación e Calidade). Son xa varias as actuacións realizadas desde a súa aprobación, como, por exemplo, a posta en marcha do Plan de formación en atención temperá destinado a profesionais dos tres sistemas: servizos sociais, educación e sanidade

Conforme ao establecido no texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, esta atención integral comprende os procesos ou calquera outra medida de intervención dirixidos a que as persoas con discapacidade adquiran o seu máximo nivel de desenvolvemento e autonomía persoal, e a lograr e manter a súa máxima independencia, capacidade física, mental e social, e a súa inclusión e participación plena en todos os aspectos da vida, así como a obtención dun emprego axeitado.

Os programas de atención integral poden comprender: a habilitación ou rehabilitación médico-funcional, a atención, tratamento e orientación psicolóxica; educación e apoio para a actividade profesional. Estes programas deben comezar na etapa máis temperá posible e basearse nunha avaliación multidisciplinar das necesidades e capacidades da persoa con discapacidade, así como das oportunidades do ámbito, considerando as adaptacións ou adecuacións oportunas e os apoios á toma de decisións e á promoción da autonomía persoal.

Neste modelo de intervención xoga un papel clave o **criterio de proximidade como principio para a acción**. Así, a planificación e a prestación destes servizos atenderá a proximidade ao contorno no que desenvolven as súas vidas as persoas con discapacidade, respectando ao máximo á permanencia no medio familiar e na contorna xeográfica, ao tempo que **se establecerán os mecanismos necesarios para garantir a atención social de quen residen no medio rural**, tendo en conta as barreiras específicas que lles afectan e, en consecuencia, o risco de exclusión territorial destas persoas.

En relación co anterior, tamén se traballará para a mellora da accesibilidade nas instalacións, no contorno destas e nos equipamentos dos servizos sociais (incluídos os servizos telefónicos e informativos), nos que primará o principio de deseño para todas as persoas,

Doutra banda, este modelo de atención só pode concibirse desde a necesaria coordinación dos distintos axentes implicados, de maneira que outro dos obxectivos fixados será precisamente fortalecer a coordinación e a cooperación entre profesionais dos servizos sociais comunitarios, especializados e as entidades do terceiro sector, para a mellora da calidade dos servizos. Así mesmo, seguiranse a reforzar as competencias dos e das profesionais que traballan no ámbito dos servizos sociais para garantir unha axeitada atención, e vanse desenvolver actuacións co fin de potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas causas, formas e tipoloxías no ámbito académico, tanto na formación profesional como nas titulacións universitarias vinculadas ao ámbito social.

Por outro lado, aínda que nos últimos anos se conseguiu unha significativa redución dos **tempos medios de tramitación** dos expedientes de valoración da situación de dependencia e de tramitación anual dos expedientes de valoración de discapacidades, tense previsto **proseguir coa introdución de melloras neste ámbito ao longo do vindeiro período.**

Para a mellora continua dos servizos é a adaptación ás necesidades reais das persoas e as familias resulta esencial **dispoñer de indicadores de avaliación e de medición do impacto social**, obxectivo que se desenvolverá en orde a **incrementar a calidade do sistema de atención.**

Tamén é fundamental dispoñer de información que permita un **coñecemento actualizado das necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias.** Coa mesma finalidade, impulsaranse unha serie de medidas relacionadas coa investigación e a innovación no sistema galego de servizos sociais que acheguen solucións novidasas para aumentar a calidade de vida das persoas con discapacidade.

Por último, como materialización da transversalidade da dimensión participativa a toda estratexia, inclúese nesta liña un obxectivo con actuacións de impulso e **apoio á participación das persoas con discapacidade e da rede social de apoio no deseño e desenvolvemento das políticas sociais que lles afectan.**

## 6.6.2 OBXECTIVOS OPERATIVOS E ACTUACIÓNS

### LIÑA ESTRATÉXICA 5: SAÚDE

**Obxectivo estratéxico:** Lograr que o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno.

- |                                |   |
|--------------------------------|---|
| <b>Obxectivo operativo 6.1</b> | Potenciar os recursos e promover os modelos de intervención integrais e coordinados centrados na persoa e no seu contorno, de xeito que se dea resposta ás necesidades específicas das persoas con discapacidade.   |
| <b>Obxectivo operativo 6.2</b> | Promover a mellora dos procesos de tramitación de expedientes relacionados cos recursos sociais do ámbito da discapacidade.   |
| <b>Obxectivo operativo 6.3</b> | Establecer mecanismos para garantir a atención social das mulleres e dos homes con discapacidade no medio rural tendo en conta as súas especiais circunstancias de risco de exclusión territorial.  |
| <b>Obxectivo operativo 6.4</b> | Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos de servizos sociais a partir do principio de deseño para todas as persoas, incluíndo a adaptación da información sobre os recursos sociais así como dos servizos telefónicos e informáticos. |
| <b>Obxectivo operativo 6.5</b> | Promover estudos que permitan un coñecemento actualizado das necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias.   |
| <b>Obxectivo operativo 6.6</b> | Reforzar as competencias dos e das profesionais que traballan no ámbito dos servizos sociais para garantir unha axeitada atención e protección social das persoas con discapacidade.  |
| <b>Obxectivo operativo 6.7</b> | Fortalecer a coordinación e cooperación entre profesionais dos servizos sociais comunitarios, especializados e as entidades do terceiro sector para a mellora da calidade dos servizos.   |

**Obxectivo operativo 6.8**

Impulsar o coñecemento dos recursos dispoñibles, así como a investigación e a innovación no sistema galego de servizos sociais que acheguen solucións para aumentar a calidade de vida das persoas con discapacidade.

**Obxectivo operativo 6.9**

Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas causas, formas e tipoloxías nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados co ámbito social e de atención ás persoas.

**Obxectivo operativo 6.10**

Impulsar a avaliación continua dos servizos e a medición do impacto social para favorecer a calidade, a mellora continua e a adaptación das intervencións ás necesidades reais.

**Obxectivo operativo 6.11**

Impulsar e apoiar a participación das persoas con discapacidade e da rede social de apoio no deseño e desenvolvemento das políticas sociais que lles afectan.

## ACTUACIÓNS

### Obxectivo operativo 6.1

Potenciar os recursos e promover os modelos de intervención integrais e coordinados centrados na persoa e no seu contorno, de xeito que se dea resposta ás necesidades específicas do homes e das mulleres con discapacidade.

- 6.1.1 Elaboración dun texto normativo autonómico de recompilación de toda a normativa actualizada en materia de dependencia.
- 6.1.2 Estudo e análise de modelos de concertación coas administracións públicas que faciliten o acompañamento nos proxectos de vida das mulleres e dos homes con discapacidade e favorezan o seu arraigo, a súa capacidade de elixir e a estabilidade nas súas relacións sociais.
- 6.1.3 Cesión de locais da administración autonómica ás entidades sociais do ámbito da discapacidade para a prestación de servizos ás persoas con discapacidade que teñen necesidades específicas.
- 6.1.4 Ampliación dos sistemas de teleasistencia avanzada e outros recursos tecnolóxicos dirixidos á poboación con algunha discapacidade.

- 6.1.5 Ampliación do Servizo de intérpretes de Lingua de Signos e Guías-Intérpretes para permitir a comunicación das persoas xordas e xordocegas en situacións de vida cotiá.
- 6.1.6 Desenvolvemento dunha atención sociosanitaria que garanta a continuidade asistencial e a adecuada recuperación funcional das persoas con discapacidade.
- 6.1.7 Mellora das vías de coordinación entre os equipos con funcións de valoración e intervención social da Consellería de Política Social e os equipos de orientación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- 6.1.8 Apoio económico e técnico para a ampliación da taxa de cobertura do Servizo de Axuda no Fogar, coa consideración do envellecemento temperá da poboación con discapacidade como un dos criterios de ponderación na asignación de horas aos concellos.
- 6.1.9 Impulso á incorporación do coñecemento da lingua de signos por parte das e dos profesionais como criterio de valoración nos procesos de contratación ou desenvolvemento de servizos de axuda no fogar.
- 6.1.10 Mantemento e, no seu caso, ampliación do volume de novas prazas sostidas con fondos públicos en centros de atención a persoas con discapacidade.
- 6.1.11 Promoción de accións para a mellora do coñecemento do programa de acollemento familiar de persoas con discapacidade dirixidas ao conxunto da poboación, en especial á que reside no medio rural.
- 6.1.12 Impulso aos programas de respiro familiar para as persoas con discapacidade.
- 6.1.13 Desenvolvemento e consolidación da Rede galega de atención temperá.
- 6.1.14 Difusión do Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá e das medidas que integran a Axenda de Atención Temperá en Galicia entre profesionais do ámbito dos servizos sociais.
- 6.1.15 Elaboración e aprobación dunha normativa específica referida a centros, servizos e programas dirixidos ás persoas con discapacidade, na que se contemplen os requisitos técnicos e funcionais das distintas tipoloxías de centros para a súa auto-rización e acreditación.
- 6.1.16 Mantemento do programa Xantar na casa.
- 6.1.17 Promoción de prestacións económicas para contribuír á cobertura dos gastos relacionados co coidado e a permanencia no contorno familiar.
- 6.1.18 Potenciación de novos servizos de atención a persoas con discapacidade en centros de servizos sociais autorizados preexistentes.
- 6.1.19 Aumento do número de prazas de estancias temporais en centros que dan cobertura a certas situacións de emerxencia social ou descanso familiar, que poden ser paliadas cun ingreso temporal.
- 6.1.20 Promoción de programas e recursos integrais de apoio ás mulleres xestantes e lactantes con discapacidade en colaboración con entidades de iniciativa social.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Consellería de Sanidade

- Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria-Sergas

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.2

Promover a mellora dos procesos de tramitación de expedientes relacionados cos recursos sociais do ámbito da discapacidade.

- 6.2.1 Mellora dos prazos de tramitación dos procedementos de solicitude, valoración e acceso a servizos e prestacións e procurar a súa simplificación.
- 6.2.2 Deseño de protocolos de actuación para a homoxeneización de procesos na xestión de expedientes.
- 6.2.3 Introducción dun ítem para a avaliación do nivel de comunicación da persoa como criterio para o cálculo da porcentaxe da discapacidade nos protocolos dos Equipos de valoración da discapacidade.
- 6.2.4 Impulso ao establecemento de medidas para a equiparación/igualación dos tempos de tramitación dos certificados de discapacidade en todas as delegacións provinciais.
- 6.2.5 Priorización do uso de recursos de carácter inclusivo nos procesos de derivación das persoas con discapacidade que se realizan desde os servizos sociais.
- 6.2.6 Introducción de melloras nos recursos técnicos e tecnolóxicos empregados na tramitación de expedientes.
- 6.2.7 Reforzamento da dotación de recursos humanos na valoración e tramitación de expedientes.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

## Obxectivo operativo 6.3

Establecer mecanismos para garantir a atención social das mulleres e dos homes con discapacidade no medio rural tendo en conta as súas especiais circunstancias de risco de exclusión territorial.

- 6.3.1 Avaliación dos resultados do actual modelo do Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal -SGAMP, co obxecto de adecuar a prestación aos requisitos que máis se axusten ás necesidades que cada persoa demanda.
- 6.3.2 Creación de servizos de proximidade que dean resposta ás necesidades dos municipios rurais de alta dispersión poboacional.
- 6.3.3 Priorización da participación das persoas con discapacidade na oferta de actividades e servizos dos concellos das áreas rurais.
- 6.3.4 Fomento da prestación de servizos mancomunados por parte das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade para dar unha adecuada cobertura á poboación con discapacidade das zonas rurais.
- 6.3.5 Introducción como criterio nas convocatorias de axudas da administración autonómica a priorización de programas sociais presentados por agrupacións ou mancomunidades de municipios do ámbito rural.
- 6.3.6 Deseño e posta en marcha dun proxecto piloto de dispositivos móbiles de servizos sociais en zonas rurais de alta dispersión poboacional.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.4

Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos de servizos sociais a partir do principio de deseño para todas as persoas, incluíndo a adaptación da información sobre os recursos sociais así como dos servizos telefónicos e informáticos.

- 6.4.1 Adaptación da rede de centros propios da administración autonómica para que sexan accesibles ás persoas con discapacidade.
- 6.4.2 Impulso á implantación do sistema BILDTEC no ámbito dos servizos sociais municipais.

- 6.4.3 Extensión do uso de sistemas de domótica e axudas técnicas nos centros da Rede de atención da Comunidade Autónoma de Galicia para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade.
- 6.4.4 Realización de actuacións de mellora da accesibilidade en instalacións sociais de uso e titularidade pública.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Política Social

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica
- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Entidades locais

## Obxectivo operativo 6.5

Promover estudos que permitan un coñecemento actualizado das necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias.

- 6.5.1 Realización de estudos prospectivos sobre as necesidades dos servizos en función das necesidades dos homes e das mulleres e da tipoloxía da discapacidade, que permitan adoptar as medidas de reorientación e/ou mellora necesarias.
- 6.5.2 Realización de estudos para o coñecemento da situación socioeconómica e as necesidades das mulleres e dos homes con discapacidade e as súas familias.
- 6.5.3 Análise comparada da situación dos homes e das mulleres con discapacidade no medio rural e urbano, para o coñecemento das necesidades de cobertura e a mellora dos servizos orientados á poboación que reside en zonas rurais.
- 6.5.4 Mellora da información e explotación estatística do Censo de persoas con discapacidade de Galicia.

Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Política Social

- Secretaría Xeral Técnica
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.6

Reforzar as competencias dos e das profesionais que traballan no ámbito dos servizos sociais para garantir unha axeitada atención e protección social das persoas con discapacidade.

- 6.6.1 Estudo das necesidades de formación dos e das profesionais que traballan no ámbito de atención ás persoas con discapacidade.
- 6.6.2 Deseño e execución dun programa de cursos de formación, en resposta ás necesidades detectadas no estudo previsto na actuación anterior.
- 6.6.3 Realización de xornadas informativas sobre a aplicación da normativa relacionada coa discapacidade no ámbito dos servizos sociais.
- 6.6.4 Realización de xornadas dirixidas ao persoal técnico da administración de servizos sociais para a divulgación do traballo das entidades sociais de atención á discapacidade.
- 6.6.5 Desenvolvemento de programas de formación en materia de discapacidade para profesionais dos servizos sociais.
- 6.6.6 Desenvolvemento dun programa de formación sobre as carteiras de servizos para as persoas con discapacidade dirixido ao persoal das entidades do terceiro sector.
- 6.6.7 Reforzo da formación continuada do persoal dos Equipos de valoración.
- 6.6.8 Desenvolvemento de accións de formación do voluntariado social para o acompañamento a persoas con discapacidade.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Escola Galega de Administración Pública

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade
- Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.7

Fortalecer a coordinación e cooperación entre profesionais dos servizos sociais comunitarios, especializados e as entidades do terceiro sector para a mellora da calidade dos servizos.

- 6.7.1 Creación dunha rede de traballo para o fomento da coordinación entre os servizos sociais dos concellos e as entidades de persoas con discapacidade.

- 6.7.2 Establecemento de protocolos de actuación interinstitucionais para a mellora da comunicación entre profesionais dos distintos ámbitos que interveñen na atención á discapacidade de cara a unha adecuada intervención integral.
- 6.7.3 Elaboración dun protocolo de actuación específico para mulleres con discapacidade vítimas da violencia de xénero.
- 6.7.4 Realización de avaliacións dos resultados da aplicación dos protocolos de colaboración postos en marcha.

#### Departamentos administrativos/organismos implicados

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

- Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

### Obxectivo operativo 6.8

Impulsar o coñecemento dos recursos dispoñibles, así como a investigación e a innovación no sistema galego de servizos sociais que acheguen solucións para aumentar a calidade de vida das persoas con discapacidade.

- 6.8.1 Elaboración dunha guía de recursos sobre discapacidade.
- 6.8.2 Impulso á participación de profesionais dos servizos sociais nas investigacións que se realicen no ámbito da atención ás persoas con discapacidade.
- 6.8.3 Realización de investigacións sobre aspectos da discapacidade e das súas distintas tipoloxías en colaboración coas universidades galegas.
- 6.8.4 Divulgación de experiencias innovadoras que poidan ser transferibles e teñan un efecto multiplicador.
- 6.8.5 Estudo da repercusión da aplicación de terapias alternativas.
- 6.8.6 Continuidade no desenvolvemento do sistema informático integrado de referencia no ámbito dos servizos sociais, que facilite a xestión e a coordinación entre os distintos departamentos administrativos implicados na atención ás persoas con discapacidade (Historia Social Única Electrónica).

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Presidencia

- Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia -AMTEGA

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

#### Universidades

#### Entidades locais

#### Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.9

Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas causas, formas e tipoloxías nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados co ámbito social e de atención ás persoas.

- 6.9.1 Impulso de accións de visibilización da discapacidade no ámbito das titulacións e estudos de especialización relacionados co ámbito social e a atención ás persoas a través do testemuño de persoas con discapacidade, que permitan coñecer ás futuras persoas profesionais a realidade da discapacidade e como dar resposta desde a súa profesión ás necesidades dunha sociedade inclusiva.
- 6.9.2 Organización de seminarios/actividades de formación nas distintas titulacións con recoñecemento oficial de créditos para a configuración do currículo, orientadas á mellora do coñecemento da discapacidade e das capacidades das persoas.
- 6.9.3 Impulso á incorporación de contidos relacionados coa discapacidade (promoción da autonomía, necesidades de apoios, inclusión...) e as súas diferentes tipoloxías como materia transversal obrigatoria nos estudos de formación profesional e universitarios vinculados ao ámbito social e de atención ás persoas.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

#### Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

- Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

#### Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

#### Universidades

#### Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.10

Impulsar a avaliación continua dos servizos e a medición do impacto social para favorecer a calidade, a mellora continua e a adaptación das intervencións ás necesidades reais.

- 6.10.1 Avaliación dos programas de formación dirixidos ás persoas profesionais do ámbito dos servizos sociais.
- 6.10.2 Establecemento de avaliacións periódicas da relación entre medios empregados e resultados acadados nos servizos sociais comunitarios e específicos a través de enquisas de satisfacción á poboación usuaria e enquisas ao persoal dos servizos sociais.
- 6.10.3 Oferta de recursos metodolóxicos que permitan avaliar a viabilidade e o impacto dos proxectos desde a súa fase de deseño.
- 6.10.4 Realización dun estudo de avaliación conxuntamente coas entidades representant-tes das persoas con discapacidade e as súas familias, para identificar novas fórmulas que permitan garantir a sustentabilidade do sistema de atención ás mulleres e aos homes con algunha discapacidade.
- 6.10.5 Creación e posta en marcha de grupos de traballo para instrumentalizar os criterios de calidade e das condicións que garantan unha intervención efectiva e especializada: soporte documental, formación especializada, perfís profesionais, cadros de persoal recomendables etc.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades locais

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Obxectivo operativo 6.11

Impulsar e apoiar a participación das persoas con discapacidade e da rede social de apoio no deseño e desenvolvemento das políticas sociais que lles afectan.

- 6.11.1 Fomento de accións de retroalimentación entre persoal técnico da administración con competencias na regulación e aplicación de políticas sociais e as entidades sociais de atención as persoas con discapacidade con coñecemento da realidade das persoas e da aplicación práctica da normativa.
- 6.11.2 Posta en marcha dunha comisión de traballo no seo do Consello Galego das mulleres como canle de participación das mulleres con discapacidade na aplicación do principio de igualdade de xénero e na loita contra a discriminación.

- 6.11.3 Fomento da realización de experiencias de participación (obradoiros, grupos de discusión ...) das que formen parte homes e mulleres con discapacidade, familiares e persoas da rede de apoio para o coñecemento das súas demandas e necesidades.
- 6.11.4 Instar a que os procesos xudiciais e administrativos de modificación da capacidade de obrar se realicen nos termos establecidos na Convención dos dereitos das persoas con discapacidade.
- 6.11.5 Creación da tarxeta acreditativa da discapacidade.
- 6.11.6 Promoción da participación das entidades de iniciativa social do ámbito da discapacidade no deseño e avaliación das medidas estratéxicas de inclusión social promovidas pola Xunta de Galicia.

### Departamentos administrativos/organismos implicados

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

- Secretaría Xeral da Igualdade

Consellería de Política Social

- Dirección Xeral de Inclusión Social
- Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade

Entidades de iniciativa social no ámbito da discapacidade

## Anexo 1: metodoloxía

Como se indica nas páxinas introdutorias, o proceso de elaboración da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020 baseouse nunha metodoloxía participativa inspirada polos principios orientadores de “colaboración institucional”, “diálogo, consenso e corresponsabilidade” e “integralidade e transversalidade das políticas en materia de discapacidade”, o que se traduciu nun procedemento de traballo no que participaron os distintos departamentos da Xunta de Galicia e as entidades de iniciativa social en representación das persoas con discapacidade e as súas familias, así como colexios profesionais que exercen a súa actividade neste ámbito.

O propósito deste proceso non era outro que continuar o traballo xa emprendido en 2010 coa posta en marcha da primeira planificación consensuada que naceu con clara vocación de transversalidade para todas as políticas e actuacións que se puxesen en marcha no ámbito da discapacidade en Galicia: o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013.

En definitiva, tratábase de elaborar un novo instrumento de planificación estratéxica que recollese os novos retos da abordaxe da discapacidade en Galicia para o período 2015-2020.

Pero este novo instrumento non tería por que supoñer unha ruptura significativa coas principais liñas de traballo abertas, así como tampouco coas dinámicas establecidas nos departamentos participantes, cos que, en xeral, foi posible acadar un alto grao de compromiso no desenvolvemento do plan anterior, podendo garantirse unha certa continuidade ás actuacións que se veñen desenvolvendo. No entanto, consideráronse as suxestións avanzadas desde o Grupo de Seguimento e avaliación do plan anterior, no sentido de configurar un instrumento que gañase en operatividade, claridade e sinxeleza, a partir dunha estrutura máis sintética no que atinxe ás súas áreas ou liñas de acción.

Tratábase, pois, de elaborar un documento no que se plasmase a planificación estratéxica das políticas que se debían levar a cabo no ámbito da discapacidade para o mencionado período, documento que, respondendo a criterios técnicos como a operatividade da súa estrutura, a coherencia interna das súas actuacións, a claridade expositiva ou a utilidade dos obxectivos e accións propostas, establece as liñas de acción para avanzar na igualdade de dereitos e oportunidades e mellorar a calidade de vida das mulleres e dos homes con discapacidade.

Con este fin desenvolveuse un procedemento metodolóxico que se iniciaría coa definición da estrutura matriz da Estratexia, en orde á obtención dun instrumento operativo e áxil para a determinación dos principais eixes de acción. Ademais, cumpría desenvolver as seguintes actuacións, a saber:

- Elaboración dun diagnóstico da situación das persoas con discapacidade de Galicia, a partir da análise da información estatística dispoñible así como de datos

da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade (antes Secretaría Xeral de Política Social, departamento impulsor da Estratexia) sobre normativa, recursos, programas e servizos en vigor.

- Determinación dos principios inspiradores da Estratexia e dos criterios para a acción.
- Identificación das necesidades e demandas da poboación con discapacidade e das súas familias, así como doutras dificultades que impiden a igualdade real e efectiva deste grupo de poboación.
- Definición da estrutura matriz da Estratexia a partir da identificación desas necesidades e problemáticas actuais, de cara á determinación dos obxectivos estratéxicos que se establecerían para a mellora da situación das mulleres e dos homes con discapacidade e a promoción da súa autonomía.
- Definición dos obxectivos xerais ou estratéxicos, obxectivos operativos e actuacións, isto é, o propio contido da Estratexia, na que intervirían os distintos axentes implicados: departamentos administrativos e movemento asociativo representativo das persoas con discapacidade e as súas familias.
- Publicidade dun primeiro documento borrador para a presentación de alegacións.
- Redacción final do documento e presentación.

Así, as organizacións representativas das persoas con discapacidade e as súas familias tomaron parte na elaboración da Estratexia desde o seu comezo, primeiro no deseño da estrutura matriz, isto é, na determinación das áreas prioritarias de actuación, as liñas estratéxicas, así como na definición dos obxectivos de carácter xeral (os estratéxicos) e nos de carácter específico (obxectivos operativos), para, nunha segunda fase, participar na elaboración das distintas actuacións que darían contido a ditas liñas e obxectivos.

Contouse para iso coas entidades representativas do ámbito das diferentes tipoloxías de discapacidade en Galicia, cunha sólida traxectoria no traballo con e para as persoas con discapacidade e as súas familias. A participación do terceiro sector considerouse esencial, principalmente pola súa posición privilexiada en canto ao coñecemento directo das necesidades e demandas das persoas ás que representan, grazas ao seu traballo diario con este grupo tan heteroxéneo que converte a estas organizacións en informantes cualificadas sobre a situación das persoas con algún tipo de discapacidade; e tamén porque, debido ao exercicio da súa actividade, contan con persoal especialista, capaz de contribuír á formulación e definición de posibles liñas de acción e medidas para desenvolver nos vindeiros anos.

É importante salientar, por outra parte, que a existencia dun instrumento de planificación previo como é o Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, 2010-2013, e os correspondentes informes de seguimento e avaliación -nos que tamén se contou coa participación do movemento asociativo-, permitiron definir mellor o punto de partida do proceso de elaboración da nova Estratexia, en tanto que se dispoñía xa dun coñecemento sobre as debilidades e as oportunidades de mellora que as distintas entidades e entes administrativos foron identificando durante a execución de dito plan, así como na súa avaliación final.

Así, pois, **nunha primeira fase** do proceso de elaboración constituíuse un grupo de traballo integrado por persoal técnico da Secretaría Xeral de Política Social (agora Dirección Xeral de Maiores e Persoas con discapacidade), liderado pola Subdirección Xeral de Promoción da Autonomía Persoal e Prevención da Dependencia e por persoal técnico das federacións que integran CERMI-Galicia: Autismo Galicia, COGAMI, Down Galicia, FEGADACE, FAXPG, FADEMGGA-FEAPS, FEAFES Galicia, ASPACE, FAGAL e ONCE.

Ademais, quíxose contar tamén coa participación de colexios oficiais representantes de profesionais que traballan en ámbitos relacionados dun ou doutro xeito coa discapacidade, tendo en conta a súa posición como entes cualificados coñecedores da realidade das persoas con discapacidade e as súas familias: o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia, o Colexio de Educadores e Educadoras Sociais de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que a través do seu persoal técnico asistiron e participaron activamente en todas as sesións do traballo de grupo.

Por último, dispúxose tamén da asistencia técnica precisa, a través de persoal especializado en planificación estratéxica no ámbito social para tarefas de coordinación, orientación e asesoramento técnico.

O obxectivo principal deste grupo de traballo era a **elaboración consensuada da estrutura matriz da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020**, isto é a definición das liñas prioritarias de actuación así como os seus obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos, a partir de diversas fontes, a saber: dos resultados da avaliación do Plan de acción integral para as persoas con discapacidade 2010-2013, da identificación das necesidades e demandas das persoas con discapacidade e da identificación dos aspectos susceptibles de mellora.

Durante un período aproximado de tres meses este grupo de traballo celebrou un total de doce xuntanzas semanais, e foi o responsable da definición do enfoque da Estratexia, así como da súa estrutura matriz inicial. O resultado destas sesións de traballo conxunto e do consenso acadado trasladouse a un documento integrado por seis liñas estratéxicas cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e un total de 67 obxectivos operativos.

A **seguinte etapa** do proceso correspondíase coa **definición e priorización das actuacións** que conformarían a Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, integradas nos seus respectivos obxectivos operativos. Para iso, abriuse unha nova fase na que, ademais de contar coa participación das entidades representativas do ámbito da discapacidade e dos colexios profesionais que participaron na fase anterior, terían participación distintas Consellerías da Xunta de Galicia, co obxecto de facer efectivos os principios inspiradores de colaboración institucional, integralidade e transversalidade das accións en materia de discapacidade, e poder obter así instrumento de abordaxe realmente integral no que estivesen implicados todos os departamentos administrativos en orde ás súas respectivas competencias sectoriais.

O documento matriz inicial resultante da primeira fase do proceso serviu de base para que, tanto as entidades do terceiro sector e colexios profesionais como os departamentos da Administración autonómica, realizasen as súas propostas de actuación para desenvolver no marco da Estratexia durante o período 2015-2020.

En paralelo a este proceso, desde a Secretaría Xeral de Política Social (agora Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade) desenvolveuse un traballo de estudo e revisión de programas, servizos e normativa en vigor, así como daquelas actuacións incluídas na planificación da política social da Xunta de Galicia para os próximos anos que poden ter como parte da poboación destinataria ás mulleres e homes con discapacidade.

Froito deste traballo conxunto, obtívose un primeiro borrador da Estratexia galega sobre discapacidade 2015-2020, integrado por seis áreas de actuación, 62 obxectivos operativos e 480 actuacións distribuídas do seguinte modo:

A continuación, **abriuse un período de alegacións** para o que se remitiu o documento borrador aos distintos entes participantes na súa elaboración: entidades de iniciativa social, colexios profesionais e departamentos da Xunta de Galicia, así como á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP). Ademais, o documento borrador publicouse na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar (agora Consellería de Política Social), na súa sección de discapacidade, así como no servizo en liña MATIASS (Manual de traballo, información e asesoramento en servizos sociais).

Unha vez recadadas todas as alegacións e respondidas e incorporadas as modificacións pertinentes dáse traslado ao Consello Galego de Benestar para o seu informe. A nova versión do documento borrador da Estratexia está integrada por un total de 62 obxectivos e 478 actuacións, distribuídas nas seis liñas estratéxicas segundo se indica no cadro seguinte.

### CÓMPUTO DE ACTUACIÓNS DA ESTRATEXIA GALEGA SOBRE DISCAPACIDADE 2015-2020\*

LIÑAS ESTRATÉXICAS	Nº DE OBXECTIVOS OPERATIVOS	Nº DE ACTUACIÓNS
LIÑA ESTRATÉXICA 1: ACCESIBILIDADE	11	86
LIÑA ESTRATÉXICA 2: AUTONOMÍA PERSOAL	7	54
LIÑA ESTRATÉXICA 3: EDUCACIÓN	9	64
LIÑA ESTRATÉXICA 4: FORMACIÓN E EMPREGO	13	119
LIÑA ESTRATÉXICA 5: SAÚDE	11	81
LIÑA ESTRATÉXICA 6: SERVIZOS SOCIAIS	11	73
<b>TOTAL</b>	<b>62</b>	<b>477</b>

\* Versión para o Consello Galego de Benestar.

Unha vez emitido informe polo Consello Galego de Benestar, procédese á súa remisión ao Consello do Goberno da Xunta de Galicia para a súa aprobación.

## Anexo 2: resumo de liñas estratéxicas, obxectivos estratéxicos e obxectivos operativos

<p>LIÑA ESTRATÉXICA 1 ACCESIBILIDADE</p>	<p>Obxectivo estratéxico: Asegurar a accesibilidade universal das persoas con discapacidade aos contornos físico, social, económico, político e cultural para o pleno exercicio do seus dereitos e liberdades fundamentais.</p>
<p>Obxectivo operativo 1.1</p>	<p>Desenvolver de forma efectiva a normativa vixente en materia de accesibilidade e controlar a súa aplicación e cumprimento.</p>
<p>Obxectivo operativo 1.2</p>	<p>Impulsar medidas que garantan o acceso á información e á comunicación respecto dos contornos, procesos, bens, produtos, actividades e servizos públicos ou promovidos pola administración pública e en todos os ámbitos (saúde, educación, ocio, emprego ...).</p>
<p>Obxectivo operativo 1.3</p>	<p>Desenvolver recursos e sistemas de sinalización e información para garantir o acceso das persoas con discapacidade ao contorno físico (contornos urbanos, arquitectónicos e naturais ...).</p>
<p>Obxectivo operativo 1.4</p>	<p>Asegurar na fase de redacción de proxectos arquitectónicos de obra nova ou de reforma, o acceso aos contornos construídos a todas as persoas sen que sexa necesario levar a cabo adaptacións posteriores para persoas con necesidades específicas.</p>
<p>Obxectivo operativo 1.5</p>	<p>Considerar nos proxectos de deseño urbanístico que calquera persoa, con ou sen discapacidade, poida acceder a unha vía ou a un espazo público urbano, integrarse nel e comunicarse e interrelacionarse cos seus contidos.</p>
<p>Obxectivo operativo 1.6</p>	<p>Mellorar as condicións de uso dos contornos naturais protexidos e patrimoniais, así como dos recursos de carácter turístico e cultural para todas as persoas con discapacidade, de conformidade co previsto na lexislación sobre patrimonio.</p>
<p>Obxectivo operativo 1.7</p>	<p>Facilitar a mobilidade das persoas con discapacidade a través de sistemas de transporte accesibles (material móbil, infraestruturas e instalacións).</p>
<p>Obxectivo operativo 1.8</p>	<p>Impulsar a accesibilidade das tecnoloxías da información e da comunicación para dispor dunha oferta ampla de custos razoables e con mecanismos de acceso sinxelos e seguros.</p>

Obxectivo operativo 1.9	Incorporar a accesibilidade universal como un elemento transversal na práctica das organizacións tanto públicas (elaboración e aplicación de normativas, contratación pública e servizos) como privadas.
Obxectivo operativo 1.10	Impulsar a investigación, transferencia de coñecemento e formación en materia de accesibilidade coa implicación de todos os sectores e ámbitos profesionais, cara a un desenvolvemento cada vez maior de medidas que promovan a accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.
Obxectivo operativo 1.11	Incorporar as mulleres e homes con discapacidade nos procesos de deseño, validación e testaxe de bens, produtos e servizos a disposición do público para facilitar o seu uso e accesibilidade.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 2 AUTONOMÍA PERSOAL</b>	<b>Obxectivo estratéxico: Potenciar o desenvolvemento persoal xerando as condicións favorables para unha participación autónoma en todos os ámbitos.</b>
Obxectivo operativo 2.1	Promover medidas que favorezan o uso de medios técnicos de apoio e calquera outro que contribúa á vida independente das persoas con discapacidade.
Obxectivo operativo 2.2	Potenciar os recursos que permitan alcanzar maior grao de autonomía e de permanencia das persoas no seu medio habitual, a través do uso preferente dos recursos ordinarios existentes no contorno.
Obxectivo operativo 2.3	Facilitar solucións habitacionais públicas e adaptadas cando, por circunstancias temporais, non sexa posible o mantemento da vida no propio domicilio.
Obxectivo operativo 2.4	Desenvolver servizos accesibles que favorezan a autonomía persoal das persoas con discapacidade en proceso de envellecemento.
Obxectivo operativo 2.5	Impulsar a educación afectivo-sexual entre as persoas con discapacidade, as súas familias e profesionais.

Obxectivo operativo 2.6	Impulsar o estudo, formación, sensibilización e información sobre a promoción da autonomía persoal das persoas con discapacidade en Galicia.
Obxectivo operativo 2.7	Promover a participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten e en todos os ámbitos, incluído a creación e funcionamento dos recursos dispostos para a súa atención.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 3 EDUCACIÓN</b>	<b>Obxectivo estratéxico:</b> <b>Promover unha educación e unha aprendizaxe permanente para as persoas con discapacidade en igualdade de condicións que o resto da poboación.</b>
Obxectivo operativo 3.1	Desenvolver a normativa en materia de educación con plena adaptación ao novo marco establecido pola LOMCE e impulsar a súa adecuada aplicación e cumprimento en relación aos aspectos específicos vinculados á normalización e inclusión educativa do alumnado con discapacidade.
Obxectivo operativo 3.2	Favorecer unha educación adaptada a cada persoa con necesidades específicas de apoio educativo, proporcionando os apoios e recursos necesarios (plans de estudos adaptados, adaptacións curriculares, axuste de tempos, persoal...) que dean resposta ao desenvolvemento psicomotor, intelectual, social e afectivo-emocional.
Obxectivo operativo 3.3	Intensificar o apoio na transición entre etapas educativas das persoas con discapacidade especialmente cara ao ensino profesional e universitario.
Obxectivo operativo 3.4	Garantir unha acreditación de estudos para que as persoas con discapacidade teñan máis posibilidades a nivel educativo e laboral.
Obxectivo operativo 3.5	Desenvolver medidas que permitan acadar un incremento de persoas con discapacidade na educación superior.

Obxectivo operativo 3.6	Facilitar a accesibilidade aos centros educativos tanto no contorno como nas propias instalacións, así como medios de transporte adaptado para o alumnado con mobilidade reducida.
Obxectivo operativo 3.7	Impulsar na comunidade educativa o coñecemento, formación e concienciación sobre a discapacidade en todas as súas dimensións e tipoloxías para favorecer a inclusión de todas as persoas no sistema educativo, así como a súa asistencia e permanencia.
Obxectivo operativo 3.8	Potenciar a innovación, a investigación e as boas prácticas en materia de discapacidade e de atención educativa á diversidade.
Obxectivo operativo 3.9	Impulsar a participación de todos os axentes da comunidade e das persoas con discapacidade no seu proceso de inclusión educativa en todos os niveis.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 4 FORMACIÓN E EMPREGO</b>	<b>Obxectivo estratéxico: Facilitar o emprego e a empregabilidade das persoas con discapacidade e apoialas para a busca, obtención, mantemento do posto de traballo e/ou o retorno ao mercado laboral.</b>
Obxectivo operativo 4.1	Promover unha formación para o emprego adaptada ás capacidades e potencialidades das persoas, así como á demanda do mercado de traballo.
Obxectivo operativo 4.2	Aplicar criterios de accesibilidade universal na formación para o emprego cara á eliminación dos atrancos que atopan as persoas con discapacidade.
Obxectivo operativo 4.3	Favorecer o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade tanto nos procesos de selección como nas listas de contratación temporal.
Obxectivo operativo 4.4	Potenciar criterios de accesibilidade universal na administración pública e no sector privado a través do deseño para todas as persoas que garanta as adaptacións requiridas pola persoa con discapacidade que ocupe un posto de traballo.

Obxectivo operativo 4.5	Impulsar a contratación pública e convocatorias de subvencións socialmente responsables.
Obxectivo operativo 4.6	Concienciar o empresariado sobre as capacidades laborais dos homes e das mulleres con discapacidade.
Obxectivo operativo 4.7	Reforzar o apoio ao emprego protexido, especialmente desde a administración pública.
Obxectivo operativo 4.8	Fortalecer as accións de estímulo á contratación de persoas con discapacidade tanto na empresa ordinaria como no terceiro sector.
Obxectivo operativo 4.9	Mellorar os procedementos relativos ao emprego con apoio no sector privado e fomentalo na administración pública.
Obxectivo operativo 4.10	Fortalecer os servizos de orientación e intermediación laboral centrados en actuacións especificamente dirixidas ás mulleres e aos homes con discapacidade que demandan un emprego.
Obxectivo operativo 4.11	Promover o emprendemento das persoas con discapacidade a través de accións de formación, información e motivación.
Obxectivo operativo 4.12	Impulsar o estudo e coñecemento da situación das mulleres e dos homes con discapacidade en relación ao mercado laboral público e privado, así como das súas capacidades e necesidades en materia de formación.
Obxectivo operativo 4.13	Impulsar a participación das persoas con discapacidade en todos os procesos de toma de decisión que lles afecten en relación ao emprego e empregabilidade.

<p>LIÑA ESTRATÉXICA 5 SAÚDE</p>	<p>Obxectivo estratéxico: Acadar unha asistencia integral en igualdade de condicións que o resto da poboación atendendo ás necesidades específicas da persoa con discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.1</p>	<p>Potenciar o desenvolvemento de medidas e programas de prevención nos seus tres niveis (primaria, secundaria e terciaria), así como de detección precoz de enfermidades que causen discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.2</p>	<p>Promover a saúde e hábitos de vida saudables entre as persoas con discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.3</p>	<p>Mellorar a identificación e a diferenciación diagnóstica das patoloxías ou circunstancias (lesións, intoxicacións...) que xeran discapacidade e proporcionar unha adecuada asistencia en función da avaliación interdisciplinaria das súas necesidades.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.4</p>	<p>Fomentar a utilización de servizos adecuados de rehabilitación e a continuidade dos procesos, así como a diversificación de tratamentos ás persoas con discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.5</p>	<p>Desenvolver actuacións encamiñadas á mellora dos procesos de envellecemento das persoas con discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.6</p>	<p>Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos sanitarios tendo en conta o principio de deseño para todas as persoas, que inclúa os servizos de apoio necesarios para a comunicación e a adaptación da información sobre os recursos e servizos sanitarios á discapacidade visual, auditiva e intelectual, así como servizos telefónicos e informáticos accesibles.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.7</p>	<p>Impulsar o estudo e avaliación de necesidades relacionadas coa saúde das mulleres e dos homes con discapacidade.</p>
<p>Obxectivo operativo 5.8</p>	<p>Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas formas e tipoloxías, nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados coa saúde.</p>


Obxectivo operativo 5.9	Reforzar as competencias dos e das profesionais da saúde mediante a dotación de pautas de abordaxe destinadas a mellorar a atención sanitaria, emocional e relacional ás persoas con discapacidade, ás súas familias e/ou contorno inmediato.
Obxectivo operativo 5.10	Desenvolver un marco estable de coordinación e cooperación entre os ámbitos social e sanitario na prestación de servizos ás persoas con discapacidade, impulsando a mellora dos sistemas TIC de rexistro e de intercambio de información entre ambos sistemas de protección.
Obxectivo operativo 5.11	Impulsar a participación das persoas con discapacidade nos procesos de toma de decisión sobre a súa saúde, así como no deseño e desenvolvemento de programas de asistencia sanitaria que lles afecten.
<b>LIÑA ESTRATÉXICA 6 SERVIZOS SOCIAIS</b>	<b>Obxectivo estratéxico:</b> Lograr que o conxunto de intervencións, programas, servizos e prestacións do sistema de servizos sociais dea resposta ás necesidades das persoas con discapacidade e o seu contorno.
Obxectivo operativo 6.1	Potenciar os recursos e promover os modelos de intervención integrais e coordinados centrados na persoa e no seu contorno, de xeito que se dea resposta ás necesidades específicas das persoas con discapacidade.
Obxectivo operativo 6.2	Promover a mellora dos procesos de tramitación de expedientes relacionados cos recursos sociais do ámbito da discapacidade.
Obxectivo operativo 6.3	Establecer mecanismos para garantir a atención social das mulleres e dos homes con discapacidade no medio rural tendo en conta as súas especiais circunstancias de risco de exclusión territorial.
Obxectivo operativo 6.4	Mellorar a accesibilidade das instalacións, do seu contorno e dos equipamentos de servizos sociais a partir do principio de deseño para todas as persoas, incluíndo a adaptación da información sobre os recursos sociais así como dos servizos telefónicos e informáticos.

Obxectivo operativo 6.5	Promover estudos que permitan un coñecemento actualizado das necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias.
Obxectivo operativo 6.6	Reforzar as competencias dos e das profesionais que traballan no ámbito dos servizos sociais para garantir unha axeitada atención e protección social das persoas con discapacidade.
Obxectivo operativo 6.7	Fortalecer a coordinación e cooperación entre profesionais dos servizos sociais comunitarios, especializados e as entidades do terceiro sector para a mellora da calidade dos servizos.
Obxectivo operativo 6.8	Impulsar o coñecemento dos recursos dispoñibles, así como a investigación e a innovación no sistema galego de servizos sociais que acheguen solucións para aumentar a calidade de vida das persoas con discapacidade.
Obxectivo operativo 6.9	Potenciar o coñecemento sobre a discapacidade, as súas causas, formas e tipoloxías nos estudos de formación profesional e universitarios relacionados co ámbito social e de atención ás persoas.
Obxectivo operativo 6.10	Impulsar a avaliación continua dos servizos e a medición do impacto social para favorecer a calidade, a mellora continua e a adaptación das intervencións ás necesidades reais.
Obxectivo operativo 6.11	Impulsar e apoiar a participación das persoas con discapacidade e da rede social de apoio no deseño e desenvolvemento das políticas sociais que lles afectan.





galicia



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA